

Número 10 - Ano 2025

ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

29 de setembro de 2025

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás once horas e trinta e dous minutos do día vinte e nove de setembro de dous mil vinte e cinco; baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, reúnen-se os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial; DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, concelleiro delegado de Urbanismo, Deportes e Xuventude; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, concelleira delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO, concelleiro delegado de Movementos Migratorios; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, concelleiro delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DONA IRIA BUIDE PENA, concelleira delegada de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído o presidente.

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8051291608288781828.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-9-2025

Esta sesión foi convocada por resolución da Alcaldía do 23 de setembro de 2025 e notificada por Secretaría aos membros da Corporación. Non obstante, e por mor do falecemento do concelleiro don Ángel Pablo Permuy Villanueva, en virtude de resolución da Alcaldía do 25 de setembro, trasládase a celebración da dita sesión para o día 29 de setembro de 2025, ás 11:30 horas, conforme á seguinte ORDE DO DÍA:

1/119 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 31 DE XULLO DE 2025.

A) PARTE RESOLUTIVA

MOBILIDADE URBANA E SANCIÓNS

2/120 APROBACIÓN INICIAL DAS TARIFAS QUE HAN DE REXER O SERVIZO DE AUTOTAXIS.

PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ

3/121 ORDENANZA XERAL DO CEMITERIO MUNICIPAL DE MASCOTAS. APROBACIÓN INICIAL.

SECRETARÍA XERAL DO PLENO

4/122 PROPOSTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL AO PLENO PARA NOMEAR PRESIDENTA E SECRETARIA DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE LUGO (2025/G004/000466).

URBANISMO

5/123 CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.

6/124 ESTUDIO DE DETALLE PARA AS PARCELAS EQ2 E EQ3 DO PARQUE EMPRESARIAL DAS GÁNDARAS. APROBACIÓN DE EMENDAS PRESENTADAS.

FACENDA LOCAL

7/125 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL. APROBACIÓN INICIAL.

8/126 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 200, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. APROBACIÓN INICIAL

9/127 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 203, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. APROBACIÓN INICIAL.

10/128 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NÚMERO 406, REGULADORA DO SERVIZO MUNICIPAL DE COMEDOR ESCOLAR NOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARA. APROBACIÓN INICIAL.

INTERVENCIÓN

11/129 MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN 24.E SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DE BENESTAR SOCIAL E MAIORES.

12/130 MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN 24.E SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

13/131 MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN 24.E SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA.

PROPOSICIÓNS

14/132 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, NÚMERO 267/2025 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A VAGA DE LUMES FORESTAIS QUE ASOLOU GALIZA NO MES DE AGOSTO E AS MEDIDAS NECESARIAS PARA EVITAR QUE SE REPITA ESTA CATÁSTROFE MEDIANTE UNHA POLÍTICA DE PREVENCIÓN E UNHA XESTIÓN INTEGRAL DO MEDIO (Exp. 2025/G004/000529).

15/133 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 270/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA IMPEDIR A DESCONEXIÓN DE GALICIA A TRAVÉS DUN PLAN INTEGRAL DE INVESTIMENTOS E MELLORA DA MOBILIDADE NACIONAL E INTERNACIONAL EN GALICIA (Exp. 2025/G004/000541).

16/134 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 271/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTALARLE AO CONCELLO DE LUGO A ACOMETER AS OBRAS DE REPARACIÓN DA PONTE SOBRE O RÍO FERVEDOIRA QUE UNE OS NÚCLEOS DE PEDREDA E RUBIÁS (Exp. 2025/G004/000543).

17/135 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 272/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) EN LUGO (Exp. 2025/G004/000544).

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac8051291608288781828.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-9-2025

18/136 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 273/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUNHA UNIDADE DE PREVENCIÓN E REACCIÓN (UPR) NA COMISARÍA DA POLICÍA NACIONAL DE LUGO (Exp. 2025/G004/000546).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

MOBILIDADE URBANA E SANCIÓN

19/137 DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AUTOTAXIS.

ACTAS E GOBERNO

20/138 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN

TESOURERÍA

21/139 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2025.

22/140 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN

INTERVENCIÓN

23/141 DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE AS RESOLUCIÓN

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 274/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE ASUMAN OS COMPROMISOS ADQUIRIDOS EN RELACIÓN COA DOTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO NO BARRIO DE PIÑEIRO, PARROQUIA DE MUXA.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 275/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE LUGO CONTE CUNHA RÚA OU PRAZA DEDICADA Á "CRUZ ROJA" EN RECOÑECIMENTO AO SEU LABOR HUMANITARIO NA CIDADE .

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 276/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO EMPREGUE OS MECANISMOS AO SEU ALCANCE PARA GARANTIR A LIMPEZA E XESTIÓN DA BIOMASA NAS PISTAS FORESTAIS E FRANXAS SECUNDARIAS.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 277/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE LEVE A CABO UNHA ANÁLISE DA MOBILIDADE PREVISTA XERADA POLA ENTRADA EN FUNCIONAMENTO DA FUTURA ESTACIÓN INTERMODAL DE LUGO.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 278/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA SINATURA DA ESCRITURA PÚBLICA DE PARCELAMENTO E DECLARACIÓN DE OBRA NOVA DAS 15 VIVENDAS UNIFAMILIARES DO BARRIO DA CROA.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 279/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA APERTURA DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA E O ESTADO DE CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 280/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COS TRÁMITES DESTINADOS A QUE LUGO ACADÉ A DECLARACIÓN DE SEDE DA AXENCIA ESTATAL DE SAÚDE PÚBLICA.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 281/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA SITUACIÓN DA INICIATIVA DA CONVOCATORIA DUN CONCURSO DE IDEAS PARA "AVANZAR NA REXENERACIÓN" DO BARRIO DO CARME."

Fóra da orde do día tratáronse as seguintes Declaracións Institucionais:

- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CONTRA A TRATA.

- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO PASAMENTO DO CONCELLEIRO DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA.

Aberto o acto, O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, sinala: Ben, bo día de novo a todos e todas os que non vin. Imos dar comezo a este Pleno, que estaba previsto inicialmente para outro día, e tivemos que aprazar. Eu antes de empezar coa orde do día, gustárame amosar o noso pesar pola marcha do compañeiro Pablo Permuy, un recordo emocionado polo amigo e compañeiro. Eu creo que procede, se vos parece, darlle a palabra, polo menos aos voceiros por se alguén quere comentar algo ao respecto. Despois antes de entrar na orde do día, eu propoñeríavos que gardasemos respectuosamente un minuto de silencio na súa memoria, así que non sei... Elena.

DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas. En nome do Grupo Municipal do Partido Popular, o que podemos É, dende logo, definir como una lexislatura triste, e quero que as miñas palabras tamén sirvan de recordo para a alcaldesa Paula Alvarellos, e ambos que en paz descansen. Unha vez máis desgraciadamente a vida púxosenos a proba e, ben, esta Corporación ten que estar moi por enriba de ningún debate ideolóxico e unírnos, como intentamos facelo sempre, e axudarnos nos momentos de dor, que coa marcha de Pablo tamén o foi. O meu recordo á súa exquisita actitude de respecto e de colaboración co noso grupo e coa miña persoa, e unha mensaxe de afecto e de recoñecemento ao seu breve espazo de tempo pasado por esta Corporación. O noso ofrecemento, como o fixemos no anterior triste capítulo, de posta a disposición para que no proceso de cambio e relevo sempre contedes como unha actitude construtiva, colaboradora e positiva para que afecte da maneira menos posible, á parte da efectiva, ao funcionamento desta Corporación que, evidentemente, exige moito traballo e exige moita entrega. Este grupo sempre vai estar a carón e axudando nos momentos máis difíciles.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Rubén.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Si, grazas, bo día. Eu tamén na mesma liña. A verdade é que estamos a vivir un mandato moi complexo por cuestións de saúde. E simplemente quero lembrar con todo cariño a Pablo que a verdade no persoal foi unha persoa que se gañou o respecto de todas e todos, que se gañou a simpatía creo que de todo o mundo e no político só podo falar ben, só podo dar boas palabras del, creo que dende o primeiro momento na área da que se responsabilizou todas as problemáticas que lle trasladamos tratou de afrontalas da mellor maneira posible coas dificultades evidentes existentes, pero sempre da mellor maneira posible e sempre en positivo. E ese é o recordo co que creo que nós debemos quedar de que intentou mellorar esta cidade, intentou poñer os seus esforzos ao ben común do Concello de Lugo. Iso é moi de agradecer e quero trasladar o meu agradecemento persoal o agradecemento do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e que dende logo que nos lembraremos sempre del.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben. Eu simplemente agradecer esas palabras tan cariñosas e tamén agradecer as innumerables mostras de cariño que recibimos por parte de moita xente. E unicamente destacar esa vocación de servizo inquebrantable que tiña, con esa capacidade de traballo, de xestión, esa rigorosidade e ese bo facer, pero, sobre todo e por encima de todo, a calidade humana que tiña o noso compañeiro Pablo. Esa persoa que todos coñecedes, amable, simpática, próxima, solidaria, que buscaba sempre os consensos, a harmonía, polo tanto creo que había que resaltar precisamente que era amigo dos seus amigos e fundamentalmente unha boa persoa, unha excelente persoa. Por tanto, eu creo que este Concello e esta cidade quedalle eternamente agradecido, vaia para el o noso recordo e propoñemos a todos que gardamos un minuto de silencio na súa memoria.

GÁRDASE UN MINUTO DE SILENCIO.

(Aplausos)

Seguidamente e de orde da presidencia, éntrase no exame da orde do día, adoptándose, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/119 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 31 DE XULLO DE 2025.- Vista a proposta de Secretaría Xeral do 15 de setembro de 2025, do teor literal seguinte:

“O Excmo. Concello Pleno o día 31 de xullo de 2025 celebrou a sesión ordinaria correspondente ao citado mes. Da referida sesión levantouse a correspondente acta que, unha vez incorporadas as intervencións nela producidas, foi asinada pola secretaria xeral do Pleno e polo alcalde presidente da Corporación.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

APROBAR a acta da sesión ordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 31 de xullo de 2025.”

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac8051291608288781828.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-9-2025

- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

APROBAR a acta da sesión ordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 31 de xullo de 2025.

A) PARTE RESOLUTIVA

MOBILIDADE URBANA E SANCIÓN

2/120 APROBACIÓN INICIAL DAS TARIFAS QUE HAN DE REXER O SERVIZO DE AUTOTAXIS.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA SECCIÓN DE MOBILIDADE E SANCIÓN, asinada pola xefa de sección e o tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas o 2 de setembro de 2025, do teor literal seguinte:

“Antecedentes de Feito

Proposta da Asociación de Profesional de Trabaxadores Autónomos de Auto Taxi y Gran Turismo de la Provincia de modificación de tarifas de taxi para o ano 2026 conforme o estudo económico que consta no expediente, do seguinte teor:

TARIFA 1: Días laborais de 6:00 a 22:00 horas

Baixada de bandeira	4,15 €*
Kilómetro percorrido	1,12 €
Hora de espera	20,24€

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 2: Sábados, domingos, festivos e días laborais durante as festas de San Froilán de 6:00 a 22:00 horas.

Baixada de bandeira	4,51 €
Kilómetro percorrido	1,23 €
Hora de espera	20,48 €

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 3: Servizo nocturno de 22:00 a 6:00 horas: sábados, domingos, festivos durante as festas de San Froilán e os días de Nadal e Ano Novo (de 0 a 24 horas)

Servizo nocturno de 22:00 a 6:00 horas.

De 00:00 a 24:00 horas a fin de semana da festividade de Arde Lucus (sábado e domingo), festividade de San Froilán (días 5 e 12 de outubro) e sábados e domingos durante estas festas, e días 25 de decembro e 1 de xaneiro (día de Nadal e Ano Novo).

De 15:00 a 24:00 horas os días 24 e 31 de decembro.

Baixada de bandeira	5,08 €*
Kilómetro percorrido	1,48 €
Hora de espera	25,67 €

* 1.700 m ou tempo equivalente

SUPLEMENTOS

Equipaxe (maleta ou bulto)	0,61 €*
----------------------------	---------

*Primeira maleta/bulto gratuíto.

A Asociación propoñente da modificación descrita baséase en parámetros obtidos dos datos que manexa o propio sector como son o tipo de servizos prestados e kilómetros percorridos. Propoñen un incremento lineal do 2,7% do importe correspondente a tódalas tarifas respecto das autorizadas no 2025 así como unha modificación da Tarifa 3 que sinalan máis axustadas á realidade conforme ó estudo económico presentado e que consta no expediente.

O exame que se achega pola Asociación de Taxis utilizado para o cálculo da reestructuración das tarifas ten en conta gastos de persoal (cálculo de salario anual e titular asalariado e costes de seguridade social) gastos de explotación (IVTM, seguros, cuota de Radiotaxi, garaxe, ITV...), e datos estatísticos (estimación de kilómetros anuais a percorrer, en vacío, en servizo, horas traballadas, número de servizos anuais e outros), gastos do vehículo e estimación de ingresos a percibir coa proposta de modificación.

Para o establecemento das tarifas haberanse de ter en conta varios condicionantes técnicos como son:

1.- As cantidades que marque o contador deben ser múltiplos de 0,05 €, por ser este o valor de paso, é dicir, os saltos do taxímetro deben ter unha resolución de 5 céntimos de euro, e este é un requisito do aparato taxímetro segundo o anexo XI do RD 889/2006, de 21 de xullo polo que se regula o control metereolóxico do Estado sobre os instrumentos de medida. Polo tanto a tarifa “baixada de bandeira” ha de seguir ese criterio.

2.- Os suplementos han de conservar a actual simplificación e adoptar o criterio de valores redondeados coa fin de facilitar a suma á cantidade marcada no taxímetro.

3.- Evolución do IPC.

4.- Mellora na calidade do servizo e o custe que ten para os titulares das licenzas.

5.- Ofrecer ós consumidores un prezo equilibrado.

Tendo en conta o anterior e considerando a proposta presentada, cabe sinalar o seguinte:

- Tarifa 1: Días laborais de 06:00 a 22:00 horas.

A tarifa de baixada de bandeira supón un incremento do 2,47% respecto das tarifas vixentes. Pásase de 4,05 a 4,15€.

Kilómetro percorrido: Supón un incremento dun 1,82% sobre a tarifa vixente pasando de 1,10 a 1,12 €.

Hora de espera: Prodúcese unha modificación respecto ás vixentes, pasando de 16,80 a 20,24€ producíndose un incremento do 20,47%.

- Tarifa 2: Sábados, domingos, festivos, días laborais durante a festa de San Froilán de 06:00 a 22:00 horas.

Baixada de bandeira: Supón un incremento do 2,5% respecto das vixentes pasando de 4,40€ a 4,51€.

Kilómetro percorrido: A tarifa proposta incrementase nun 2,5% respecto das actuais pasando de 1,10 a 1,23€.

Hora de espera: A tarifa proposta pasa de 19,95 a 20,48€ respecto ás vixentes, polo que se incrementa nun 2,66%.

- Tarifa 3: Servizo nocturno de 22:00 a 6:00 horas: sábados, domingos, festivos durante as festas de San Froilán e días de Nadal e Ano Novo (de 0 a 24:00 horas)

Baixada de bandeira: Incrementase nun 2,63% respecto das vixentes pasando de 4,95 a 5,08€.

Kilómetro percorrido: Pasa de 1,45 a 1,48€ o que supón un incremento dun 2,63%.

Hora de espera: Incrementase de 25,00 a 25,67 € o que supón unha subida dun 2,68%.

Suplementos (equipaxe-maleta ou bulto): Propónse unha tarifa de 0,61€ con gratuidade para a primeira maleta ou bulto, supoñendo un incremento dun 1,67%.

A asociación propón a inclusión na tarifa 3 da fin de semana do Arde lucus (sábado e domingo), os sábados e domingos durante as festas de San Froilán, e os días de Noite Boa e Fin de Ano de 15:00 a 24:00 horas.

Normativa de aplicación:

- Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos turismo de Galicia, modificada pola Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais, administrativas que regula o réxime económico do servizo de taxi.

Art: 40. 1: “A prestación do servizos de taxi está suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias que deberán garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización, e permitirán unha axeitada amortización e un razoable beneficio industrial.”

Art: 40.4: “As tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi serán fixadas polos concellos ou no seu caso polas entidades competentes das áreas de prestación conxunta. Estas tarifas serán de aplicación aos servizos interurbanos, no tramo que discorra polo termo municipal de orixe do transporte. Fóra deste, aplicaranse as tarifas interurbanas que serán fixadas pola consellería competente en materia de transportes da Xunta de Galicia. Para fixar as referidas tarifas será preceptivo dar audiencia, previa á súa aprobación, ao Consello Galego de Transportes, para solicitar as condicións que estime pertinentes. En todo caso, a aprobación das tarifas está suxeita á lexislación vixente en materia de prezos.”

-Lei 7/1996, do 7 de xuño, de Medidas urxentes de carácter fiscal e fomento e liberalización da actividade económica (disposición final, Anexo II)

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

- Decreto 230/2020, do 23 de decembro polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia.

- Decreto 106/1984, do 24 de maio, polo que se modifica e regula a composición e funcións da Comisións de Prezos de Galicia.

En base ó anterior, PROPÓNSE, que polo Excmo. Concello Pleno se adopten os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar, inicialmente as seguintes tarifas que han de rexer o servizo de autotaxis:

TARIFA 1: Días laborais de 6:00 a 22:00 horas

Baixada de bandeira	4,15 €*
Kilómetro percorrido	1,12 €
Hora de espera	20,24€

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 2: sábados, domingos, festivos e días laborais durante as festas de San Froilán de 6 a 22 horas.

Baixada de bandeira	4,51 €*
Kilómetro percorrido	1,23 €
Hora de espera	20,48€

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac8051291608288781828.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-9-2025

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 3: Servizo nocturno de 22 a 6 horas; de 0 a 24:00 horas a fin de semana de Arde lucus (sábado e domingo), de 0 a 24:00 horas os días 5 e 12 de outubro e sábados e domingos durante as festas de San Froilán e de 15:00 a 24:00 horas os días 24 e 31 de decembro e de 0 a 24:00 horas os días de Nadal e Ano Novo.

Baixada de bandeira	5,08 €*
Kilómetro percorrido	1,48 €
Hora de espera	25,67 €

* 1.700 m ou tempo equivalente

SUPLEMENTOS

Equipaxe (maleta ou bulto)	0,61 €
----------------------------	--------

*Primeira maleta de man ou bulto gratuíto.

SEGUNDO: A vixencia das tarifas aprobadas para o ano 2026, manterase ata a súa modificación polo procedemento legal e regulamentariamente establecido.

TERCEIRO: Dar traslado da proposta de modificación das tarifas de taxi presentada pola Asociación Profesional de Traballadores Autónomos de Autotaxi e Gran Turismo da Provincia de Lugo ás asociacións profesionais de traballadores e empresarios do taxi e ás de consumidores e usuarios, así como ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para que, en trámite de audiencia e información pública e por un prazo de quince días hábiles, os interesados poidan formular cantas alegacións e suxerencias teñan por conveniente.

CUARTO: De non presentar alegacións ou suxestións no prazo de audiencia, dar traslado de dita proposta de modificación das tarifas ó CONSELLO GALEGO DE TRANSPORTES para que en audiencia preceptiva e previa á aprobación polo Excmo. Concello Pleno, expoña as consideracións que estime pertinentes para a súa posterior remisión á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para autorización dos prezos máximos do servizo de transporte en taxi.”

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Ordinaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas, celebrada o día 18 de setembro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido

Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- Votos en contra: 0
- Abstencións: 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar, inicialmente as seguintes tarifas que han de rexer o servizo de autotaxis:

TARIFA 1: Días laborais de 6:00 a 22:00 horas

Baixada de bandeira	4,15 €*
Kilómetro percorrido	1,12 €
Hora de espera	20,24€

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 2: sábados, domingos, festivos e días laborais durante as festas de San Froilán de 6 a 22 horas.

Baixada de bandeira	4,51 €*
Kilómetro percorrido	1,23 €
Hora de espera	20,48€

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 3: Servizo nocturno de 22 a 6 horas; de 0 a 24:00 horas a fin de semana de Arde lucus (sábado e domingo), de 0 a 24:00 horas os días 5 e 12 de outubro e sábados e domingos durante as festas de San Froilán e de 15:00 a 24:00 horas os días 24 e 31 de decembro e de 0 a 24:00 horas os días de Nadal e Ano Novo.

Baixada de bandeira	5,08 €*
Kilómetro percorrido	1,48 €
Hora de espera	25,67 €

* 1.700 m ou tempo equivalente

SUPLEMENTOS

Equipaxe (maleta ou bulto)	0,61 €
----------------------------	--------

*Primeira maleta de man ou bulto gratuíto.

SEGUNDO: A vixencia das tarifas aprobadas para o ano 2026, manterase ata a súa modificación polo procedemento legal e regulamentariamente establecido.

TERCEIRO: Dar traslado da proposta de modificación das tarifas de taxi presentada pola Asociación Profesional de Traballadores Autónomos de Autotaxi e Gran Turismo da Provincia de Lugo ás asociacións profesionais de traballadores e empresarios do taxi e ás de consumidores e usuarios, así como ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para que, en trámite de audiencia e información pública e por un prazo de quince días hábiles, os interesados poidan formular cantas alegacións e suxerencias teñan por conveniente.

CUARTO: De non presentar alegacións ou suxestións no prazo de audiencia, dar traslado de dita proposta de modificación das tarifas ó CONSELLO GALEGO DE TRANSPORTES para que en audiencia preceptiva e previa á aprobación polo Excmo. Concello Pleno, expoña as consideracións que estime pertinentes para a súa posterior remisión á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para autorización dos prezos máximos do servizo de transporte en taxi.

PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ

3/121 ORDENANZA XERAL DO CEMITERIO MUNICIPAL DE MASCOTAS. APROBACIÓN INICIAL.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DO SERVIZO DE PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ, asinada pola xefa do servizo e pola tenenta de alcalde delegada da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza, o 15 de setembro de 2025, do teor literal seguinte:

“Con relación ao expediente relativo á aprobación da Ordenanza reguladora do Cemiterio Municipal de Mascotas, e en orde á súa resolución cómpre tomar en consideración os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1. Necesidade de arbitrar a normativa municipal reguladora do uso e réxime xurídico do Cemiterio Municipal de Mascotas, espazo recentemente construído e de pronta inauguración, destinado a depósito de cinzas e recordo das mascotas coas que, cada vez un maior número de persoas comparten a súa vida.
2. Consulta pública sobre o particular, formulada desde a Área de Participación e Servizos para a Veciñanza, ao abeiro do disposto no artigo 133 da Lei 30/2015, do 2 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións públicas, co fin de recabar a opinión da cidadanía e organizacións ou asociacións máis representativas que puideran resultar afectados pola devandita norma.
3. Informe do Rexistro municipal de data 4/07/2025 indicativo de durante o prazo de consulta pública non constan rexistradas alegacións ao expediente.

4. Memoria xustificativa de data 8/07/2025, elaborada polo Servizo de Participación e Atención cidadá, segundo o disposto nos artigos 128 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, da que se desprenden os aspectos que fundamentan a necesidade da elaboración da Ordenanza reguladora do Cemiterio Municipal de Mascotas, así como a súa adecuación aos principios de boa regulación.

5. Informe da Asesoría Xurídica Municipal, de carácter preceptivo, emitido con data do 16/07/2025, indicativo de que “analizado o articulado do proxecto de ordenanza que se remite, consideramos que se axusta ás determinacións legais e no seu contido non se aprecia infracción do ordenamento xurídico”.

6. Informe da Secretaría Xeral do Pleno, de carácter preceptivo, emitido con data do 23/07/2025 que nas súas conclusións considerase que se seguiu o procedemento establecido para a aprobación da Ordenanza, sendo competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de ordenanza, de conformidade co disposto nos artigos 127.1 e 123.1d) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

7. Acordo 2/305 do 30-07-2025, polo que se procede á aprobación do proxecto da Ordenanza Xeral do Cemiterio de Mascotas do Concello De Lugo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local que nos seus artigos 49 e seguintes determinan o procedemento de aprobación das ordenanzas locais.

Real decreto Lexislativo 781/86, do 18 de abril polo que se aproba o Texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, de aplicación ao procedemento administrativo que culmina no exercicio da potestade regulamentaria por parte da entidade, fundamentalmente no preceptos contidos no seu Título VI.

Á vista dos antecedentes expostos e tomando en consideración os fundamentos xurídicos de aplicación, a asinante, Xefa de Servizo de Participación e Atención cidadá, coa conformidade da Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza, proponlle ao Excmo. Concello Pleno que no uso das competencias atribuídas polo artigo 123.1.d) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, adopte o seguinte acordo:

Primeiro. Proceder á aprobación inicial da Ordenanza Xeral do Cemiterio Municipal de Mascotas, na súa redación contida no proxecto aprobado polo acordo 2/305 da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o 30-07-2025, cuxo texto se recolle a continuación:

“ORDENANZA XERAL DO CEMITERIO DE MASCOTAS DO CONCELLO DE LUGO

Artigo 1: Obxecto

É obxecto da presente Ordenanza a regulación do uso do Cemiterio Municipal de Mascotas do Concello de Lugo, no marco sanitario e ambiental establecido pola normativa en vigor.

O Cemiterio Municipal de Mascotas defínese como un ben de dominio público coa calificación de ben de servizo público e está destinado con carácter exclusivo ao depósito de cinzas de mascotas segundo o estipulado no artigo 4 do presente Ordenanza, non admitíndose en ningún caso o enterramento de restos biolóxicos de ningún espécimen deste xénero.

Artigo 2: Ámbito e normativa de aplicación

As disposicións contidas na presente ordenanza serán de aplicación aos servizos, usos e actividades realizadas dentro do recinto do cemiterio de mascotas.

Nos aspectos non regulados pola presente Ordenanza seralles de aplicación a normativa autonómica, medioambiental ou de carácter sanitario atinente na materia.

Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Lei 6/2023, do 2 de novembro, do Patrimonio da CCAA de Galicia.

Lei 33/2003, do 3 de novembro do Patrimonio das Administracións públicas.

Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e benestar dos animais

Ordenanzas Fiscais de aplicación.

Artigo 3: Localización e instalacións

O Cemiterio Municipal de Mascotas do Concello de Lugo está ubicado no Camiño de Fontao (Esperante), s/n, perto do Cemiterio Municipal de San Froilán.

Conta coas seguintes instalacións:

- Nichos individuais para urnas de cinzas.
- Cinceiro xeral de mascotas.

Artigo 4: Destinatarios do servizo

O cemiterio de mascotas ten por obxecto o depósito de cinzas de animais de compañía, é dicir, cans, gatos e huróns, así como aqueles outros que figuren incluídos na listaxe positiva de animais de compañía, creada a teor do disposto no artigo 35 da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e benestar dos animais.

Artigo 5: Horario das instalacións

O recinto será accesible para a celebración de actos de despedida, depósito ou retirada de cinzas ou para visitas das persoas usuarias durante o mesmo horario que o cemiterio municipal de San Froilán, cun marxe horario de 00:30 h na saída, para evitar simultaneidade nas tarefas de peche de instalacións.

Artigo 6: Uso das instalacións

O uso das instalacións do cemiterio de mascotas rexerase polo establecido no presente Ordenanza e demais normativa de aplicación, debéndose gardar en todo momento o respecto e consideración debidos a este espazo.

Estará sometido ás taxas polos diferentes usos e actuacións segundo o disposto na Ordenanza fiscal de aplicación para cada exercicio económico.

As instalacións e recinto do Cemiterio Municipal de Mascotas só poderán ser utilizadas para o depósito e retirada de cinzas das mascotas previstas no artigo 4 do presente Ordenanza e non permitirá a colocación de obxectos ou placas en espazos comúns, fóra dos lugares autorizados.

Para o depósito nos columbarios do recinto, as cinzas deberán ir sempre contidas en furna.

O depósito de cinzas no cinceiro xeral de mascotas realizarase directamente, sen furna.

Artigo 7: Modo de xestión

O Cemiterio Municipal de Mascotas, é xestionado de modo directo pola administración municipal.

As unidades de enterramento/nichos/columbarios, serán outorgados en concesión administrativa por un periodo de cinco anos, con posibilidade de prórroga por un único periodo de igual duración.

Artigo 8: Concesións administrativas

A solicitude para ser titular de concesión administrativa de columbario no Cemiterio Municipal de Mascotas, deberá ser formulada por persoa titular de mascota, sendo requisitos para acceder á condición de persoas concesionarias:

- Ser residente no Concello de Lugo
- Estar ao día nas débedas tributarias
- Xustificar a condición de titular de mascota.

O período de duración da concesión administrativa será de cinco anos podendo ser prorrogada por un novo único período de igual duración.

A renovación deberá ser solicitada tres meses antes do fin de vixencia.

No caso de que por parte da persoa titular non se solicite a renovación no prazo indicado e logo da tramitación do expediente regulamentario, será declarada a caducidade da concesión e o nicho será baleirado e disposto para a súa nova concesión. As cinzas depositadas serán trasladadas para o cinceiro xeral de mascotas.

Artigo 9 : Obrigas do Concello

Son obrigas do Concello:

- O coidado, limpeza e acondicionamento das instalacións comúns existentes no cemiterio.
- A prestación dos servizos, conforme ás normas reguladoras dos mesmos e tralo pagamento das taxas correspondentes.
- A observancia de cantas medidas hixiénico-sanitarias se establezan legalmente.
- A xestión das concesións e do uso do recinto e da prestación do servizo nos termos previstos na presente Ordenanza.

Artigo 10: Obrigas das persoas concesionarias

Son obrigas da persoa concesionaria:

- Manter a unidade de enterramento en perfectas condicións, sendo pola súa conta as reparacións a que haxa lugar polo uso normal da instalación, segundo o procedemento que o Concello estableza.
- Facer efectivas as taxas pola pretación de servizos que se soliciten no cemiterio de mascotas.
- Para a colocación de adobíos ou mensaxes de recordo nas lápidas dos columbarios ou unidades de enterramento, deberanse seguir estrictamente as normas procedimentais establecidas polo Concello.

Artigo 11: Cambio de titularidade

No caso de falecemento da persoa concesionaria, a súa comunidade hereditaria deberá solicitar no prazo de SEIS MESES o cambio da titularidade da concesión da unidade de enterramento polo tempo que reste ata a finalización do período concesional xunto coa súa prórroga única.

Para o/a novo/a titular deberá achegar xustificación da súa condición de herdeiro/a.

No caso de que existan varios/as herdeiros/as, deberase achegar unha declaración responsable na cal designen a un/unha única titular.

Artigo 12: Extinción da titularidade

Transcorrido o período de concesión, sen que fose solicitada a renovación no prazo establecido no artigo 8 do presente Ordenanza, será declarada a caducidade e as cinzas depositadas serán trasladadas para o cinceiro xeral de mascotas.

Asimesmo, extinguirase cando, transcorrido SEIS MESES do falecemento da persoa titular, non fose solicitado o cambio de titularidade da concesión.

Artigo 13: Efectos da extinción

Extinguida a concesión ou ben declarada a súa caducidade, a unidade de enterramento deberá ser preparada para a o seu novo outorgamento, polo que se

procederá á retirada das cinzas depositadas que serán trasladadas para o cinceiro xeral de mascotas.

Artigo 14: Depósito de cinzas

Consiste na introdución das cinzas coa súa furna, na unidade de enterramento adxudicada ou ben no depósito directo, sen furna, no cinceiro xeral de mascotas.

A solicitude para o enterramento debe ir acompañada de certificado de incineración expedido pola unidade de cremación.

2. Si para efectuar un novo enterramento fose preciso retirar furnas depositadas con anterioridade, actuarase conforme o disposto no artigo 15.2

Artigo 15: Retirada de cinzas

1. A persoa titular da concesión, previa acreditación de tal condición, poderá instar a retirada da furna coas cinzas da mascota.

Para iso deberá formular a solicitude de acordo co procedemento establecido, que poderá achegar por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Concluído o trámite indicáráselle data e hora na cal o persoal municipal procederá a realizar a retirada e entrega da furna coas cinzas.

2. No caso de que a unidade de enterramento estea ocupada e sexa preciso o seu baleirado para un novo enterramento, a persoa titular deberá solicitar a retirada das cinzas e seu traslado para o cinceiro xeral de mascotas.

Artigo 16. Normas de Respetto e Comportamento

- O comportamento e uso deste espazo debe rexirse por normas cívicas de respecto e convivencia, a fin de garantir o disfrute e benestar do conxunto de persoas usuarias.
- As persoas visitantes deberán manter unha actitude respectuosa evitando ruídos innecesarios e accións que poidan alterar a paz do espazo.
- As mascotas que os acompañen deberán ir sempre baixo o control dunha persoa maior de idade e suxeitas con correa.
- Os seus excrementos deben ser recollidos polos seus propietarios/as ou persoas que os acompañen.
- Os seus ouriños tamén deben ser limpados das fachadas, instalacións ou mobiliario urbano, con auga ou métodos que garantan a limpeza do lugar.

Disposición final

Esta Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP".

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8051291608288781828.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-9-2025

Segundo. Ordear a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, Taboleiro de edictos e Portal de transparencia municipal.

Terceiro. Someter o expediente ao trámite de información pública e audiencia ás persoas interesadas por un prazo de TRINTA DÍAS contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/85 reguladora das bases do Réxime local.

Durante o prazo indicado as persoas interesadas poderán formular cantas reclamacións e suxestións estimen oportunas, que poderán achegar por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, LPACAP.

Cuarto. O texto completo poderá ser consultado en sede física, nas oficinas de cemiterio municipal, e estará a disposición igualmente no Taboleiro municipal e Portal de Transparencia municipal.

Quinto. Transcorrido o prazo de exposición pública o Excmo. Pleno resolverá as alegacións presentadas, mediante as modificacións ou incorporacións que proceda ao texto inicial, e procederá a aprobación definitiva.

No caso de non achegarse alegacións entenderase elevado a definitivo o texto inicial e aprobado sen necesidade de novo acordo plenario.

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e Ordinaria de Participación e Servizos para a Veciñanza, celebrada o 18 de setembro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Xeral do Cemiterio Municipal de Mascotas, na súa redacción contida no proxecto aprobado polo acordo 2/305 da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o 30-07-2025, cuxo texto se recolle a continuación:

“ORDENANZA XERAL DO CEMITERIO DE MASCOTAS DO CONCELLO DE LUGO

Artigo 1: Obxecto

É obxecto da presente Ordenanza a regulación do uso do Cemiterio Municipal de Mascotas do Concello de Lugo, no marco sanitario e ambiental establecido pola normativa en vigor.

O Cemiterio Municipal de Mascotas defínese como un ben de dominio público coa calificación de ben de servizo público e está destinado con carácter exclusivo ao depósito de cinzas de mascotas segundo o estipulado no artigo 4 do presente Ordenanza, non admitíndose en ningún caso o enterramento de restos biolóxicos de ningún espécimen deste xénero.

Artigo 2: Ámbito e normativa de aplicación

As disposicións contidas na presente ordenanza serán de aplicación aos servizos, usos e actividades realizadas dentro do recinto do cemiterio de mascotas.

Nos aspectos non regulados pola presente Ordenanza seralles de aplicación a normativa autonómica, medioambiental ou de carácter sanitario atinente na materia.

Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Lei 6/2023, do 2 de novembro, do Patrimonio da CCAA de Galicia.

Lei 33/2003, do 3 de novembro do Patrimonio das Administracións públicas.

Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e benestar dos animais

Ordenanzas Fiscais de aplicación.

Artigo 3: Localización e instalacións

O Cemiterio Municipal de Mascotas do Concello de Lugo está ubicado no Camiño de Fontao (Esperante), s/n, perto do Cemiterio Municipal de San Froilán.

Conta coas seguintes instalacións:

- Nichos individuais para furnas de cinzas.
- Cinceiro xeral de mascotas.

Artigo 4: Destinatarios do servizo

O cemiterio de mascotas ten por obxecto o depósito de cinzas de animais de compañía, é dicir, cans, gatos e huróns, así como aqueles outros que figuren incluídos na listaxe positiva de animais de compañía, creada a teor do disposto no artigo 35 da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e benestar dos animais.

Artigo 5: Horario das instalacións

O recinto será accesible para a celebración de actos de despedida, depósito ou retirada de cinzas ou para visitas das persoas usuarias durante o mesmo horario que o cemiterio municipal de San Froilán, cun marxe horario de 00:30 h na saída, para evitar simultaneidade nas tarefas de peche de instalacións.

Artigo 6: Uso das instalacións

O uso das instalacións do cemiterio de mascotas rexerase polo establecido no presente Ordenanza e demais normativa de aplicación, debéndose gardar en todo momento o respecto e consideración debidos a este espazo.

Estará sometido ás taxas polos diferentes usos e actuacións segundo o disposto na Ordenanza fiscal de aplicación para cada exercicio económico.

As instalacións e recinto do Cemiterio Municipal de Mascotas só poderán ser utilizadas para o depósito e retirada de cinzas das mascotas previstas no artigo 4 do presente Ordenanza e non permitirá a colocación de obxectos ou placas en espazos comúns, fóra dos lugares autorizados.

Para o depósito nos columbarios do recinto, as cinzas deberán ir sempre contidas en urna.

O depósito de cinzas no cinceiro xeral de mascotas realizarase directamente, sen urna.

Artigo 7: Modo de xestión

O Cemiterio Municipal de Mascotas, é xestionado de modo directo pola administración municipal.

As unidades de enterramento/nichos/columbarios, serán outorgados en concesión administrativa por un periodo de cinco anos, con posibilidade de prórroga por un único periodo de igual duración.

Artigo 8: Concesións administrativas

A solicitude para ser titular de concesión administrativa de columbario no Cemiterio Municipal de Mascotas, deberá ser formulada por persoa titular de mascota, sendo requisitos para acceder á condición de persoas concesionarias:

- Ser residente no Concello de Lugo
- Estar ao día nas débedas tributarias
- Xustificar a condición de titular de mascota.

O período de duración da concesión administrativa será de cinco anos podendo ser prorrogada por un novo único período de igual duración.

A renovación deberá ser solicitada tres meses antes do fin de vixencia.

No caso de que por parte da persoa titular non se solicite a renovación no prazo indicado e logo da tramitación do expediente regulamentario, será declarada a caducidade da concesión e o nicho será baleirado e disposto para a súa nova

concesión. As cinzas depositadas serán trasladadas para o cinceiro xeral de mascotas.

Artigo 9 : Obrigas do Concello

Son obrigas do Concello:

- O coidado, limpeza e acondicionamento das instalacións comúns existentes no cemiterio.
- A prestación dos servicios, conforme ás normas reguladoras dos mesmos e tralo pagamento das taxas correspondentes.
- A observancia de cantas medidas hixiénico-sanitarias se establezan legalmente.
- A xestión das concesións e do uso do recinto e da prestación do servizo nos termos previstos na presente Ordenanza.

Artigo 10: Obrigas das persoas concesionarias

Son obrigas da persoa concesionaria:

- Manter a unidade de enterramento en perfectas condicións, sendo pola súa conta as reparacións a que haxa lugar polo uso normal da instalación, segundo o procedemento que o Concello estableza.
- Facer efectivas as taxas pola pretación de servizos que se soliciten no cemiterio de mascotas.
- Para a colocación de adobíos ou mensaxes de recordo nas lápidas dos columbarios ou unidades de enterramento, deberanse seguir estritamente as normas procedimentais establecidas polo Concello.

Artigo 11: Cambio de titularidade

No caso de falecemento da persoa concesionaria, a súa comunidade hereditaria deberá solicitar no prazo de SEIS MESES o cambio da titularidade da concesión da unidade de enterramento polo tempo que reste ata a finalización do período concesional xunto coa súa prórroga única.

Para o/a novo/a titular deberá achegar xustificación da súa condición de herdeiro/a.

No caso de que existan varios/as herdeiros/as, deberase achegar unha declaración responsable na cal designen a un/unha única titular.

Artigo 12: Extinción da titularidade

Transcorrido o período de concesión, sen que fose solicitada a renovación no prazo establecido no artigo 8 do presente Ordenanza, será declarada a caducidade e as cinzas depositadas serán trasladadas para o cinceiro xeral de mascotas.

Asimesmo, extinguirase cando, transcorrido SEIS MESES do falecemento da persoa titular, non fose solicitado o cambio de titularidade da concesión.

Artigo 13: Efectos da extinción

Extinguida a concesión ou ben declarada a súa caducidade, a unidade de enterramento deberá ser preparada para a o seu novo outorgamento, polo que se procederá á retirada das cinzas depositadas que serán trasladadas para o cinceiro xeral de mascotas.

Artigo 14: Depósito de cinzas

Consiste na introdución das cinzas coa súa furna, na unidade de enterramento adxudicada ou ben no depósito directo, sen furna, no cinceiro xeral de mascotas.

A solicitude para o enterramento debe ir acompañada de certificado de incineración expedido pola unidade de cremación.

2. Si para efectuar un novo enterramento fose preciso retirar furnas depositadas con anterioridade, actuarase conforme o disposto no artigo 15.2

Artigo 15: Retirada de cinzas

1. A persoa titular da concesión, previa acreditación de tal condición, poderá instar a retirada da furna coas cinzas da mascota.

Para iso deberá formular a solicitude de acordo co procedemento establecido, que poderá achegar por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Concluído o trámite indicaráselle data e hora na cal o persoal municipal procederá a realizar a retirada e entrega da furna coas cinzas.

2. No caso de que a unidade de enterramento estea ocupada e sexa preciso o seu baleirado para un novo enterramento, a persoa titular deberá solicitar a retirada das cinzas e seu traslado para o cinceiro xeral de mascotas.

Artigo 16. Normas de Respetto e Comportamento

- O comportamento e uso deste espazo debe rexirse por normas cívicas de respecto e convivencia, a fin de garantir o disfrute e benestar do conxunto de persoas usuarias.
- As persoas visitantes deberán manter unha actitude respectuosa evitando ruídos innecesarios e accións que poidan alterar a paz do espazo.
- As mascotas que os acompañen deberán ir sempre baixo o control dunha persoa maior de idade e suxeitas con correa.
- Os seus excrementos deben ser recollidos polos seus propietarios/as ou persoas que os acompañen.
- Os seus ouriños tamén deben ser limpados das fachadas, instalacións ou mobiliario urbano, con auga ou métodos que garantan a limpeza do lugar.

Disposición final

Esta Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP".

SEGUNDO.- Ordear a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, Taboleiro de edictos e Portal de transparencia municipal.

TERCEIRO.- Someter o expediente ao trámite de información pública e audiencia ás persoas interesadas por un prazo de TRINTA DÍAS contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/85 reguladora das bases do Réxime local.

Durante o prazo indicado as persoas interesadas poderán formular cantas reclamacións e suxestións estimen oportunas, que poderán achegar por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, LPACAP.

CUARTO.- O texto completo poderá ser consultado en sede física, nas oficinas de cemiterio municipal, e estará a disposición igualmente no Taboleiro municipal e Portal de Transparencia municipal.

QUINTO.- Transcorrido o prazo de exposición pública o Excmo. Pleno resolverá as alegacións presentadas, mediante as modificacións ou incorporacións que proceda ao texto inicial, e procederá a aprobación definitiva.

No caso de non achegarse alegacións entenderase elevado a definitivo o texto inicial e aprobado sen necesidade de novo acordo plenario.

SECRETARÍA XERAL DO PLENO

4/122 PROPOSTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL AO PLENO PARA NOMEAR PRESIDENTA E SECRETARIA DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE LUGO (2025/G004/000466).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, asinada pola secretaria xeral do Pleno e polo alcalde presidente, do seguinte teor literal:

“Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

A) Acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de xullo de 2025, que é do seguinte teor:

"1/304 RENUNCIA DO PRESIDENTE E DA SECRETARIA DO TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE LUGO E NOMEAMENTO DE SUBSTITUTOS/AS (2025/G004/000440).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da secretaria xeral do Pleno, conformado pola tenenta de alcalde da Área de Cohesión Territorial, por suplencia do tenente de alcalde delegado da Área de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, do 23 de xullo de 2025, cuxa parte expositiva é do seguinte teor:

"Ante o volume de traballo do servizo de Persoal e de conformidade coa orde verbal da tenenta de alcalde da Área de Cohesión Territorial, dirixida á secretaría xeral, segundo a cal procede a tramitación urxente destes nomeamentos co fin de non demorar os cometidos deste órgano colexiado, e vistos:

a) O Decreto 4936/2025, do 20 de maio, ditado pola tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, por substitución do tenente de alcalde delegado da Área de Xestión de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude que, na súa parte resolutiva -entre outros supostos- acorda aceptar a renuncia por escrito presentada polo presidente e pola secretaria do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Lugo (nomeados por acordo 4/130, do Pleno do 31-10-2019 e prorrogados os nomeamentos por acordo 3/126 do Pleno do 26-10-2023) e, en consecuencia, proceder á iniciación do expediente de nomeamentos para estes cargos.

b) Anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 121, do xoves 29 de maio de 2025, relativo á convocatoria e requisitos para proceder aos ditos nomeamento, formulando solicitude de participación no dito proceso as seguintes aspirantes:

Dona María Luisa Vila Fernández, número de rexistro de entrada no Concello de Lugo 202599900013799, do 12 de xuño de 2025.

Dona Tamara Graña Lamazares, número de rexistro de entrada no Concello de Lugo 202599900014004, do 16 de xuño de 2025.

Ambas as dúas aspirantes cumpren os requisitos e achegan documentación e currículos aos que se pode acceder, previa petición, nos expedientes 2025/O023/001109 e 2025/O023/001111."

A Xunta de Goberno Local, en uso da atribución que lle confire o artigo artigo 5.3 do Regulamento Orgánico do Tribunal Económico Administrativo, con base na referida proposta -previa a súa elevación ao Pleno- e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Tomar razón das renuncias presentadas polo presidente e secretaria, respectivamente, do referido Tribunal, don Emilio Justo Fernández Pita, licenciado en dereito e Xefe do Servizo de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección da Deputación Provincial de Lugo e dona Ana Tabarés Martínez,

licenciada en dereito e Técnica de Administración Xeral do Concello de Lugo Grupo A1 (rama xurídica).

Segundo.- Propoñer os seguintes nomeamentos para os cargos de Presidenta e Secretaria do Tribunal Económico Administrativo, co seguinte detalle:

Presidenta: dona Tamara Graña Lamazares, licenciada en Dereito e en Administración e Dirección de Empresas, ambas pola Universidade Pontificia de Comillas (ICADE), técnica de xestión (A2) do Concello de Lugo, en excedencia voluntaria polo desempeño interino do posto de técnica de administración xeral (A1) no servizo de Licenzas deste mesmo concello.

Secretaria: dona María Luisa Vila Fernández, licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade Comercial de Deusto, técnica de xestión (A2) e xefa de sección de fiscalización previa e función interventora neste concello.

Terceiro.- O Tribunal Económico Administrativo quedará, polo tanto, coa seguinte composición -indicando ademais que o mandato dos seus membros finalizará o día 26 de outubro de 2027-:

Presidenta: dona Tamara Graña Lamazares, licenciada en Dereito e en Administración e Dirección de Empresas e técnica de administración xeral (A1) interina, no servizo de Licenzas.

Vogal: don Pedro Fernández Augusti, licenciado en ciencias económicas e empresariais, técnico (A2) xefe de servizo de Control Financeiro no servizo de Intervención do Concello de Lugo.

Secretaria: dona María Luisa Vila Fernández, licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais, técnica de xestión (A2) e xefa de sección de fiscalización previa e función interventora neste concello.

Membro suplente: dona María Jesús López Vázquez, licenciada en Administración e Dirección de Empresas, e técnica de Administración Xeral, xefa do Servizo de Fomento do Concello de Lugo.

Cuarto.- Os membros do Tribunal Económico Administrativo deberán absterse de participar no estudo e resolución daqueles expedientes cando concorran conflitos de intereses.

Quinto.- A dedicación das persoas designadas non será nin plena nin parcial, senón que terá as características previstas no artigo 6.4 do citado Regulamento, sendo compatibles co desempeño das prazas e postos de traballo dos que son titulares, e a compensación económica polo desempeño dos cargos para os que son nomeados revestirá a modalidade de axudas de custo por asistencia ás reunións que celebre o dito tribunal, na contía que se estableza nas bases de execución do presuposto da Corporación municipal.

Sexto.- Da resolución final que se adopte daráselle traslado ao servizo de Persoal para continuar coa tramitación do expediente.”

B) Informe da secretaria xeral do Pleno, do 30 de xullo de 2025, segundo o cal:

“Logo das renuncias presentadas polo presidente e a secretaria do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Lugo, don Emilio Justo Fernández Pita e dona Ana Tabarés Martínez, respectivamente, renuncias encadradas dentro do disposto no artigo 137.4.a) [a petición propia] da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, a funcionaria que subscribe, en exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 122.5.e) do mesmo texto legal e de conformidade co disposto no artigo 5.1 do Regulamento orgánico do referido tribunal, ten o deber de informar que os novos nomeamentos deberán contar co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.”

A Xunta de Goberno, en virtude do disposto no artigo 5.3 do Regulamento Orgánico do Tribunal Económico Administrativo, **PROPONLLE** ao Pleno, logo do ditame previo da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria de Xestión de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Tomar razón das renuncias presentadas polo presidente e secretaria, respectivamente, do referido Tribunal, don Emilio Justo Fernández Pita, licenciado en dereito e Xefe do Servizo de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección da Deputación Provincial de Lugo e dona Ana Tabarés Martínez, licenciada en dereito e Técnica de Administración Xeral do Concello de Lugo Grupo A1 (rama xurídica).

Segundo.- Nomear para os cargos de Presidenta e Secretaria do Tribunal Económico Administrativo, ás seguintes persoas:

Presidenta: dona Tamara Graña Lamazares, licenciada en Dereito e en Administración e Dirección de Empresas, ambas pola Universidade Pontificia de Comillas (ICADE), técnica de xestión (A2) do Concello de Lugo, en excedencia voluntaria polo desempeño interino do posto de técnica de administración xeral (A1) no servizo de Licenzas deste mesmo concello.

Secretaria: dona María Luisa Vila Fernández, licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade Comercial de Deusto, técnica de xestión (A2) e xefa de sección de fiscalización previa e función interventora neste concello.

Terceiro.- O Tribunal Económico Administrativo quedará, polo tanto, coa seguinte composición -indicando ademais que o mandato dos seus membros finalizará o día 26 de outubro de 2027-:

Presidenta: dona Tamara Graña Lamazares, licenciada en Dereito e en Administración e Dirección de Empresas e técnica de administración xeral (A1) interina, no servizo de Licenzas.

Vogal: don Pedro Fernández Augusti, licenciado en ciencias económicas e empresariais, técnico (A2) xefe de servizo de Control Financeiro no servizo de Intervención do Concello de Lugo.

Secretaria: dona María Luisa Vila Fernández, licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais, técnica de xestión (A2) e xefa de sección de fiscalización previa e función interventora neste concello.

Membro suplente: dona María Jesús López Vázquez, licenciada en Administración e Dirección de Empresas, e técnica de Administración Xeral, xefa do Servizo de Fomento do Concello de Lugo.

Cuarto.- Os membros do Tribunal Económico Administrativo deberán absterse de participar no estudo e resolución daqueles expedientes cando concorran conflitos de intereses.

Quinto.- A dedicación das persoas designadas non será nin plena nin parcial, senón que terá as características previstas no artigo 6.4 do citado Regulamento, sendo compatibles co desempeño das prazas e postos de traballo dos que son titulares, e a compensación económica polo desempeño dos cargos para os que son nomeados revestirá a modalidade de axudas de custo por asistencia ás reunións que celebre o dito tribunal, na contía que se estableza nas bases de execución do presuposto da Corporación municipal.

Sexto.- Darlle traslado ao servizo de Persoal para continuar coa tramitación do expediente.

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria de Xestión de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, emitido na sesión celebrada o día 22 de setembro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- Votos a favor:	24	dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8051291608288781828.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-9-2025

PRIMEIRO.- Tomar razón das renuncias presentadas polo presidente e secretaria, respectivamente, do referido Tribunal, don Emilio Justo Fernández Pita, licenciado en dereito e Xefe do Servizo de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección da Deputación Provincial de Lugo e dona Ana Tabarés Martínez, licenciada en dereito e Técnica de Administración Xeral do Concello de Lugo Grupo A1 (rama xurídica).

SEGUNDO.- Nomear para os cargos de Presidenta e Secretaria do Tribunal Económico Administrativo, ás seguintes persoas:

Presidenta: dona Tamara Graña Lamazares, licenciada en Dereito e en Administración e Dirección de Empresas, ambas pola Universidade Pontificia de Comillas (ICADE), técnica de xestión (A2) do Concello de Lugo, en excedencia voluntaria polo desempeño interino do posto de técnica de administración xeral (A1) no servizo de Licenzas deste mesmo concello.

Secretaria: dona María Luisa Vila Fernández, licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade Comercial de Deusto, técnica de xestión (A2) e xefa de sección de fiscalización previa e función interventora neste concello.

TERCEIRO.- O Tribunal Económico Administrativo quedará, polo tanto, coa seguinte composición -indicando ademais que o mandato dos seus membros finalizará o día 26 de outubro de 2027-:

Presidenta: dona Tamara Graña Lamazares, licenciada en Dereito e en Administración e Dirección de Empresas e técnica de administración xeral (A1) interina, no servizo de Licenzas.

Vogal: don Pedro Fernández Augusti, licenciado en ciencias económicas e empresariais, técnico (A2) xefe de servizo de Control Financeiro no servizo de Intervención do Concello de Lugo.

Secretaria: dona María Luisa Vila Fernández, licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais, técnica de xestión (A2) e xefa de sección de fiscalización previa e función interventora neste concello.

Membro suplente: dona María Jesús López Vázquez, licenciada en Administración e Dirección de Empresas, e técnica de Administración Xeral, xefa do Servizo de Fomento do Concello de Lugo.

CUARTO.- Os membros do Tribunal Económico Administrativo deberán absterse de participar no estudo e resolución daqueles expedientes cando concorran conflitos de intereses.

QUINTO.- A dedicación das persoas designadas non será nin plena nin parcial, senón que terá as características previstas no artigo 6.4 do citado Regulamento, sendo compatibles co desempeño das prazas e postos de traballo dos que son titulares, e a compensación económica polo desempeño dos cargos para os que son nomeados revestirá a modalidade de axudas de custo por asistencia ás

reunións que celebre o dito tribunal, na contía que se estableza nas bases de execución do presuposto da Corporación municipal.

SEXTO.- Darlle traslado ao servizo de Persoal para continuar coa tramitación do expediente.

URBANISMO

5/123 CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DO SERVIZO DE URBANISMO, asinada polo xefe do servizo de Licencias, o director xeral de Urbanismo e o concelleiro delegado de Urbanismo o 4 de setembro de 2025, do teor literal seguinte:

“I. Antecedentes de feito.

1º.- O vixente Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo (PXOM) foi aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (DOG núm. 94, do 16 de maio de 2011), deixando en suspenso as áreas e determinacións obxecto de reparos, entre outras, os ámbitos de varios núcleos rurais sinalados no anexo de dita orde.

Logo de elaborada a nova documentación correspondente aos ámbitos en suspenso, incluíndo todos os núcleos rurais que quedaron fora da aprobación definitiva, e previa obtención dos informes favorables da Consellería competente en materia de urbanismo e da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, o Pleno da Corporación municipal, en sesión celebrada o 27 de abril de 2023, acordou aprobar definitivamente o PXOM na parte correspondente aos ámbitos e determinacións que non foron obxecto de aprobación pola Orde do 29 de abril de 2011.

2º.- O Servizo municipal de Arquitectura elaborou o documento de corrección de erros materiais do PXOM consistente en incorporar no Tomo IX as fichas correspondentes a varios núcleos rurais que, a pesares de obter o informe favorable da Consellería competente en materia de urbanismo, a aprobación definitiva polo Pleno do Concello e figurar delimitados nos planos de ordenación do territorio, sen embargo non constan incorporados no documento que foi obxecto da dilixencia de aprobación definitiva.

3º.- A Directora Xeral de Urbanismo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, en data 08/08/2025, emite informe favorable concluíndo que *“O erro material é evidente e constatado coa comprobación dos documentos que obtiveron*

os informes favorables da Consellería competente en materia de urbanismo e a aprobación definitiva do Pleno do Concello, o que fai que sexa procedente a emenda.”

II. Análise e consideracións.

1º.- Segundo o disposto no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia de parte, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Constitúe reiterada doutrina xurisprudencial a consideración de que para poder aplicar o mecanismo procedementa de rectificación de erros materiais ou de feito requírese que se trate de simples equivocacións elementais de nomes, datas, operacións aritméticas ou transcripcións de documentos; así mesmo, o erro material caracterízase por ser ostensible, manifesto, indiscutible e evidente por si mesmo, sen necesidade de maiores razoamentos e que se aprecie tendo en conta exclusivamente os datos do expediente administrativo en que se advirte.

2º.- Aínda que sempre debe empregarse a corrección de erros de xeito restritivo, no caso que nos ocupa o erro material da transcripción é indiscutible, evidente, manifesto e constatado coa comprobación dos documentos que obtiveron os informes favorables da Consellería competente en materia de urbanismo e a aprobación do Pleno do Concello, que non precisa de interpretación nin valoración xurídica, o que fai que sexa procedente a súa emenda ao abeiro do previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A delimitación da totalidade dos núcleos rurais do termo municipal de Lugo consta clara e inequívocamente grafada nos planos de ordenación a escala 1:5000 aprobados definitivamente en sesión plenaria do 27.04.2023; obtiveron o informe favorable da Consellería competente en materia de urbanismo en sucesivos informes emitidos nas datas 03.10.2016, 13.10.2020 e 21.09.2022; e foron obxecto de aprobación definitiva polo Pleno municipal en datas 03.12.2012, 30.07.2020 e 23.06.2022.

3º.- A competencia para a aprobación da corrección de erros do PXOM corresponde ao Pleno municipal, consonte ao disposto no artigo 61.2 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, en relación co artigo 123.1, letra i), da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

Por todo o anterior, **PROPONSE:**

Primeiro.- Aprobar, ao abeiro do artigo 109 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a corrección de erros materiais

do Plan xeral de ordenación municipal de Lugo, consistente en incorporar ao Tomo IX as fichas correspondentes aos núcleos rurais que de seguido se relacionan:

- 3.1 Locali.
- 3.2 Marcoi.
- 3.3 Matelo-Alta.
- 4.7 As Cavadas.
- 9.6 Fontes Novas.
- 10.4 Vilardón (lugar).
- 12.1 Abeledo-Coeo.
- 12.2 Barbaín-O Carqueixo.
- 12.4 Castro-Farxocos-Luxilde-Bóveda.
- 13.2 O Burgo/Infesta-Garaloces-O Canedo-Penas.
- 15.2 Camoira-A Barreira.
- 16.8 Silva.
- 18.2 Castelo de Abaixo-Castelo de Arriba-San Eufrasio-Pravia.
- 18.4 Portiño-Galegos de Arriba.
- 19.2 Castro-Conturiz-San Amaro.
- 20.3 Ponte do Bao.
- 21.1 Ceza.
- 21.6 Vilalvite.
- 22.1 Cabo de Vila-Cuíña-Vilamiñao.
- 23.2 Carballido Norte-Carballido Sur-A Travesa.
- 26.7 Vilariño.
- 27.1 A Casilla-O Caínzo (Ansuelas)-Teicelle-Lamas-Curral de Abaixo-A Portela.
- 29.1 A Rubiana.
- 29.3 Distriz-A Devesa.
- 29.5 Tolda de Meilán.
- 31.4 O Cedeiro.
- 32.1 Barxelas-Mouto.
- 32.4 Paredes.
- 33.1 A Portela-Muxa de Abaixo.
- 34.1 Carballosa.
- 37.1 Ceide.
- 38.2 Albarello-Cornada-A Torre.
- 38.5 Chavián-Laxe (lugar).
- 39.2 Lavandeira.
- 40.1 Corral de Abaixo-Corral de Arriba-Fafián-San Vicente-Os Campos (lugar).
- 41.2 Piñeiro.
- 42.2 Casas Vellas-Rego do Espiño-Casas.
- 42.3 Cima de Vila-Toiriz-Tabernas-Santuiño.
- 42.5 Piugos de Pena-Pena da Mula.
- 44.1 A Airexe-Golmar-Lameiro-Vila.
- 45.1 Recimil-Vilar.
- 49.1 Castro Alfonsín-Saa.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8051291608288781828.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-9-2025

49.3 Faxilde-Barreiro.
49.5 Raña-Galegos.
52.3 Santa Comba-Santa Engracia-Vilamarce.
53.3 Campo da Barra-Soñariño.
53.5 Fonte do Mouro.
54.5 Ruade.
54.6 Segade (lugar).
55.2 Bagueixos-Grisín-Cardelle.
57.1 Astariz-Santo Matías.

Segundo.- Remitir á Consellería competente en materia de urbanismo, para a súa inscrición no Rexistro Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, un exemplar debidamente dilixenciado do documento aprobado, e ordenar a publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Contra este acordo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.”

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria de Xestión de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, emitido na sesión celebrada o día 22 de setembro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- Votos a favor:	24	dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar, ao abeiro do artigo 109 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a corrección de erros materiais do Plan xeral de ordenación municipal de Lugo, consistente en incorporar ao Tomo IX as fichas correspondentes aos núcleos rurais que de seguido se relacionan:

3.1 Locai.
3.2 Marcoi.
3.3 Matelo-Alta.

4.7 As Cavadas.
9.6 Fontes Novas.
10.4 Vilardón (lugar).
12.1 Abeledo-Coeo.
12.2 Barbaín-O Carqueixo.
12.4 Castro-Farxocos-Luxilde-Bóveda.
13.2 O Burgo/Infesta-Garaloces-O Canedo-Penas.
15.2 Camoira-A Barreira.
16.8 Silva.
18.2 Castelo de Abaixo-Castelo de Arriba-San Eufrasio-Pravia.
18.4 Portiño-Galegos de Arriba.
19.2 Castro-Conturiz-San Amaro.
20.3 Ponte do Bao.
21.1 Ceza.
21.6 Vilalvite.
22.1 Cabo de Vila-Cuíña-Vilamiñao.
23.2 Carballido Norte-Carballido Sur-A Travesa.
26.7 Vilariño.
27.1 A Casilla-O Caínzo (Ansuelas)-Teicelle-Lamas-Curral de Abaixo-A Portela.
29.1 A Rubiana.
29.3 Distriz-A Devesa.
29.5 Tolda de Meilán.
31.4 O Cedeiro.
32.1 Barxelas-Mouto.
32.4 Paredes.
33.1 A Portela-Muxa de Abaixo.
34.1 Carballosa.
37.1 Ceide.
38.2 Albarello-Cornada-A Torre.
38.5 Chavián-Laxe (lugar).
39.2 Lavandeira.
40.1 Corral de Abaixo-Corral de Arriba-Fafián-San Vicente-Os Campos (lugar).
41.2 Piñeiro.
42.2 Casas Vellas-Rego do Espiño-Casas.
42.3 Cima de Vila-Toiriz-Tabernas-Santuiño.
42.5 Piugos de Pena-Pena da Mula.
44.1 A Airexe-Golmar-Lameiro-Vila.
45.1 Recimil-Vilar.
49.1 Castro Alfonsín-Saa.
49.3 Faxilde-Barreiro.
49.5 Raña-Galegos.
52.3 Santa Comba-Santa Engracia-Vilamarce.
53.3 Campo da Barra-Sofiariño.
53.5 Fonte do Mouro.
54.5 Ruade.

54.6 Segade (lugar).

55.2 Bagueixos-Grisín-Cardelle.

57.1 Astariz-Santo Matías.

SEGUNDO.- Remitir á Consellería competente en materia de urbanismo, para a súa inscrición no Rexistro Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, un exemplar debidamente dilixenciado do documento aprobado, e ordenar a publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Contra este acordo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

6/124 ESTUDIO DE DETALLE PARA AS PARCELAS EQ2 E EQ3 DO PARQUE EMPRESARIAL DAS GÁNDARAS. APROBACIÓN DE EMENDAS PRESENTADAS.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DE URBANISMO, asinada pola técnica de administración xeral, o director xeral de Urbanismo e o concelleiro delegado de Urbanismo o 21 de xullo de 2025, do teor literal seguinte:

“A funcionaria que subscribe emite o seguinte Informe-proposta, ao abeiro do establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, con base nos seguintes

ANTECEDENTES

1º.- O Pleno municipal, en sesión do 30 de decembro de 2024, aprobou definitivamente o estudo de detalle para as parcelas EQ2 e EQ3 do parque empresarial de As Gándaras, promovido pola UTE ECO LUGO e redactado en novembro de 2024 polo arquitecto Eusebio Chao Carreiras, de conformidade co disposto no artigo 80 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

O acordo de aprobación definitiva publicouse no DOG núm. 67, do 7 de abril de 2025.

Así mesmo, solicitouse a inscrición do estudo de detalle no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

2º- A xefa do Servizo de Urbanismo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia, en data 6 de xuño de 2025, remite escrito no que sinala as deficiencias formais que de seguido se indican:

- A pegada dixital que se debe incorporar na declaración do Anexo 9B é a que consta asociada ao soporte non editable (PDF) no Anexo 9 que asina o equipo redactor.

- A carpeta en formato non editable (pdf), na subcarpeta "01.MX", contén un arquivo "27028_ED_202411_AD_01_02_ANEXO_1 – Planeamento_Incorporado.pdf" do cal carece a subcarpeta do mesmo nome contida na carpeta en formato editable.

- Non se incorporan índices parciais dos planos de información e de ordenación (art. 4.3 das NNTTPP).

- Na codificación das carpetas raíz do ED, así como os arquivos contidos nelas, non se atende o establecido no 2º parágrafo do art. 11.1.b) das NNTTPP, canto a consignación de abreviatura representativa do código ou nome do ámbito afectado (zonas "EQ2"- "EQ3").

- No ANEXO 1 da memoria figuran as condicións normativas establecidas polo PXOM para o ámbito de planeamento incorporado "UZPI-2.I", en lugar das establecidas para o ámbito afectado "UZPI-1.I".

3º.- A entidade promotora, en data 1 de xullo de 2025, presenta a documentación corrixida do estudo de detalle.

4º.- O Servizo de Arquitectura, en data 14 de xullo de 2025, emite informe sobre a nova documentación achegada polo interesado, na que se conclúe:

"O documento achegado do ED emenda as deficiencias formais observadas pola CMATV sen alterar ningunha determinación da ordenación urbanística, xa que en resumen exclusivamente eran cuestións de carácter formal: código da pegada dixital, nomenclatura dos documentos, índices e un documento de información que se incorporaba parcialmente.

II. CONCLUSIÓN

O documento presentado a supervisar por este Servizo de Arquitectura infórmase favorablemente en canto ás emendas formais observadas pola CMATV para o cumprimento das prescricións das Normas Técnicas de

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac8051291608288781828.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-9-2025

Planeamento Urbanístico de Galicia aprobadas por Orde desta consellería do 10/10/2019 e modificadas pola de 08/04/2022 (NNTTPP), dende o punto de vista técnico."

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

De conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as Administracións poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En virtude do anteriormente exposto

PROPÓNSELLE ao Pleno do Concello de Lugo a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar a documentación achegada en data 1 de xullo de 2025, que emenda as deficiencias formais observadas no estudo de detalle para as parcelas EQ2 e EQ3 do parque empresarial de As Gándaras, sen alterar ningunha determinación da ordenación urbanística contida no estudo de detalle aprobado definitivamente.

Segundo. Remitir a documentación ao Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, para os efectos da súa correspondente inscrición.

Terceiro. Contra este acordo, que é definitivo en vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia."

2. INFORME DA SECRETARIA XERAL DO PLENO, do 10 de setembro de 2025, que figura o expediente.

3. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria de Xestión de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, emitido na sesión celebrada o día 22 de setembro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a documentación achegada en data 1 de xullo de 2025, que emenda as deficiencias formais observadas no estudo de detalle para as parcelas EQ2 e EQ3 do parque empresarial de As Gándaras, sen alterar ningunha determinación da ordenación urbanística contida no estudo de detalle aprobado definitivamente.

SEGUNDO.- Remitir a documentación ao Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, para os efectos da súa correspondente inscrición.

TERCEIRO.- Contra este acordo, que é definitivo en vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

FACENDA LOCAL

7/125 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL. APROBACIÓN INICIAL.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- INFORME PROPOSTA, asinado pola xefa de servizo de Facenda Local e pola tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cohesión Territorial, en substitución do tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, do 17 de setembro de 2025, do teor literal seguinte:

“Visto o Decreto núm. 7876/2025, do 12 de agosto de 2025, de incoación de expedientes para a modificación de determinadas ordenanzas fiscais.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac8051291608288781828.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-9-2025

Visto o Informe- proposta do Servizo de Tesourería de modificación da ordenanza fiscal xeral, asinada pola Xefa do Servizo de Facenda Local e a Tesoureira municipal co conforme da Ilma. Sra. dona Ana González Abelleira, tenente de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, en suplencia do Ilmo. Sr. don Pablo Permuy Villanueva, tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude de data 10/09/2025.

Visto o informe da Xefa do Servizo de Facenda Local co conforme da Asesoría Xurídica de data 10/09/2025.

Visto o proxecto de modificación da Ordenanza fiscal xeral da Ilma. Sra. dona Ana González Abelleira, tenente de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, en suplencia do Ilmo. Sr. don Pablo Permuy Villanueva, tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, de data 10/09/2025.

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo de data 11/09/2025.

Visto o informe xurídico do Vicesecretario accidental do Concello de Lugo de data 12/09/2025.

Visto o informe da Xefa de servizo de fiscalización previa e función interventora mailo Interventor Xeral Municipal de data 13/09/2025.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 17 de setembro de 2025, acordou a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza fiscal xeral.

En razón do exposto, ao abeiro do artigo 123.1 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sométese ao Excmo. Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobado inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal xeral, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL XERAL

1) Modifícase o artigo 33.4 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:

«4.- No suposto de concorrencia de varios obrigados tributarios nun mesmo presuposto, cando o Concello só coñeza a identidade dun titular practicarán e notificarán as liquidacións tributarias a nome do mesmo, quen virá obrigado a

satisfacelas se non solicita a súa división. A tal efecto, para que proceda a división será indispensable que o interesado o solicite facilitando os datos persoais e o domicilio dos demais obrigados ao pago, así como os documentos públicos que acrediten a proporción en que cada un deles participe no dominio ou dereito transmitido.

En ningún caso procederá a división da cota do tributo nos supostos de réxime económico matrimonial de sociedade legal de gananciais.

Unha vez aceptada pola Administración a solicitude de división, incorporarase ao padrón inmediatamente posterior a aquel no que se solicite a división e se manterá nos sucesivos mentras non se solicite a modificación».

2) Modifícanse os artigos 41 a 46 da ordenanza fiscal xeral que quedan redactados como segue:

“ARTIGO 41º. APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS. NORMAS XERAIS

1. O pagamento das débedas tributarias e demais de dereito público poderá aprazarse ou fraccionarse só nos casos e na forma que se determina na presente ordenanza.

2. Os aprazamentos e fraccionamentos concederaos a Administración municipal tras a petición dos obrigados ó pagamento, de conformidade coas regras dos artigos seguintes.

3. As débedas aprazadas ou fraccionadas deberán garantirse de acordo co disposto na lexislación vixente e no disposto no artigo 43º da presente ordenanza.

4. As cantidades aprazadas ou fraccionadas que estiveran garantidas cos medios citados no punto anterior, devengarán xuro de demora na contía do xuro legal.

5. A presentación dunha solicitude de aprazamento ou fraccionamento en período voluntario impedirá o inicio do período executivo, pero non o devengo do xuro de demora.

ARTIGO 42º. DÉBEDAS TRIBUTARIAS APRAZABLES OU FRACCIONABLES

1. Poderá aprazarse ou fraccionarse o pagamento da débeda, tanto en período voluntario como executivo, tras a petición dos obrigados cando a súa situación económica-financeira lles impida, transitoriamente, efectuar o pagamento dos seus débitos.

2. A Tesourería disporá o necesario para que as solicitudes se formulen en documento específico, no que se indiquen os criterios de concesión e denegación de aprazamentos e fraccionamentos, así como a necesidade de fundamentar as dificultades económico-financeiras, aportando os documentos oportunos.

3. O acordo de concesión especificará a clase de garantía que o solicitante deberá aportar ou, no seu caso, a dispensa desta obriga.

4. Os criterios xerais de concesión de aprazamentos ou fraccionamentos son:

a) As débedas entre 301,00 euros e 600,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de tres meses ou mensualidades.

b) As débedas entre 601,00 euros e 900,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de seis meses ou mensualidades.

c) As débedas entre 901,00 euros e 1.500,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de nove meses ou mensualidades.

d) As débedas entre 1.501,00 euros e 3.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de doce meses ou mensualidades.

e) As débedas entre 3.001,00 euros e 4.500,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de quince meses ou mensualidades.

f) As débedas de importe superior a 4.501,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de dezaioito meses ou mensualidades.

Non obstante, a Administración poderá estimar outro número de prazos cando a situación económica do interesado e a contía da débeda, apreciada pola Administración, o requira.

Nos casos de solicitude de aprazamentos ou fraccionamentos derivados de débedas derivadas de autorizacións de uso ou ocupación do dominio público, o prazo dos aprazamentos ou fraccionamentos non poderá exceder do prazo da autorización ou título habilitante.

5. Como regra xeral, na concesión de aprazamentos ou fraccionamentos, se esixirá a domiciliación do pago das sucesivas fraccións.

6. Documentación que se ten que achegar:

a) Persoas físicas:

- Relación de ingresos periódicos percibidos nos últimos tres meses: nómina, pensión ou outros.

- Certificación de saldo de conta corrente e movementos dos últimos tres meses de todas as contas bancarias da súa titularidade.

- Indicación no impreso de solicitude do número de membros da unidade familiar.

- *Certificado de conta bancaria para domiciliar o pago das débedas aprazadas ou fraccionadas.*

b) Persoas xurídicas:

- *Declaración responsable da situación económico-financeira que xustifica a solicitude.*

- *Certificado de conta bancaria para domiciliar o pago dos das débedas fraccionadas*

7. Salvo circunstancias excepcionais apreciadas polo órgano de recadación, denegarase as seguintes solicitudes:

a) As de reconsideración de aprazamentos ou fraccionamentos resoltos segundo os presentes criterios e que non estean debidamente fundadas, tendo como única finalidade demorar o cumprimento da obriga tributaria.

b) As presentadas por contribuíntes que incumpran aprazamentos ou fraccionamentos concedidos ou non formalizaran as garantías nos últimos dous anos.

c) As que correspondan a débedas illadas presentadas por contribuíntes que manteñen outras débedas co Concello de Lugo sen regularizar.

8. O ingreso dos prazos deberá efectuarse nas datas establecidas nos acordos de concesión de aprazamento ou fraccionamento, que serán sempre o día 5 ou 20 do mes a que se refiran. Con carácter preferente considerárase o día 20 de cada mes.

9. Na petición de aprazamento ou fraccionamento farase constar, ademais dos datos identificativos do suxeito pasivo e da débeda, as causas que motivan a solicitude, os prazos e restantes condicións que se solicitan, e a garantía que se ofrece de entre as que constan no artigo seguinte desta ordenanza, así como o número de conta bancaria para a domiciliación das fraccións. Á solicitude achegaráselle a documentación que determine a norma regulamentaria de aplicación.

ARTIGO 43º. GARANTÍAS PARA APRAZAMENTO OU FRACCIONAMENTO

1. Como regra xeral, o solicitante deberá ofrecer garantía en forma de aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución. En todo caso achegarase coa solicitude o correspondente compromiso expreso e irrevogable da entidade de formalizar o aval necesario no caso de que o aprazamento fose concedido. O aval deberá achegarse no prazo dos dous meses seguintes ó da notificación do acordo de concesión.

2. Cando se xustifique que non é posible obter o aval, ou certificado, ou que con isto se compromete seriamente a viabilidade da actividade económica, o órgano competente poderá admitir algunha das seguintes garantías:

- a) Hipoteca inmobiliaria.
- b) Hipoteca mobiliaria.
- c) Prenda con ou sen desprazamento.
- d) Fianza persoal e solidaria.
- e) Calquera outro que estime pertinente.

Deberá acompañar á solicitude declaración responsable e informe xustificativo da imposibilidade de obter o aval, no que consten as xestións efectuadas ó respecto debidamente documentadas.

Cando a aportación de garantías consista nunha hipoteca unilateral deberá aportarse a seguinte documentación:

- 1º) Escritura pública da finca sobre a que se constituirá a hipoteca.
- 2º) Certificación rexistral de dominio e cargas que existan sobre a mesma, expedida nun prazo non superior a dez días.
- 3º) Valoración da finca realizada por un técnico competente.

3. Non se esixirá garantía cando a contía da débeda a aprazar ou fraccionar non exceda de 10.000 euros.

4. A garantía cubrirá o importe da débeda en período voluntario, dos xuros de demora que xere o aprazamento e un 25% da suma de ambas partidas.

Cando a débeda se atope en período executivo, a garantía deberá cubrir o importe aprazado ou fraccionado, incluíndo o recargo do período executivo correspondente, os xuros de demora que xere o aprazamento ou o fraccionamento, máis un 5% da suma de ambas partidas.

En caso de solicitude de fraccionamiento, poderá constituírse unha única garantía para a totalidade das fraccións que poidan acordarse ou ben garantías parciais e independentes para unha ou varias fraccións.

En todo caso, a garantía deberá cubrir o importe das fraccións a que se refira, incluíndo o importe que por principal e xuros de demora se incorpore ás fraccións máis o 25 por cento da suma de ambas as partidas.

5. A garantía constituída mediante aval deberá ser por termo que exceda, cando menos, en seis meses ó vencemento do prazo ou prazos garantidos.

6. Poderase dispensar total ou parcialmente das garantías esixibles, nos termos que estableza a norma regulamentaria de aplicación, cando a persoa

debedora careza de medios suficientes para garantir a débeda e a execución do seu patrimonio puidese afectar ó mantemento da capacidade productiva e do nivel de emprego da actividade económica respectiva, ou ben puidese producir graves quebrantos para os intereses da Facenda municipal. Se se solicita dispensa total ou parcial de garantía, deberá acompañar coa solicitude declaración responsable na que se manifeste carecer de bens ou non posuír outros que os ofrecidos en garantía.

ARTIGO 44º. TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Tesourería do Concello tramitará as solicitudes de aprazamento ou fraccionamento examinando e avaliando a falta de liquidez e a capacidade para xerar recursos conforme ó disposto nas normas regulamentarias de aplicación, formulando a correspondente proposta de resolución ó órgano competente para a súa aprobación.

2. A resolución notificarase conforme a normativa regulamentaria de aplicación xunto co cálculo de xuros e procedemento en caso de falta de pagamento.

3. A resolución deberá adoptarse no prazo de seis meses a contar dende o día en que a solicitude tivo entrada oficial no Rexistro Xeral do Concello. Transcorrido este prazo poderá entenderse desestimada a solicitude.

ARTIGO 45º. CÁLCULO DE XUROS EN APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS

1. As cantidades que se apracen ou fraccionen devengarán o xuro de demora regulado no artigo 33.2 a) desta Ordenanza e 17 da Lei xeral presupostaria, segundo se trate de débedas tributarias ou non tributarias, respectivamente, que será o xuro legal que corresponda ata a data do seu ingreso.

2. No caso de concesión de aprazamento, os xuros de demora calcularanse sobre a débeda aprazada polo tempo comprendido entre o vencemento do período voluntario e o vencemento do prazo concedido. Se o aprazamento foi solicitado en período executivo a base para o cálculo de intereses non incluírá o recargo do período executivo que corresponda. Os xuros devengados deberán ingresarse xunto coa débeda aprazada.

3. No caso de fraccionamentos, calcularanse xuros de demora por cada fracción de débeda, computándose o tempo dende o vencemento do período voluntario ata o vencemento do prazo de ingreso concedido para cada fracción. Os xuros devengados por cada fracción deberán pagarse xunto coa fracción no prazo de ingreso desta. Se o fraccionamento foi solicitado en período executivo a base para o cálculo non incluírá o recargo do período executivo que corresponda.

4. En caso de denegación de aprazamento ou fraccionamento de débedas:

a) Se foi solicitado en período voluntario, liquidaranse xuros de demora polo período transcorrido dente o vencemento do período voluntario ata a data da resolución denegatoria.

b) Se fose solicitado en período executivo liquidaranse xuros unha vez efectuado o pagamento de acordo co establecido na normativa regulamentaria de aplicación.

ARTIGO 46º. PRAZOS DE INGRESO, FORMA DE PAGAMENTO E EFECTOS DA FALTA DE PAGAMENTO

1. O ingreso dos prazos deberá efectuarse nas datas establecidas nos acordos de concesión de aprazamento ou fraccionamento, que serán sempre o día 5 ou 20 do mes a que se refiran.

2. Como regra xeral esixirase a domiciliación das sucesivas fraccións en entidades bancarias e caixas de aforro.

3. Nos aprazamentos e fraccionamentos, se chegado o vencemento do prazo concedido ou fraccionado non se efectuase o pagamento procederase a exaccionar a débeda pola vía de constrinximento ou ben a executar a garantía de conformidade co disposto no artigo 168 da Lei 58/2003 xeral tributaria e normativa regulamentaria de aplicación”.

3) Modifícanse os apartados 2 e 3 do artigo 63 da ordenanza fiscal xeral, que quedan redactados como segue:

“2. Os padróns, matrículas ou rexistros someteranse cada ano á aprobación do órgano competente e expoñeranse ao público nas oficinas municipais mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia e na prensa local, producindo os efectos de notificación a cada un dos suxeitos pasivos.

O prazo de exposición ao público dos padróns será de 20 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio do Boletín Oficial da Provincia.

3. Os obrigados tributarios poderán formular contra as liquidacións contidas no Padrón anual reclamación económico-administrativa ou recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns”

4) Modifícase o apartado 3 do artigo 89 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:

“3. O prazo para interpoñer o recurso postestativo de reposición será dun mes contado a partir do día seguinte á notificación do acto recurrible ou do seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tratándose de débedas incluídas en padróns periódicos e de notificación colectiva o prazo será dun mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns”

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2026 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Urxir á Xunta de Galiza a pór en marcha un Plan de Emprego Verde de restauración ambiental das áreas afectadas, que se centrará na restauración ecolóxica, a protección da biodiversidade e a recuperación dos solos.

TERCEIRO.- Demandar á Xunta a aprobación dunha moratoria inmediata a novas plantacións de eucalipto para reconducir a política forestal cara a un modelo de monte ordenado e multifuncional que xere riqueza e que sexa máis resiliente fronte aos lumes.

CUARTO.- Instar á Xunta de Galiza a duplicar os fondos de prevención nos dous próximos anos-

QUINTO.- Exixir o reforzo e a profesionalización dos servizos de prevención e extinción, incluíndo a creación de 70 brigadas móbiles de vixilancia e a dotación de medios e equipos adecuados para o ataque a grandes incendios. Tamén, garantir a mellora das condicións laborais do persoal do servizo.

SEXTO.- Instar á Xunta a que revise o marco competencial actual en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, nomeadamente en relación coa xestión das redes secundarias de faixas de biomasa, co obxecto de que sexa a Xunta quen asuma a execución subsidiaria das tarefas de limpeza nos casos de incumprimento por parte dos titulares e nas parcelas de propiedade descoñecida.

SÉTIMO.- Demandar ao goberno galego que impulse a revitalización socioeconómica do rural, promovendo a mellora dos servizos, o incremento do financiamento dos concellos e alternativas produtivas sostibles e que fomenten a mobilización de terras para a produción sustentable de alimentos.

OITOVO.- Demandar a asunción de responsabilidades políticas por parte dos máximos responsables do goberno galego, comezando polo presidente da Xunta, Alfonso Rueda, pola súa xestión “absolutamente negligente” e por converter a vaga de lumes nunha auténtica catástrofe que podería terse evitado.

NOVENO.- Adherirse ás mobilizacións convocadas para esixir responsabilidades e apoio na reconstrución e rehabilitación das propiedades e dos espazos rurais e naturais danados.

DÉCIMO.- Apoiar a proposta de creación inmediata dunha Comisión de seguemento para analizar os incendios deste ano e as consecuencias de non aplicar a totalidade das directrices do ditame aprobado no Parlamento no ano 2018 para adaptar a prevención e loita contra lumes forestais ás condicións do cambio climático.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Crear un grupo de brigada profesional e activo todo o ano dependente da Xunta de Galicia.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, pois ten a palabra en primeira quenda o voceira do BNG.

DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Moitas grazas a todos e a todas. Quero en primeiro lugar trasladar o agradecemento do grupo Municipal do BNG ás brigadas, bombeiros e bombeiros forestais, persoas voluntarias polo seu esforzo e implicación, tamén a esas veciñas e veciños que, poñendo en perigo as súas vidas, loitaron contra o Lume, evitando en moitos casos a perda das súas vivendas.

Nos últimos anos viamos como ardían os montes en Portugal. Non eran os típicos lumes de verán, podían ser no inverno, na primavera ou en calquera estación do ano. Nos últimos anos as perdas foron elevadas: vidas humanas e vivendas, a maiores dos montes abrasados. Empezábamos a oír que eran incendios moi virulentos, a seca, masa forestal, os montes abandonados, pero esta situación acontecía tamén en distintos puntos do país.

Voces expertas xa no ano 2019 alertaban da necesidade de tomar medidas, pero, como resposta, a Xunta de Galicia rexeitaba cambios nas súas políticas forestais, logo de levar décadas deixando morrer o rural, dende o peche de explotacións gandeiras e o despoboamento das parroquias, mentres eliminaba servizos públicos imprescindibles para que as persoas que aínda vivían nas vilas e nas parroquias. A propia concelleira lanzaban mensaxes como que: os incendios están no ADN dos

galegos; o Plan ante incendios é perfecto, o mellor de Europa; a estratexia de prevención e loita contra os incendios forestais está dando resultado, e así o recoñecen fóra das nosas fronteiras onde somos referentes. Estes declaracións foi en pleno mes de agosto, poucos días antes de ver efectivamente como ardían os nosos montes en Ourense e que despois tamén se trasladaron a nosa provincia. A vaga de lumes deste verán foi demoledora: 145.000 hectáreas queimadas en todo o país. En Lugo houbo lumes en Pantón, Sober, Fonsagrada, Becerreá, Barreiros e seguro que me esquezo dalgún máis. Arderon viñedos, colmeas, vivendas e as perdas económicas foron moi altas: Moitos núcleos rurais estiveron en perigo e ducias de persoas tiveron que ser desaloxadas. E, a pesar diso, o presidente Rueda dixo que máis do 60% do queimado era matogueira e pedra. Efectivamente, as pedras aínda non arden o que si que arderon foron vivendas. E por se fose pouco, o Partido Popular vetou no Parlamento galego a creación dunha comisión de investigación alegando que é una cerimonia interesada da confusión na que están interesados de maneira permanente. Estas foron as palabras do voceiro Alberto Pazos. Esta vaga de lumes, máis que unha praga bíblica, é unha acción atribuíble soamente a mentes perturbadas e a consecuencia directa dunha xestión absolutamente negligente por parte do goberno galego, tanto na prevención como na xestión da emerxencia. O modelo de loita contra o lume do Partido Popular demostrou unha vez máis o seu absoluto fracaso. A falta de planificación, de prevención e de recursos eficientes por parte da Xunta converteu a situación nunha auténtica catástrofe. A xestión foi errática, sen a coordinación necesaria deixando a moitas brigadas e concellos traballando en circunstancias extremadamente adversas e en moitos casos en total desamparo. E, para que non digan que esaxeramos, vou dar uns datos: Os obxectivos para o plan 2025 da Dirección Xeral de Defensa do Monte para toda Galiza eran reducir a superficie queimada total por debaixo da media dos últimos 10 anos, 18.554 hectáreas, e a superficie queimada arborada por debaixo das 7.554 hectáreas. Calquera destes obxectivos xa foi superado con creces en calquera dos tres incendios de agosto. O outro obxectivo referente a superficie queimada por lume consistía en lograr un resultado inferior a 9,48 hectáreas por lume, neste momento a vaga de lumes representa una ratio de 6.224,29 hectáreas por lume, segundo os datos da propia Xunta. Os galegos e as galegas non queremos que o noso rural, a nosas casas e o noso monte se convertan en cinzas, e así o dixemos alto e claro nas rúas, exiximos un cambio real e efectivo nas políticas forestais. O Goberno galego non pode seguir negando o evidente. Non queda tempo...

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Rematou o seu tempo, señora Ferreiro. Ten a palabra agora Ana González Abelleira, en representación do Grupo Socialista. Cando queira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas. Bo día a todos. Por suposto empezar expresando dende o Grupo Municipal Socialista esa solidariedade coas familias afectadas, cos veciños e veciñas que perderon propiedades, coas persoas evacuadas e con quen arriscou a súa vida para frear as lapas destes

terroríficos incendios. Vaia por diante tamén o noso profundo agradecemento a toda a veciñanza, aos servizos de emerxencia, ás brigadas, ao voluntariado, aos corpos e forzas de seguridade, así como á Garda Civil por todo o traballo feito durante a invasión do dos lumes.

Hoxe ante este Pleno defendemos unha cuestión que non é só administrativa, senón profundamente política e ética: a necesidade de que a Xunta de Galicia asuma de forma efectiva e responsable as súas competencias en materia de prevención e extinción e recuperación dos incendios forestais. É o que vimos demandar neste Pleno. Esta demanda non é ou non pretende ser una confrontación, senón unha chamada á responsabilidade polo sufrimento que conlevou esta situación, porque cada hectárea que ardeu, cada familia que se viu ameazada, cada explotación que se perdeu é unha ferida aberta do corazón do rural galego, da nosa identidade. Non estamos aquí ou non pretendemos buscar culpables, senón para reclamar solucións. E a primeira solución é que cada administración asuma as súas competencias. A Xunta ten a responsabilidade legal e material de xestionar os medios de prevención e extinción e a recuperación dos incendios forestais, e debe facelo con recursos suficientes, planificación estratéxica e colaboración real cos concellos, porque ten e é a súa competencia, pero tamén a obriga e este Pleno debe esixilo.

Todas e todos sabemos que estes lumes non son froito simplemente das condicións meteorolóxicas extremas, porque o cambio climático e a emerxencia climática xa sabemos que as agravaba, son consecuencia desa falla estrutural de políticas ao apoio do rural durante anos e anos, 17 que levan gobernando, non houbo nin medios, nin planificación, nin boa xestión, como quedou ben demostrado. O rural galego non precisa só maquinaria e helicópteros, brigadas no verán, precisa intervencións durante todo o ano; precisa dunha poboación activa, de unha actividade económica, servizos públicos e unha xestión forestal axeitada. A inacción e a improvisación da Xunta foi o que levou a esta situación, e custan vidas, patrimonio natural e futuro económico. E faltou, faltou planificación da Xunta en materia de prevención, coma se puido demostrar, ultimamente estase investindo máis cartos en extinción que en antepoñerse aos lumes, e o Grupo Socialista do Parlamento, concretamente dende febreiro viña solicitando ese plan integral de revitalización do rural, a xestión forestal activa e participativa, a prevención durante todo o ano, a coordinación real coa veciñanza; son cousas que se viñan manifestando e das que se percibía a súa carencia, porque o que ardeu estes días pasados non foron só hectáreas, 140.000 nada menos. Ardeu tamén unha parte da nosa identidade, do noso futuro. E Galicia non temos, os galegos e galegas non temos por que resignarnos todos os veráns ao mesmo drama, por iso, como engádegas, espero que sexa aceptada polo Bloque Nacionalista Galego, porque entendemos que completa a de orixe, propoñemos unha emenda que di: apoiar a proposta de creación inmediata dunha comisión de seguimento para analizar os incendios deste ano e as consecuencias de non aplicar á totalidade das directrices do ditame aprobado no Parlamento no ano 2018, para adaptar a prevención e loita contra os lumes forestais ás condicións do cambio climático. E outro punto, que

sería crear un grupo de brigada profesional e activo todo o ano dependente da Xunta de Galicia.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora Abelleira. Quenda agora para a voceira do Partido Popular. Cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Bo día de novo, e tamén dou a benvinda e os bos días aos veciños e veciñas que nos acompañan.

Galicia sufriu en agosto, e tamén en setembro, desgraciadamente una vaga de incendios dunha magnitude sen precedentes. Creo que a conmoción que provocou estes terroríficos lumes debe estar por encima de calquera ideoloxía, unha traxedia con consecuencias ambientais, afectando a vivendas, a actividades económicas e infraestruturas. Só en agosto decretáronse 673 lumes. Houbo algún día que a cifra superou os 30 lumes diarios; a gran maioría deles foron provocados; os responsables políticos, tanto o presidente o Rueda, como a conselleira de Medio Rural, asumiron dende o primeiro momento a súa responsabilidade. Estiveron á fronte, estiveron a carón, estiveron por suposto, dando solucións. Houbo medios, máis de 3.000 profesionais, máis de 200 bombeiros, grupos de emerxencia supramunicipal, protección civil, brigadistas municipais, claro, aos concellos que as tiñan, non é o caso de Lugo; 380 motobombas; máis de 39 bulldozers batracios. Una virulencia, como dicía, sen precedentes, as porcentaxes de intencionalidade superan o 80%. Sorpréndeme que nesta iniciativa pasen moi por alto, chamándolles mentes perturbadas, que aí tamén farei algún fincapé. A todos estes medios que enumerei, o agradecemento do Grupo Municipal do Partido Popular e o recoñecemento á súa profesionalidade, ao seu compromiso e á súa dedicación.

Unha vez extinguidos, a segunda parte, tamén é importante, é a recuperación e prepararnos para que isto non volva pasar. Na recuperación, dicirlles que cando vostede rexistraban esta iniciativa, o 16 de setembro, facía case un mes que o Consello da Xunta aprobaba as bases dunhas axudas para poder, como dicía, restituír eses danos e prexuízos. Pero, efectivamente, temos que estar mellor protexidos fronte ao lume, pero tamén teño que dicirlles que iso é responsabilidade de todos, aínda que despois de escoitalas realmente, e anticipar un apoio, pois a verdade é que non piden as mesmas cousas e que agora puntualizarei. O primeiro que fixemos foi que rexistramos unha emenda porque entendo que para estar mellor preparados é necesario a implicación de todas as administracións. Si que me gustaría destacar a intencionalidade na provocación de todo isto: negligencias, imprudencias, despistes tamén, algúns probablemente inocentes, pero é necesario avanzar na concienciación, na prevención e na formación, e, por suposto, na condena de todas aquelas que sexan con intencionalidade.

Hai un xuño seco sen precipitacións, unha primavera chuviosa, unha evolución demográfica que xustifican, evidentemente, que no rural temos que actuar. Houbo medidas dende o ano 18, duplicouse o orzamento na prevención de incendios; aprobáronse instrumentos como a Lei de recuperación de terra agraria, aprobouse

o Plan forestal; incrementouse o 50% das bases de frondosas ou multiplicáronse por cinco as hectáreas de monte ordenado.

Pero, mirándolles de fronte e despois de escoitalas, realmente vostedes cren que gobernando este Concello están en disposición de exixir algo alguén? Miren, piden vostedes no punto 6º, que se revise o marco competencial, e que as competencias municipais se trasladen á Xunta de Galicia. Casualmente, despois de escoitar a voceira do Partido Socialista, di que a solución é que cada administración asuma as súas competencias, así que aí si que lles agradecería antes de votar se manteñen o punto seis ou o quitan, pero eu podería aquí traerlles multitude de fotografías de como están as faixas secundarias, como están as vías e aos desbroces que empezaron este verán. Pero é que a maiores podía dicirlles outra cousa: cando lles preguntamos na comisión correspondente por que non estaban desbrozando vostedes, non o Partido Popular, nin ninguén que quixera facerlles un feo, contestaban: Este é un ano atípico polas temperaturas, que houbo a choiva habitual, e aquí vén a noticia, decidiuse tecnicamente pospoñerse o inicio destes traballos, porque se demostrou nalgúns sitios que se levaron a cabo con anterioridade que houbo que duplicar recursos.

É dicir, vostedes gobernando o Concello de Lugo recoñecen que non empezaron a facelo os desbroces porque como había tanta maleza tiñan que pasar dúas veces e iso significáballes máis diñeiro, queren poñerlles deberes a outras administracións? Despois de escoitar, sobre todo despois de ver, a verdade é que teñen pouca vergonza.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ssegunda quenda para a señora Ferreiro.

DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Sempre queda tempo cando as cousas se intentan facer ben, e eu agora tamén vou ter tempo para seguir coa miña exposición.

A ver, as propostas do BNG son claras e hoxe o grupo municipal traémolas aquí a este Pleno agardando o apoio da Corporación. En primeiro lugar, é necesario atender as necesidades das persoas e dos propietarios dos territorios afectados con axudas directas rápidas e veraces, non como aquela alcaldesa que foi do Concello de Ourense, que vimos por aí nas redes, que foi vendendo que grazas á Xunta e a Deus, gracias a Deus e á Xunta, xa están as axudas, e a propia veciña alí xa lle contestou que había que ter pouca vergonza, esa é pouca vergonza que teñen os alcaldes do PP, señora Candia.

En segundo lugar, impulsar un novo modelo forestal, o actual é nefasto para o país. E non o dicimos nós, vémolos aí, vímolos este verán, reforzar a prevención estrutural do monte ao lume, e cada día hai máis voces, e novas voces, que piden prorrogar indefinidamente a moratoria sobre as novas plantacións de eucalipto que remata este ano, e un plan real para reactivar o rural, terras sen uso, servizos públicos, escola, vivenda, emprego e facilidades para quen queira quedar. E ben, a verdade é que fala e escoitar cando di a pouca vergonza, a ver, señora Candia, eu non sei que entende vostede por responsabilidades do presidente da Xunta e da

conselleira, que quere dicir? Que o presidente asumiu a responsabilidade, percorrendo en moto o país e dirixíndose aos touros a Pontevedra. Esas son as responsabilidades que entende que fixo o señor Rueda, non? As axudas, volvo dicirlle, puxémoslle o exemplo desa señora á que a propia alcaldesa lle dicía que nin Deus nin a Xunta estaban facendo nada por recuperar. E, ben, eu o que si lles pido é que escoiten, escoiten ás persoas que saben e que ademais levan moito tempo alertando de que eses lumes que estaban estes anos en Portugal á que tamén ía acontecer, e deixen de defender ás empresas que veñen a espoliar os nosos recursos, e póñanse ao lado do pobo, porque iso si que é ideolóxico. Os lumes non son ideolóxicos, pero a defensa do monte e a prevención e, sobre todo, a que queremos dedicar os nosos montes si que é unha cuestión ideolóxica, é estar co país ou estar coas multinacionais e iso creo que o temos todos bastante claro. En todo caso, o da emenda de engádegas si aceptamos a do Partido Socialista, porque creo que son puntos que poden coincidir. En todo caso, a emenda de substitución do Partido Popular, señora Candia, iso si que é unha auténtica vergoña pola súa parte presentar esta emenda de substitución. Estamos en Lugo, estamos falando dos montes do país, non veña aquí a falar do Concello de Lugo, estamos falando da obrigación da Xunta no país... Non ten a súa quenda de palabra, así que deixe de incordiar...

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou a súa quenda Sra. Ferreiro. Segunda quenda para a voceira do Grupo Socialista.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas, señor alcalde. Pois mire, a vergonza da Xunta de Galicia é que o Concello de Lugo, dende outubro de 2024, trasladóuselle varias veces o Plan de emerxencia municipal de Lugo, un dos mellores traballos e seguramente máis eficaces á Xunta de Galicia, e aínda non temos resposta hoxe. Esa é a vergonza do Partido Popular. O verán do 2025, o máis negro da historia recente de Galicia, precipitou esta vaga de lumes, xa que a Xunta parece seguir non querendo asumir as súas responsabilidades. Díxenlle que non pretendía confrontación e polas súas palabras, señora Candia, non quere asumir responsabilidades porque isto é cuestión de responsabilidade, tendendo a man de todas as administracións ou, senón, faga como o vicepresidente de Valencia, tal como acaba de dicir nas últimas declaracións en rolda de prensa, botándolle a culpa a quen non a ten, e vostede acaba de facer exactamente o mesmo. Agora, van dar axudas, pero o lume apágase antes de que arda, e iso é o que ten que facer a Xunta de Galicia. O que vivimos no 2025 é froito de causas estruturais que levamos moito tempo demandando dende as distintos foros onde se poden tratar. Lévanse acumulando fallos, e volvemos ao que lle dicía antes, non buscamos culpables, non queremos arder no 26, no 27, no 28 e no 29, non queremos arder nunca máis. E quen ten hoxe por hoxe a responsabilidade é á Xunta de Galicia e non o clima, como vostede pretende indicar. O sistema galego de loita contra incendios da Xunta de Galicia leva anos esgotado, unha xestión insuficiente forestal e sistematicamente unha mala a ordenación do territorio. E,

como lle digo, os incendios non se apagan desde que arden, apáganse co tratamento, defendendo a Galicia rural que levan abandonando dende hai moito tempo. Existe unha correlación directa evidente entre os incendios e o abandono rural. Teñen máis de 30.000 núcleos rurais abandonados porque non hai esa xestión territorial necesaria. E, por certo, os territorios de Lugo e Ourense, que foron os que máis arderon, recibiron cero euros do fondo de compensación nos últimos anos, como tamén se leva denunciando, curiosamente, son os territorios máis afectados; 17 anos de Goberno interrompido da Xunta de Galicia polo PP e segue sen cumprir os compromisos asumidos. Así que leccións de vergonza, señora Candia, non nos veña dar.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Rermatou o seu tempo. Quenda agora para a voceira do Partido Popular. Tres minutos. Cando ando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas, señora alcalde. E sempre dirixíndome con educación, e sen berrarlle a ninguén, porque para entendernos non fai falta alzar a voz. Mire, señora Ferreiro, eu fállolle de Lugo porque estou na Corporación de Lugo e son concelleira en Lugo. Estoulle lendo unha acta que se nos contesta que o 18 de xullo empezan máis tarde só desbroces, porque como hai tanta maleza terían que pasar dúas veces e iso significaría gastar máis e iso, como comprenderá, non hai que ser un experto para concluír que non é o máis axeitado para facer unha correcta prevención de incendios. Pero é que lle digo máis, o 9 de agosto, o alcalde desta Corporación dicía que levaba desbrozado 15 parroquias e campos das festas. Temos 54. Se iso é planificación, e se iso non é traballar pouco ou incluso de maneira improvisada, tamén con total obxectividade e con total educación, indícolle que creo que están vostedes equivocados, pero é que lles digo máis, traer é poñer leccións a outras administracións en tema de incendios coa situación que teñen, por exemplo, co noso parque de bombeiros, pois é dende logo outro exercicio de cinismo político. Un corpo de bombeiros sen cadro de mandos, coas vacantes sen cubrir, oito concretamente, sen o mínimo necesario para prestar una correcta reacción ao servizo, sen reter talento, sen pagarlle o que se lles deben, que se lles deben horas extras e conceptos de máis dun ano, con instalacións deficientes. Pode ensinarlle aquí fotos que levan carteis de espazos que non se poden usar, anos colgado ese cartel, anos incluso adquirindo material de segunda man, con constantes promesas incumpridas, con datos e datas que nunca chegan, e demostrando unha vez máis que a prevención de incendios non é unha prioridade. Pero podería lerlle a literalidade do informe do Servizo de Enxeñaría na penúltima catástrofe incendiaria na nosa cidade, e as peticións e as advertencias que lles facían para mellorar as infraestruturas hidráulicas.

Entón, con total corrección, pero tamén con datos que son, como diría a expresión popular, verdades como puños. Vostedes leccións de incendios, ningunha. E efectivamente seguro que lle gustaría máis que lles fala do barco de Valdeorras, pero fállolle de Lugo, porque vostede tamén se debe a Lugo, e vostede debería estar preocupada, que as franxas secundarias estiveran desbrozadas, que as

estradas municipais estivesen accesibles e tamén desbrozadas en prazo. E incluso podería así, o Partido Socialista, que todos sabemos que hai un bipartito, ou tripartito, a veces xa non sabemos moi ben o que hai, se non lle chegan os recursos e a concelleira correspondente di que tería que duplicar e non nos ten, o Bloque Nacionalista Galego, se realmente está preocupado pola prevención de incendios neste Concello, debería ceder do seu orzamento e, se fixera todo iso, indubidablemente nós aplaudiríamos e dariámoslle as grazas e demostraría que a prevención de incendios é unha prioridade para vostede, mentres o que vén facer é un debate político que a min non me importa en que medio de transporte vai o presidente.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Rematou o seu tempo. Quenda de peche para a voceira, do Bloque Nacionalista Galego. Cando queira.

DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Señora Candía, acaba de dar hoxe unha lección maxistral típica do Partido Popular, non sei se actúa como concelleira ou como parlamentaria, porque vostede, dependendo do sitio onde estea, así actúa dunha maneira ou outra, depende de se hai foto ou non hai foto.

En todo caso, ... eu levaría voz, si, porque son así vehemente, pero vostede é maleducada porque están continuamente tendo que chamarlle á orde por estar interrompendo cando os demais falamos, así que con educación e con respecto, pídlle que respecte cando os demais falamos. E dígolle que lle acaba de facer unha lección maxistral do Partido Popular, que é botar balóns fóra a todo aquilo cando teñen as competencias. E vostede ponse falar dos lumes de Lugo por non asumir que isto que estamos debatendo aquí hoxe é para trasladar á Xunta que faga un plan forestal de política forestal deseñada para que non haxa incendios nin en Lugo, nin en Ourense ou en Mondoñedo, en ningún lado, e vostedes o que teñen que facer é apoiar ou non o que aquí lles propoñemos para que a Xunta asuma a súa responsabilidade.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Gracias, rematou o tempo. Pois eu, antes de pasar á votación, señora Candia, e con esa mesma suavidade nas formas, non sei se impostada que vostede traslada, porque un non ten que presumir do que xa é, direille un par de cousas: primeiro, que é absolutamente proverbial a capacidade que teñen vostedes de desviar o foco y de botar balóns fóra, botándolle a culpa a outras administracións. Mire, vostede pode enredar como queira, argumentar como queira, pero a verdade é que Galicia arde, as casas quéimanse e o país está en llamas e iso é unha competencia directa da Xunta de Galicia, e non vale botarlle a culpa aos incendiarios, á climatoloxía, e non sei cantas historias, a competencia é da Xunta de Galicia, e iso é o que demostra é o fracaso rotundo das políticas agrarias e forestais do Partido Popular nos últimos anos. Teñen o rural abandonado, despoboado, os veciños e veciñas trasladándolles ás cidades E, por tanto, como pretenden vostedes conservar o territorio, previr os incendios e que non haxa esa lacra? Por tanto, cada un ten que

asumir as súas competencias. E se vostede quere realmente, en vez de desviar a atención, falar da política anteincendios deste Concello, pois eu propóño que presente unha moción, a debateremos, nosoutros daremos os nosos argumentos, vostede os seus, os veciños e veciñas poderán sacar conclusións, pero non veña aquí desviando a atención sobre un tema que asolou o país durante todo o verán, que afortunadamente ao municipio de Lugo e aos municipios próximos non lles afectou, pero que si preocupa a todos.

15/133 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 270/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA IMPEDIR A DESCONEXIÓN DE GALICIA A TRAVÉS DUN PLAN INTEGRAL DE INVESTIMENTOS E MELLORA DA MOBILIDADE NACIONAL E INTERNACIONAL EN GALICIA (Exp. 2025/G004/000541).- Vista a citada proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“A mobilidade de persoas e mercadorías constitúe un elemento estratéxico para o desenvolvemento económico, social e demográfico de Galicia. Dispor de infraestruturas modernas, ben conectadas e seguras é imprescindible para atraer turismo, crear emprego, mellorar a competitividade empresarial e ofrecer oportunidades de futuro ás novas xeracións.

Non obstante, a realidade actual amosa grandes carencias por parte do Goberno central. Segundo establece a Constitución española, a planificación e execución das infraestruturas básicas de comunicación de interese xeral son unha competencia exclusiva do Estado. A falta de investimentos e planificación neste eido vulnera as obrigas legais da Administración central e supón unha seria desvantaxe para Galicia fronte a outras comunidades autónomas.

Na rede viaria estatal persisten atrasos e déficits importantes: autovías sen rematar, estradas nacionais obsoletas e con firme deteriorado, e peaxes inxustas como as da AP-9. No transporte por estrada, a eliminación de liñas estatais de autobús afectou gravemente á poboación dos concellos pequenos e medios, especialmente no rural.

A situación ferroviaria é especialmente preocupante. Lugo e Ferrol seguen excluídas da alta velocidade, mentres que o FEVE na Mariña e norte da Coruña sofre un abandono total. Ningunha das súas reivindicacións históricas foi atendida. Neste contexto, as recentes declaracións do ministro de Transportes, Óscar Puente, cuestionando o “pouco uso” do tren en Galicia supoñen unha auténtica broma de mal gusto para os galegos, ao desconsiderar anos de abandono e falta de investimentos do propio Goberno central.

A cidade de Lugo exemplifica como ningunha outra esta discriminación: conta cunha das peores conexións ferroviarias de España, con só 6 trens diarios (4 con destino a Ourense e 2 á Coruña), horarios que impiden a xestión de trámites nun

mesmo día en Madrid e unha chegada á capital do Estado que non se produce ata as 14.08 horas. Ningún tren conecta Lugo con Santiago, mentres outras cidades galegas dispoñen de frecuencias moi superiores: entre A Coruña e Santiago existen 28, entre Ourense e Santiago 17, e entre Pontevedra e Santiago 20. Lugo, pola contra, rexistra **0 frecuencias** na súa conexión ferroviaria coa capital política e administrativa de Galicia.

No ámbito aeroportuario, Galicia padeceu recentemente a perda de rutas e frecuencias sen que exista unha política de coordinación ou promoción eficaz por parte do Goberno central. Esta situación compromete tanto a conectividade da cidadanía como a proxección internacional do tecido produtivo galego.

En definitiva, Galicia sofre un déficit estrutural en materia de transporte e comunicacións que limita o seu desenvolvemento e prexudica a igualdade de oportunidades. Por iso, resulta imprescindible reclamar un plan integral que dea solución a estas carencias.

O Pleno da corporación de Lugo installe ao Goberno do Estado á elaboración e impulso dun Plan integral de investimentos e mellora da mobilidade nacional e internacional en Galicia, que contemple:

- Un plan integral de investimentos en estradas:
 - o Remate e construción das novas autovías pendentes (A-54, A-56, A-72, A-74, A-57, A-59...)
 - o Melloras no mantemento das infraestruturas existentes.
- Recuperación das liñas e paradas de transporte estatal por estrada.
- Potenciación real do sistema ferroviario:
 - o Inclusión da cidade de Lugo no estudo de análise para implementar o servizo de proximidade en Galicia
 - o Finalización e extensión da alta velocidade ferroviaria, incluíndo Lugo e Ferrol, a mellora das frecuencias dispoñibles.
 - o Materialización da conexión ferroviaria con Portugal.
 - o Modernización das liñas ferroviarias xa existentes e garantir a conexión entre todas as cidades galegas.
 - o Recuperación e impulso do FEVE.
- Medidas de impulso e coordinación do sistema aeroportuario galego:
 - o Revisar as taxas aeroportuarias aplicadas por Aena co fin de favorecer a competitividade dos aeroportos rexionais galegos.
 - o Establecer sistemas de incentivos específicos para aeroliñas que aposten por incrementar roteiros, frecuencias ou manter bases operativas en Galicia.
 - o Promover medidas de coordinación dende o Goberno central co fin de garantir unha conectividade aérea adecuada e estable.
 - o Impulsar campañas de promoción turística e económica que reforcen a posición de Galicia como destino atractivo para a operación de aeroliñas nacionais e internacionais.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

Instarlle ao Goberno do Estado á elaboración e impulso dun Plan integral de investimentos e mellora da mobilidade nacional e internacional en Galicia, que contemple:

- Un plan integral de investimentos en estradas:
 - o Remate e construción das novas autovías pendentes (A-54, A-56, A-72, A-74, A-57, A-59...)
 - o Melloras no mantemento das infraestruturas existentes.
- Recuperación das liñas e paradas de transporte estatal por estrada.
- Potenciación real do sistema ferroviario:
 - o Inclusión da cidade de Lugo no estudo de análise para implementar o servizo de proximidade en Galicia
 - o Finalización e extensión da alta velocidade ferroviaria, incluíndo Lugo e Ferrol, a mellora das frecuencias dispoñibles.
 - o Materialización da conexión ferroviaria con Portugal.
 - o Modernización das liñas ferroviarias xa existentes e garantir a conexión entre todas as cidades galegas.
 - o Recuperación e impulso do FEVE.
- Medidas de impulso e coordinación do sistema aeroportuario galego:
 - o Revisar as taxas aeroportuarias aplicadas por Aena co fin de favorecer a competitividade dos aeroportos rexionais galegos.
 - o Establecer sistemas de incentivos específicos para aeroliñas que aposten por incrementar roteiros, frecuencias ou manter bases operativas en Galicia.
 - o Promover medidas de coordinación dende o Goberno central co fin de garantir unha conectividade aérea adecuada e estable.

- o Impulsar campañas de promoción turística e económica que reforcen a posición de Galicia como destino atractivo para a operación de aeroliñas nacionais e internacionais.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, ten a palabra, cinco minutos, o voceiro do Partido Popular, Sr. Ameijide.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Moitas grazas, señor alcalde. Pois se me permite, primeiro dar un saúdo aos veciños de Rubiás e de Pedreda que hoxe nos acompañan, e coa suavidade impostada, a miña sen impostar, que non me me caracterizou por ser suave, dicirlle dúas cousas con respecto ás súas aclaracións de agora: o primeiro, asumir as competencias é aquí onde hai que pedir que as asuman, porque todas as franxas secundarias deste Concello, que debería atender este Concello, porque son competencia deste Concello, están sen atender e hai miles de reclamacións sen atender... O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... a proposición vai de plan integral de investimentos e mellora da mobilidade nacional e internacional en Galicia, e gustárame que se axustara, houbo un tempo para debater, salvo que pense que os argumentos que presentou a súa voceira non son contundentes e vostede quere emendárllos, pídolle que se centre no motivo da proposición que temos por diante...

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: ... Ben, entendo que este minuto que me colleu non haberá problema para continuar na intervención... Non, non me molesta, nin moito menos considero que estivese mal defendida, o que me parece é que vostede a covardía de non querer intervir nos debates, que xa era propia doutros alcaldes pretéritos, fai que argumente cousas que despois non quere que lle responden. Pero, como agora teño unha quenda de palabra e vostede utilizou a súa tamén, eu estoulle dicindo que as franxas secundarias de Lugo seguen sen desbrozar... O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Son cinco minutos de intervención... DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: ... Si, claro, se vostede non me rouba un minuto, claro, está claro, evidentemente. E vostede falou a ordes rural abandonado, para non ter un rural abandonado, para non ter unha provincia e para non ter unha capital, unha cidade abandonada e sen oportunidades, hai que facer exactamente o que falamos nesta iniciativa, nesta proposición, que é recuperar a conexión, a mobilidade, a competitividade da nosa provincia, e iso faise con infraestruturas, iso faise coa colaboración dun Goberno que nos está dando as costas desde Madrid. Hoxe, con esta iniciativa, o que lle queremos dicir é basta xa a desconexión que temos en Lugo.

En materia de infraestruturas e tamén en materia de emerxencias, porque tampouco estivo cando se lle necesitou o Goberno de Madrid, tampouco estivo, diso tampouco se acordaron.

Están comprometendo o futuro desta xeración é das que virán coa súa falta de investimento, están, e dígoos en plural, o PSOE e o BNG, porque son corresponsables e son socios neste goberno do Estado, socios en plena calidade e totalmente compartindo ese agravio comparativo que xeran a diario dende o Goberno central para a nosa Comunidade autónoma e concretamente para a nosa capital, para a nosa cidade. Oxalá ese deputado que teñen en Madrid, o Bloque Nacionalista Galego, fíxese algo por Lugo, en lugar de traballar só para os nacionalistas vascos ou cataláns. Estamos illados, isto é algo incuestionable, non é que o diga eu, senón que o din nos propios estudos de viabilidade, nas propias memorias do Ministerio, onde falan da... Vou ler ... *No obstante, existen importantes núcleos de poboación cuya conexión a la red ferroviaria de altas prestaciones es susceptible de mejora, El caso de Lugo, capital de provincia, y una de las siete ciudades de Galicia, es una ciudad de gran importancia en el tejido poblacional, productivo, socioeconómico y cultural dentro de la Comunidad Autónoma de Galicia, y urge afrontar la mejora de su conexión con el resto de la red.* É que vostedes o recoñecen nas propias memorias, é que o sabe todo o mundo, a absoluta desconexión que estamos vivindo na nosa provincia, e concretamente aquí en Lugo.

Vostedes dirán si, pero temos agora unha nova intermodal e eu direilles hoxe aquí, porque é un debate que por desgracia tivemos moitas veces, teremos unha intermodal pero sen trens. E dirán que van electrificar a vía, e eu direilles que só temos catro conexións con Madrid se queremos ir, catro. É que ningunha delas nos permite chegar antes das dúas do mediodía e que ningunha delas nos permite ir a traballar, ter unhas reunións e volver no día. O que si lles permiten a outras capitais e outras cidades. Non queremos máis que os demais, pero non entendemos, e o BNG e o PSOE deberían responder, porque o que para outros é normal, para nós é imposible aquí en Lugo. Vivimos nun tempo dixital e vostedes queren ancorarnos no analóxico, e esta é a realidade. E vostede, señor alcalde, foi a ter unha reunión a Madrid, e ía ser a panacea, ía ser a resolución de todos os problemas de infraestruturas e de ferrocarril, o revulsivo do transporte por ferrocarril en Galicia, concretamente para Lugo, e non trouxo nada, absolutamente nada. Nin unha frecuencia, nin un anuncio, nin un investimento máis, e foron a Oural a anunciar o novo túnel, efectivamente un investimento importante, pero sen continuidade porque, ao final, con túnel ou sen túnel, o propio delegado do Goberno recoñeceu que, se queres coller un tren de alta velocidade, tes que ir a Ourense, porque en Lugo non hai alta velocidade nin a vai haber...

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Rematou ... DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: ... Sr. Alcalde, o tempo que me colleu vostede terá quedeixalo ... O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Perdoe, díxenlle que se cinguira á cuestión, non o fixo, non podo darlle máis tempo ... porque sería un agravio comparativo co resto de compañeiros e compañeiras, e hai unhas normas que temos todos que acatar, e vostede tamén. Polo tanto, rematou o seu tempo, doulle a palabra o representante do Bloque Nacionalista Galego. Cando queira.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas, alcalde. A verdade, Antonio, é que empatizo contigo, porque sempre che toca facer uns papelóns, uns auténticos papelóns, ter que defender proposicións nas que tes que acabar creando unha liña argumental bastante complicada.

A representación no Congreso: O Partido Popular ten 137 deputados e deputadas, 137; o Bloque Nacionalista Galego, 1. É mais, se nos cinguimos aos deputados galegos, o Partido Popular ten 13, 13 deputados e deputadas galegos, 13; o BNG ten 1. Home, isto ata un neno de preescolar sabe quen ten máis peso para poder a presionar, exixir, conseguir, loitar, presentar iniciativas. Ata un neno de preescolar o sabe, porque sabe que 13 é máis que 1, e 137 é moitísimo máis que 1. Pero para o Partido Popular os problemas que haxa de comunicacións é dun deputado do BNG, un deputado, por certo, que conseguiu que se iniciase o estudo para comunicar Lugo con Santiago de Compostela a través de ferrocarril, algo que nunca conseguiu ningún deputado do Partido Popular, nin ningún ministro nin ministra do Partido Popular en moitos anos que gobernou, porque agora parece que o Partido Popular nunca gobernou no Estado, nunca, Aznar non existiu, Rajoy parece que tampouco, nunca gobernou o Partido Popular no Estado. Entón, claro, nós, ante unha proposición como esta, estamos a favor, si, estamos a favor todo o que sexa exixir melloras nas infraestruturas, nas comunicacións e na mobilidade, tanto para Galiza como para Lugo, imos estar a favor, pero aquí o Partido Popular vén facer un papel hipócrita, autenticamente hipócrita, porque cando ten que gobernar non actúa. E ademais lía algunha das cuestións e eu non sei... supoño que esta proposición non a viu á súa ideóloga, a señora Ayuso, porque, nunha das que fala, fala da materialización das conexións ferroviarias con Portugal, lembremos que a señora Ayuso dixo que conectar Galicia con Portugal que era que pouco menos que un atraso, que os galegos non merecíamos conexións ferroviarias, que o importante é unir Madrid con Lisboa, ata tivo que ir o propio Goberno portugués e dicir, oia, señora, vostede non ten nin idea, a nós non nos interesa conectarnos con Madrid, interésanos conectarnos con Galiza que é onde se move o 82% dos movementos demográficos entre os dous estados. Tivo que ser o propio goberno portugués, porque a señora Ayuso dicía que non merecíamos esa conexión con Portugal. De feito, así lle foi, que uns días despois foi dar un mitin a Vigo, autenticamente desastroso, e, de feito, os resultados electorais en Vigo, porque era a cidade máis afectada por iso, para o Partido Popular nas galegas foron autenticamente desastrosos. Pero é que, se seguimos con outro tipo de cuestións a respecto das infraestruturas, a hipocrisía do Partido Popular neste aspecto, me gustaría tamén lembrar cousas como que no 2015, neste Pleno, lembroo perfectamente porque estaba eu, aprobouse unha proposición unánime para que se iniciasen os traballos, os proxectos para poder mellorar a seguridade na Nacional N-VI, entre a avenida das Américas e Garabolos, que é a estrada con máis tráfico da provincia de Lugo, para que se iniciasen, porque habían problemas de seguridade, o Partido Popular seguiu gobernando tres anos e negouse a levar adiante nada que afectara directamente a Lugo e a seguridade de Lugo.

Aquí falan, por exemplo, tamén do transporte de cercanías, do ferrocarril de cercanías, claro, aquí en Galiza, xa non en Lugo, é que Galiza era a única comunidade autónoma creo que con La Rioja que non tiña e que non ten , e que agora parece que se vai crear, que, por certo, foi unha esixencia histórica do BNG. Fálase, incluso, nalgún momento do tema das autopistas. Temos aí a AP-9, esa prórroga que lle deu un tal José María Aznar e que agora nos teña aí embarcados, senón a AP-9 hoxe en día sería pública e os galegos e galegas poderíamos atravesar o Eixo Atlántico de forma gratuíta e non como agora pagando peaxes desorbitados. Fala tamén, en canto á recuperación de paradas de transporte por estradas, totalmente de acordo, evidentemente ese é un problema para os nosos concellos máis rurais, que é un transporte necesario, pero cómpre lembrar tamén que cando nos últimos anos, cando o Goberno galego, o Goberno da Xunta estivo facendo as modificacións do transporte público, estivo retirando tamén paradas e liñas que conectaban concellos con Lugo, como pode ser o caso e Friol, de Portomarín, que ademais servían como paradas para diferentes parroquias do propio concello de Lugo e nos últimos anos fóronse reducindo, e hoxe en día dá menos servizos. Entón non podo deixar dicir que unha proposición hipócrita, pero ímola apoiar porque entendemos que todo o que sexa mellorar pois aí estaremos.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas, señor Arroxo. Quenda de palabra para a señora González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas. Seguindo o fío, dicía ademais da hipocrisía amosada polo Partido Popular, que dende logo está mellor na oposición, porque é cando se acordan de Lugo, porque durante os mandatos do Partido Popular o único que fixeron foi reducir os investimentos en materia de infraestruturas. E doulles algúns datos, independentemente de que imos sempre apoiar todo aquilo que sexa favorable para Lugo, como é a mellora das infraestruturas, entre 2013 e 2016 o investimento real en Galicia reduciuse un 60%. Fomento, por exemplo, pasou dun investimento de 1300 millóns en 2013 a menos de 300 millóns en 2016, eso era gobernado polo Partido Popular. Entón sigan na oposición, que é cando se preocupan por Lugo. E, como lles dicía, non pode ser doutra maneira, compartimos con vostedes a importancia que teñen as infraestruturas, pero traballando por elas, señor Ameijide, o desenvolvemento destas infraestruturas, como leva manifestando o Sr. alcalde en todas as reunións, e para melloralas, para crear emprego, para mellorar a calidade de vida das persoas que aquí vivimos e para seguir avanzando e, por suposto, para mantelas en perfecto estado é necesario investimento, non reduciilo, como fai o Partido Popular cada vez que goberna.

Entón nós imos seguir loitando por ese investimento, que tamén lle recordo que nos últimos anos desde que é o Partido Socialista con Pedro Sánchez goberna ten o maior investimento da historia en infraestruturas e queremos seguir reclamando porque a nosa obrigaón é sen entrar en temas competenciais, que a vostedes tanto lles importan, pero só cando pretenden que as demais administracións fagan o traballo de todas aquelas que goberna o Partido Popular, e non lle dá a gana de

facер, como é o caso dos incendios. Segundo o Ministerio de Transporte, Mobilidade Sostible o investimento previsto ata 2030 no ferrocarril galego vai ser de 3.355 millóns de euros, o que pasa é que aínda non chegamos a 2030, estamos cerquiña, pero vaise investir iso, porque imos seguir gobernando e vai apostar por Galicia o que non fai o Partido Popular. Polo tanto deixe de contar historias porque é que ultimamente o seu *modus operandi*, e aquí nas infraestruturas, igual que nos incendios, non debería de haber cores políticas, senón que estar loitando todos polo mesmo, polos mesmos intereses. Está nas súas mans, coma sempre, a renovación de todas as infraestruturas. Non queremos promesas, e actualmente estanse executando. A vostede gustaranlle máis ou gustaranlle menos e poñerá trabas: se se fai o de Oural, porque non ten continuidade; se se fai o do ferrocarril, porque non chegan os trens. Señor Ameijide, estamos en evolución e non abandonados. Afectan a estas comunicacións obras que superan os 550 millóns de euros; en Galicia hai 650 quilómetros de estradas por cada 100.000 habitantes, polo tanto, tamén hai que ter en conta o contexto de Galicia, e é o que está facendo o actual Goberno. O investimento previsto para os vindeiros anos é de 801 millóns de euros, e remataranse as autovías que... vostede non recorda aos seus inaugurando autovías que aínda están hoxe sen rematar. Canto fai que non goberna Rajoy en España? E foi o que dixo que se ía a facer. Non nos tomen o pelo, señor Ameijide.

Eu creo que temos que seguir avanzando, loitando, o alcalde seguirá facendo as visitas que considere oportunas, sempre para mellorar as infraestruturas de Lugo, e nunca se vén coas mans valeiras, aínda que vostede lle pareza mentira, sempre vén con algo, o que pasa é que deuse un pouco de marxe para que se poidan realizar estas accións.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben. Pois ten a palabra agora o señor Ameijide en segunda quenda.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Non, se eu non dubido que vostedes sempre que van a algunha desas reunións veñen con algo, pero trátase de que traian algo para os veciños de Lugo, non para vostedes, para vostedes xa sei que o traen, iso xa o teño moi claro. Pero falar de que estamos en evolución, cando temos un Partido Socialista que saca peito de que somos a única provincia que nos vamos a quedar desconectados do crecemento enerxético en Galicia, a verdade é que é chamativo; chamar evolución ao que estamos vivindo agora mesmo en materia de ferrocarril, cando somos a provincia e a cidade peor conectada de Galicia e do entorno, a verdade é que é chamativo. A evolución é cando evoluciona máis que os demais, pero é que nós involucionamos en relación cos demais, porque o que teñen outras cidades de Galicia, nós non o temos; o que teñen outras cidades do contorno de Galicia, nós non o temos; nos quedamos á marxe de todo, Ana, e quen está gobernando e quen está facendo ese agravio comparativo é o voso Goberno, o Goberno do PSOE e o Goberno do BNG en Madrid, porque, evidentemente, Rubén, agradezo o apoio a esta iniciativa y evidentemente temos 137 deputados, 136 máis ca vós, pero é que eses 136 votan en contra destes ataques a Galicia mentres o

voso deputado vota a favor do que se está facendo dende o Goberno de Sánchez coa provincia de Lugo concretamente. De feito, un exemplo moi gráfico: houbo un anuncio na Subdelegación de Goberno para modernizar totalmente as infraestruturas ferroviarias, 1.600 millóns de euros para ter a alta velocidade en Lugo. 15 días despois houbo unha moción de censura y ese voto do BNG foi determinante tamén nesa moción de censura para que 1100 deses millóns desaparecesen e agora só haxa un investimento de 600 millóns para electrificar unha vía que vén co mesmo trazado, coas mesmas pendentes, practicamente do século XIX. E non me equivoquei do XIX non do XX. Isto é a realidade do ferrocarril en Galicia. Cando agora se anuncia a unha rede de cercanías para Galicia, sabedes que provincia queda fóra? Sabedes que cidade queda fóra das cercanías? A de Lugo. Houbo nalgún momento nalgún deses anuncios que afectou ou se dixo que se ía a facer algo con Lugo? Ben, pois isto foi hai unha semana, fai un par de semanas. Eu non vin nin ao Bloque, con ese deputado que consegue de todo para a provincia e para Galicia, nin vin a ningún do Partido Socialista demandando conexión de cercanías para Lugo, igual que tampouco vos vexo pedindo aos vosos compañeiros de Madrid terminar a autovía A-54, que leva anos de atraso. Tampouco vexo que se mova nin un papel da A-56 para conectarnos con Ourense, é dicir, para poder ir a coller o tren a Ourense, porque realmente é a única opción que imos ter de ver a alta velocidade, Nin tampouco vexo que se mova a A-74, a A-76 ou calquera das outras autovías comprometidas, nin un mínimo mantemento decente nas nacionais que temos. Ide pola 540 para ver os parches que se fixeron en relación co que se anunciou en prensa.

Non pedimos máis que ninguén, pedimos ter o mesmo que o que se lles dá a calquera provincia ou a calquera capital da contorna da nosa, pero é que non temos nin a 4ª parte.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten agora a palabra o voceiro Rubén Arroxó. Cando queira.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Si, a verdade é que, e claro que que é moi difícil poder defender dende o Partido Popular esta proposición. Estalo facendo ben, estás facendo grandes esforzos, pero é que de cando en vez acabas metendo cousas que son un pouco surrealistas. Eu sei que no Partido Popular se adoitan cometer bulos para intentar manter..., vemos a Feijóo constantemente, o señor Tellado xa é o profesional do profesional, pero non te deixes caer nesa liña, e agora escoitaba algún como que o BNG formaba parte do Goberno do Estado. Entre simplemente na páxina do Goberno do Estado e verá os membros do Goberno, a ver cantos membros ten o BNG nese Goberno. O Partido Popular tivo moitísimos durante moitos anos, ministros, incluso tivo algunha ministra galega, que de Lugo se esqueceu, esqueceuse totalmente. Despois tamén outro bulo: que o BNG participou nunha moción de censura; o BNG non participou de ningunha moción de censura, non, non, pode ler a acta dese Pleno, non participou. Entón, claro, eu entendo que é tan difícil que ao final aquí soltar cousas, cousas falsas, a ver se colan, pero é que a realidade é moi fastidiada. A realidade é que podemos falar

deses grandes logros que conseguiron os gobernos do Partido Popular. Falaba antes da AP-9, que teñamos que estar pagando a prezos increíbles a AP-9 cada vez que temos que cruzar o país de norte a sur, pois iso foi por unha decisión do Partido Popular, na que seguro que hai un señor que se chama Bárcenas que sabe moito das razóns de por que se fixo esa prórroga a custa das galegas e dos galegos; igual que todo o que comentamos, eses 137 deputados e deputadas do Partido Popular, pódese dicir algunha medida que lograrse? Absolutamente ningunha. Eses 13 deputados e deputadas galegos do Partido Popular, tres da provincia de Lugo, pódese saber dalgún logro que conseguisen para Lugo? Absolutamente ningún. Home! É que ao final están cobrando sen traballar na práctica, porque non están conseguindo absolutamente nada para Lugo. Entón, realmente eu entendo que é moi difícil, entendo que tedes que defender esta moción, que nós imos aprobar, xa digo, porque todo o que sexa pedir cousas para Lugo ímola apoiar, pero, home, a ver, é que, claro, o primeiro é predicar co exemplo, senón estamos entrando nese ciclo de hipocrisía que amosa o Partido Popular con frecuencia.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois tres minutos de tempo para Ana González Abelleira. Cando queira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Pois, se non lle gusta a palabra evolución chamémoslle logo transformación, a que vostede queira. Pero, mire, todos lembramos, falaba da A-54, en 2015, quen inaugurou o tramo Guntín-Palas de Rei da A-54? O señor Rajoy, e quen está rematando esa obra agora? Leccións pouquiñas. Quen dixo que ía traer o tren de alta velocidade a Galicia? O señor Feijóo, e o que pasou foi que colleu el velocidade para marchar para Madrid. Señor Ameijide, sexamos serios, eu concordo que ten un papelón, pero cando se fan propostas teñen que vir con alternativas e con ideas, e vostedes o único é traela agora para criticar o Goberno de Pedro Sánchez. Este Goberno municipal, vólvolle repetir, co noso alcalde á cabeza, está comprometido a seguir loitando, traballando e exixindo, trátase de quen se trate, porque o que buscamos é a mellora de veciños e veciñas, e, por certo, pensa o ladrón que todos somos da súa condición, porque non sei a que veu o comentario, que dixo antes, pero se quere máis datos durante o tempo que me queda. Mire, en Lugo recibiu máis investimento estatal ca nunca con este Goberno do Partido Socialista. Pero, sabe, mentres tanto, o que fixo a Xunta: deixou de executar fondos europeos, e non o digo eu, o Consello de Contas, que di que non executou nin un euro dos 200 millóns dispoñibles, entre 2022 e 2023 para infraestruturas. Entón, con que nos queren enganar. Vostedes seguen contando historias que soamente vostedes cren coa necesidade de pensar que os lugueses e as luguesas non temos opinión nin criterio nin sabemos ler, porque son mentiras. Non hai propostas técnicas alternativas ao mapa estatal. Estamos só ante críticas, lexítimas por suposto, porque vostedes poden criticar o que lles pareza, desde logo sempre critican medianamente se fai ben. A Xunta non presentou un plan alternativo, xa se comentou o plan de autobuses, e de quen é a competencia? Non existe o plan director autonómico para o corredor atlántico, por poñer dous

exemplos, señor Ameijide, pero ben, vólvolle dicir, as infraestruturas para o Concello de Lugo son moi importantes e este Goberno vai aprobar todas aquelas mocións, proposicións que se presenten para un futuro mellor, e, por certo, se seguen criticando, veñan acompañadas de propostas executables e reais. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Última quenda polo señor Ameijide. Cando queira.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Rubén terás que aclararte con Ana Pontón, porque di aquí que o BNG destaca que o nacionalismo foi clave para desalojar a Mariano Rajoy do Goberno. Poñédevos de acordo, sodes clave non sodes clave, pero non se pode soprar e sorber, é moi complicado. Por tanto, agradezo o apoio pero, home, non reneguedes do apoio que lle dades a diario a Sánchez, porque é moi feo renegar do que se fai.

Ana, transformación si, esa palabra di que é boa, pero transformación a peor, porque estamos involucionando en comparativa co resto de capitais que nos rodean, de Galicia e da contorna. Por tanto, transformacións si, tes toda a razón, O PSOE está transformándonos dende Madrid a peor, a desconectarnos, a deixarnos fóra de absolutamente todo, ata sen luz nos quería deixar agora. Quen dixo que ía atraer o AVE a Lugo? Anunciouse aquí por un Goberno de Mariano Rajoy. Quen non o trouxo? quen o vetou? quen anulou as variantes? O Goberno de Pedro Sánchez. Nós que queremos? Alta velocidade, frecuencias, cercanías, autovías, mantemento nas estradas e non ter menos que os demais. É moi simple o que queremos. Se queredes apoiar isto, eu creo que todos deberíamos estar de acordo.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois aínda que xa sei que o señor Ameijide non lle gusta que eu interveña, porque as verdades en principio non gustan, verdade. Primeiro estou no dereito e, segundo, como evidentemente, e máis faino moi ben, e fai ese papelón, que se dicía antes, que coincido con que o fai moi ben, pois dá informacións, imos deixalo en sesgadas. Pois tamén neste punto, se mo permite, voulle aclarar un par de cousiñas. Mire, como se pode ter os bemoles de vir aquí exixindo nada en relación á intermodal, un partido e unha ministra que deixou o proxecto literalmente nun caixón, que lle deixara o goberno socialista deseñado? Deixouno nun caixón e houbo que pagar incluso indemnizacións ás empresas que fixeron o deseño. Como se pode ter eses bemoles? E fala da intermodal sen trens, home, evidentemente, a intermodal está en obras, está en obras, imos rematar esas obras y despois imos exixir o que a Lugo lle corresponde.

Nós, como vostede dicía, xa estamos traballando, é un equipo, un grupo con Renfe, con ADIF e co Ministerio, e vamos intentar sacar o mellor para Lugo e polos cidadáns de Lugo, e non lle caiba ningunha dúbida, se esas negociacións non fructifican este Concello, e este alcalde, poñerase do lado dos veciños e á fronte de cantas reivindicacións se convoquen e en fronte da Administración, sexa ou non sexa do mesmo color político que eu defendo, non teña a máis mínima dúbida. E

sabe cal sería unha oposición leal do principal partido da oposición? Pois apoiar esa reivindicación e estar con este Concello e con este alcalde nestas xustas reivindicacións para os veciños, poñerse do lado dos veciños e, se non sae, se non se consegue, ese será o momento de criticalo, ese será o momento de poñer pegas, non agora cando estamos pelexando para ter servizos ferroviarios suficientes e de calidade, horarios e frecuencias, vale? no momento en que o Ministerio está facendo o maior investimento histórico nos servizos ferroviarios nesta provincia. Esa sería a lealdade, apoiar este Goberno, axudarlle, comprometerse con el, porque é beneficio para os veciños e para toda a provincia, e cando non o consigamos ou non sexamos capaces ou o fagamos mal, entón é cando nos teñen criticar abertamente e sacar esa rendibilidade electoral que pretende con esta moción e con esta posición de poñer paus nas rodas de cada iniciativa que leva adiante este Goberno, independentemente de se é beneficioso ou non para os veciños e veciñas. Pasamos á votación.

16/134 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 271/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTARLLE AO CONCELLO DE LUGO A ACOMETER AS OBRAS DE REPARACIÓN DA PONTE SOBRE O RÍO FERVEDOIRA QUE UNE OS NÚCLEOS DE PEDREDA E RUBIÁS (Exp. 2025/G004/000543).- Vista a citada proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“Os núcleos de Predreda e Rubiás están separados polo río Fervedoira, sobre o que había unha ponte pola que transitaban vehículos e peóns, sendo o paso de servidume diaria para ambas as parroquias. A día de hoxe, a ponte está completamente destruída, impedindo a circulación e facendo que os veciños teñan que buscar alternativas.

No mes de novembro de 2023, o Partido Popular presentaba unha proposición a Pleno para que o Concello de Lugo promovesese unha mesa de traballo coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil co fin de restituír a ponte da vía que une as parroquias de Pedreda e Rubiás. Nese momento, o actual alcalde reiteraba o compromiso de que “agora si estamos en disposición, porque xa nolo confirmou a Confederación a raíz de reunirse xurídicos nosos e da Confederación, e estudar o Plan hidrolóxico vixente desde este mesmo ano. Agora si podemos acometer ese plan”. Para rematar este Pleno, a Sra. Méndez manifestaba que “neste momento xa se está en disposición de poder acometer esta actuación desde un punto de vista xurídico que o ampare, e, polo tanto, pois se acometerá e estará xa en previsión a partir dos orzamentos que entrarán en vigor no vindeiro ano.... esta actuación vaise facer no ano 24...”

En xuño de 2024, este grupo presentaba un rogo a Pleno para que se cumprise a palabra dada e se reconstruíse a ponte da vía que une ambas as parroquias.

Cando teñen transcorridos case 2 anos dende o compromiso do actual alcalde, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a Pleno esta proposición para que o goberno municipal acorde:

Acometer as obras de reparación da ponte sobre o río Fervedoira que une os núcleos de Pedreda e Rubiás.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 do Grupos Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade do Excmo. Sr. alcalde presidente, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moí ben, pois ten a palabra a voceira do Partido Popular, cinco minutos. Cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Moitas gracias novamente. A veces escoitar frases para sumarnos a elas e buscar o que nos une: as infraestruturas para este Goberno son clave. Era unha frase que acabo de escoitar agora de ambos grupos políticos, referíndose a frecuencias ferroviarias, autovías... Pois moitas veces, para os núcleos de poboación e para as parroquias, as infraestruturas clave son as pontes tamén, como neste caso a que une os núcleos de Pedreda e de Rubiás.

Non é a primeira vez que falamos desta infraestrutura, insisto, necesaria neste salón de plenos, pero é verdade que hai case dous anos e ata agora diso nada sabemos. Por aquel entón é verdade que ata pretendían, non vou dicir a minorar a importancia desa infraestrutura, chamábanlle pendella, pero realmente para a nós é unha infraestrutura necesaria, e todo está moi relacionado, porque eu non sei porque lles molesta que falemos da realidade do Concello de Lugo, nótase claramente que é dos asuntos dos que lles gusta fuxir e dos que realmente non se defenden con esa vehemencia, pero esta se cadra é un claro exemplo de como xestionan, de como demostran que as infraestruturas son imprescindibles. É certo que no rural hai un gran esquecemento, gobernan vostedes aínda que o sigan intentando traer cousas, como dicía o alcalde, levan xa moitos anos intentando traer

cousas, nalgún momento terán que saír nun exercicio de honestidade e dicir: intentámolo, pero non o conseguimos, porque ata a data a verdade é que máis ben parece que nos están tomando o pelo.

Pero nesta, en concreto, é verdade é que vindo do señor alcalde que é unha persoa con moi pouca palabra, neste caso aquí poderá demostralo, no ano 23 cando debatíamos este asunto, xa non vou entrar no ton no que nos contestaba, porque despois de chamarnos hoxe mal educados e hipócritas, xa pouco queda ata que remate o Pleno para ir anotando o grao de educación, e menos mal que é un Pleno no que aínda nos invade un pouco a tristeza e non queríamos ser belixerantes, se chegan a vir con ganas de guerra, non sei o que nos chamarían. Naquel entón dicían: *Neste momento xa está en disposición de poder acometer esta actuación desde un punto de vista xurídico que o ampare, e, polo tanto, se acometerá e estará xa en previsión a partir dos orzamentos que entrarán en vigor no vindeiro ano, esta actuación vaise facer no ano 24.* Isto dicía o que naquel momento era o concelleiro encargado de Medio Rural que, como sabedes, agora esa responsabilidade tena outra concelleira, neste caso, pero entendemos que do mesmo o Goberno, aínda que lle vou a ser sincera, moitas veces parece que non é así. E o problema non é que mo pareza a min, o problema é que cos feitos me remito.

Naquel Pleno, señor alcalde, vostede falou cun pouco tacto, porque, ao final, os debates gáñanse con argumentos ou con datos, non fai falta, como lle digo sempre, nin berrar nin faltar ao respecto. A min que me chame maleducada, non me ofende, levo moitos anos nisto e nunca tiven unha chamada á orde e nunca en ningún debate alguén me chamou a atención. Pero, dito isto, vostede non o dixo, pero consentiu que é o presidente da sala e debería de pedirlle que o rectificase ou que o anulase, e non o fixo, e convértese en cómplice, por suposto. Pero insisto, iso é o de menos, nós hoxe traemos unha iniciativa para que se constrúa unha infraestrutura, que entendemos que é necesaria, unha infraestrutura que tamén serve precisamente para estar mellor preparados en caso dun incendio forestal, pois claro que si, porque hai determinadas infraestruturas que son estratéxicas. Sono ter ben limpos os bordes das estradas municipais, autonómicas e nacionais, e tamén o son que haxa vías de comunicación que nos permita chegar máis rápido e mellor, ou incluso que permita facer unha xestión forestal en termos máis ou menos de competitividade, de verdade, porque, se non se ten acceso nin para as propias talas, moitas veces se devalúan as plantacións que os veciños e veciñas teñen nestas parroquias.

Eu sei que había vontade, porque, senón, supoño que a vostede non lle farían quedar mal asumindo ese compromiso nunha acta plenaria fai case dous anos. Pero, tamén da maneira máis construtiva posible, hoxe queremos recordarlle que esa ponte aínda está sen facer, e o que é máis importante, que non hai tampouco ningunha información e ningunha transparencia, porque podemos entender que se dlatou porque este orzamento foi para aquela outra parroquia ou houbo esta circunstancia coa que non contabamos, os que gobernamos algunha vez sabemos que iso pode pasar. O que non aceptamos é o silencio, porque acaba sendo moi desprezador e ao final o que se interpreta e que todas as necesidades destas dúas

parroquias quedaron nun caixón ou no esquecemento. Por iso hoxe pedimos, dunha maneira construtiva, que se acometan as obras de reparación da ponte sobre o río Fervedoira, que une os núcleos de Pedreda e Rubias.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, rematou o tempo. Cinco minutos para a voceira do partido Socialista. Cando queira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Ben, señora Candia, dicíanlle antes que presumir do que se considera que non é necesario, faltou un pouquiño a verdade e obviou que dende aquel Pleno aínda houbo un rogo, tamén a Pleno, no que eu respondín a esa mesma pregunta que creo que trasladou a súa conselleira de Medio Rural, e o que se contestou, despois do que vostede acaba de dicir, é que se sería tomado en consideración. Isto foille en xuño de 2024. Pero, como aprobamos tamén na segunda proposición deste Pleno, reservado e preservando estritamente o cumprimento da normativa. É dicir, eu creo que tamén con algúns, que tamén dou a benvinda hoxe aquí os veciños e veciñas e veciñas de Rubiás e de Pedreda, nalgunha das visitas había algunha cuestión xurídica e técnica que habería que mirar con máis profundidade, independentemente de que a pretensión nese momento era o arranxo da ponte, pero vostede tamén, dentro da súa honestidade, fala dese vial, o vial non lle é tan vial, o vial remata na pontella, que non lle chamamos pendella, como vostede dixo, é unha pontella... si dixo antes pendella, e ese camiño público remata onde empeza a ponte de Rubiás, pero despois desa ponte sonlle terrenos privados e é un paso de servidume, e os espazos de servidume, como vostede ben sabe, son acordos privados nos que as administracións podemos ser partícipes pero a modo de conciliación ou, se fose necesario, o arranxo por algún motivo de seguridade e demais. Pero este camiño de servidume non está rexistrado no Catastro nin do 50 nin no actual. Polo tanto, eu creo que dentro desa seriedade, humildade e honestidade que vostede sempre manifesta coa que temos que traballar, tampouco se pode enganar os veciños e as veciñas. É dicir, nós non podemos aceptar esta proposta, pero si podemos avaliar o arranxo ou adecentamento desa ponte, pero o que lle é de mans privadas, pois xa non lle é cousa deste Concello. Polo tanto, poderíamos retomar o estudo do adecentamento daquela ponte, pero non como expresan vostedes nas súas diversas propostas. Eu entendo a crispación dos veciños e das veciñas, porque é lóxico, non é que levan dous anos, é que creo que levan máis de 14 pedindo o arranxo desta ponte, e na que non soamente está implicado o Concello, senón que os máis veteranos e veteranas recordarán que houbo unha modificación do curso do río que afectou a outras fincas próximas, e que creo que aínda está por dilucidar algunha petición que se fixo por algún veciño ou veciña daquela zona.

Polo tanto, eu creo que, se queremos tomar en serio esta situación, hai que contar a verdade. Podemos mirar o adecentamento, pero non é o que pide esta proposición. Noutras ocasións a señora concelleira presentou en plenos e comisións o arranxo da ponte, o arranxo da ponte é unha cousa, habilitar o camiño élle outra. Entón, imos a ver e podemos poñernos a disposición de toda a

vecindade para ver que se pode facer, porque non depende soamente do Concello de Lugo.

Polo tanto, nós desde o Grupo Socialista poñémonos a disposición de todos os veciños e veciñas para calquera consulta e para ver que se pode facer nun non vial público, porque se é a intención é habilitar o tránsito e o tráfico polas fincas privadas, xa lle digo que en suelo rústico non se poden abrir camiños.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Segunda quenda para a voceira do Partido Popular. Cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Parto da base de que a ponte remata no mesmo sitio que remataba no ano 23, porque despois de escoitala ata parece que cambiou de lugar. Mire, vostedes nese mesmo Pleno literalmente contestaban que *non se podía facer porque a normativa nolo impedía* -parece que o Sr. alcalde tiña estudado o tema- *pero cambiou a normativa do Plan Hidrolóxico, pódese facer, dispoñemos dos cartos, temos a vontade e pódome comprometer a facelo de forma unha vez que entre en vigor o diñeiro do Plan único do ano 24*. Isto non o di o Partido Popular, isto dixérono vostedes.

Miren, a verdade é que eu xa sei que o sistema que teñen de xestionar e de facer as cousas é moi sinxelo, porque vostedes pódense permitir continuar no goberno a pesar de non gañar as eleccións e enredando e dilatando e dicindo que minto, porque non recordo que un ano despois me di que efectivamente o tomaran en consideración, confirmando efectivamente o mesmo que estou lendo aquí nunha acta, páxina 104 do Pleno do 30 de novembro do ano 2023. Ademais cónstame que visitaron o sitio, cónstame que se comprometeron cos veciños. Din vostedes dos nosos compañeiros que fan papelóns, mire, papelóns fannos vostedes porque o din unha cousa e a contraria e ademais non se poñen nin colorados.

Isto o que lle estou dicindo non o di Elena Candia, nin o di ningún concelleiro do Partido Popular, dío o que hoxe é o señor alcalde: non se podía facer, pero agora podo facelo e dispoño dos cartos. Isto quedou nun acto ao Pleno, Eu xa sei que os plenos non nos toma moi en conta, é mellor falar do barco de Valdeorras ou ir en contra da moto do presidente, sempre lle dá máis xogo no debate político, pero mal que lle pese, vostede está e cobra deste Concello, está para resolver os problemas deste Concello, pero sobre todo, fíxese ben, xa non digo as cousas que lle pide o Grupo Municipal do Partido Popular, senón as cousas que vostedes mesmos se comprometen cos veciños e coas veciñas. Vaime dicir que en 14 anos vostede non tiña estudado no ano 23 que a ponte remataba nunha servidume? Eu non lle pido na nosa proposta nada de camiños, pido a reparación da ponte e, se non lle gusta o termo, poña vostede o que queira, se en vez de reparación quere que lle poña adecentamento, non me importa, cámbioo, fágolle unha emenda in voce: acometer o adecentamento das obras da ponte sobre o río Fervedoira, ese é o que estamos pedindo. Non confundan á xente. Se se comprometeron no 23, e agora non está dentro da súa planificación dos investimentos, dígano, pero non enganen a xente porque honestamente a responsabilidade de gobernar é algo serio, e esta infraestrutura toda a Corporación a consideraba necesaria. Eu o único que quero é

que non quede no esquecemento e que cumpran a palabra que deron e que esta ponte se adecente, se arranxe ou se maquille, como vostede queira, pero fágano.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Segunda quenda para a señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Señora Candia, vostede, vólvolle dicir, se non lle importou o que dixer posteriormente ao Pleno do 2023, que se dixo en xuño do 2024, e que hai que mirar non soamente... Claro que naquela época poderían estar en disposición da Confederación Hidrográfica, pero, como lles recordo en outras peticións, a intencionalidade do arranxo desa ponte é para facer uso do tránsito, porque ademais é que o que opoñían é que eu non quero en gañar, o Partido Popular o que pedía era: que causa un grave prexuízo aos veciños e veciñas porque deben buscar alternativas que no mellor dos casos implica dar un rodeo de máis de catro quilómetros, ademais de impedir o paso de vehículos agrícolas, as fincas para a súa limpeza, sacar madeira e o seu cultivo. Entón quéreno para circular. Eu, como lle digo, pónome a disposición e este grupo ponse a disposición dos veciños para estudar o verdadeiro uso que se pretende facer con iso, porque, como lle digo, non se poden abrir camiños en solo rústico. É privado, non consta no Catastro a existencia dese camiño de servidume. Poderá haber, ao mellor hai documentación privada entre as partes, os tres ou catro propietarios que pode haber nesa zona, dese uso privativo de servidume, pero non é un camiño público.

PO EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Última quenda para a señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: 14 anos dan para cursar tres grados en distintas formacións; 14 anos dan para facer moitísimos quilómetros de camiños e de pontes, pero dende o ano 99 dan para facer moitísimos máis.

Hoxe o que sometemos a votación é que o Concello de Lugo repare a ponte do río Fervedoira, que une os núcleos de Pedreda e Rubiás. Pero, o máis importante, o que pedimos hoxe no Pleno e que cumpra a palabra dada polo señor alcalde en novembro do 2023, onde dicía que o pode facer e ten os cartos; o máis importante: a credibilidade que pode ter un Goberno, pero sobre todo a seriedade coa que se xestionan as peticións dos veciños e veciñas desta cidade.

Simplemente neste debate repetín ata en tres ocasións o que vostedes se comprometeron nesta mesma sesión plenaria. Isto é, sen dúbida, o máis importante e o máis clarificador que podo dicir. O resto é tomarnos o pelo.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, vou ter que intervir novamente. Mire, estou seguro de que vostede non estivo no sitio, non coñece a ubicación, nin sabe como é a contorna, estou seguro. Mire, a vostede parécelle realmente que en 14 anos, eu creo foi algo máis, que pasaron por este Concello concelleiros e concelleiras moi diversas, moitos moi capaces, moi

preparados, moi implicados, que non foi posible? Pois non era posible, e non era posible porque a normativa da Confederación Hidrográfica non o permitía. Eu estiven alí, que recorde, desde o principio do mandato catro ou cinco veces con técnicos diferentes. Despois efectivamente cambiou esa normativa, foi cando eu dixen aquí e me comprometín a que agora si, agora se pode arranxar ese pontella, quen non pendella, como vostede lle chamou, pontella, pero todos nos podemos equivocar, vale? Tanto é así, e tan veracidade tiña o compromiso que buscamos, incluso o orzamento, e dixemos aquí claramente... que agardábamos o Plan único da Deputación para ter consignación suficiente. A partir de aí se empezou a traballar en ver tecnicamente como se facía, que sería máis ou menos na época en que contestamos ese rogo, non quero mentir, non sei exactamente a data. E aí apareceu ese outro problema, que efectivamente esa pontella que cruza o río Fervedeira remata non nunha vía pública e catalogada no Plan xeral, non, non, nunha vía de servizo, nunha servidume de paso concretamente. Por tanto, estamos noutra disxuntiva, porque unha cousa é arranxar todo o contorno, que eu coñezo perfectamente, que alí aínda había uns tubos, que no seu momento se cambiou o curso do río ata por dúas veces, do regato que pasa por alí, e outra é arranxar soamente a pontella, que se poida pasar por encima dela. E niso estamos, e ese compromiso acáboo de reiterar a concelleira, tardariamos máis, tardariamos menos, pero acaba de reiterar a concelleira cos veciños que iso si se pode facer, porque é algo que nos di a Confederación que si se pode facer, agora acometer una obra como merecería aquilo que hai que modificar o curso do regato e hai veciños ou veciñas, concretamente, que foron afectadas na súa parcela, e tamén reclamarán no seu momento e tamén nos esixiron no seu momento.

Entón, que quede ben claro, ese compromiso de actuar sobre o que é exclusivamente á pontella, témolo e nos poñeremos en contacto novamente cos veciños e veciñas para tratar de solucionalo, pero que ninguén esqueza que esa pontella remata nunha servidume privada, que poden pechar cando queiran os veciños e veciñas. Dito isto, imos votar.

17/135 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 272/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) EN LUGO (Exp. 2025/G004/000544).- Vista a citada proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é unha ferramenta fundamental para garantir a atención domiciliaria a persoas en situación de dependencia, sendo ademais fonte de emprego para centos de traballadores, na súa maioría mulleres, que desempeñan un labor esencial.

En Lugo, este servizo evidenciou carencias importantes en materia de prevención, seguridade laboral e protección tanto de persoas usuarias como traballadoras, o que repercute directamente na calidade da atención.

Todo isto require unha actuación decidida por parte do Concello para dignificar o servizo e protexer a quen o presta e a quen o recibe.

Ante a situación das traballadoras do Servizo de Axuda a Domicilio (SAF), o Grupo Municipal do Partido Popular installe ao Concello de Lugo a que exerza con responsabilidade as súas competencias nesta materia e propón:

1. A aprobación urxente de protocolos de prevención e protección que aseguren unha atención axeitada ás persoas usuarias, protexan tamén as traballadoras velando pola súa saúde e pola eficiente dos servizos.
2. A negociación e posta en marcha dun convenio laboral propio para as traballadoras do SAF de Lugo para protexer e mellorar as súas condicións laborais
3. Promover unha revisión do modelo de xestión do SAF en Lugo co obxectivo de facelo máis transparente, eficiente e centrado nas persoas, coa vista posta nunha posible municipalización progresiva.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 12 | do Grupos Municipal do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 0 | |

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade do Excmo. Sr. alcalde presidente, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Pois ten a palabra, polo Partido Popular, a Señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Necesito uns segundos para repoñerme do shock... O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ...E eu para poñer o reloxo... Cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Ben, pois traemos outra iniciativa moi importante, agardo que os veciños entenderan que a concelleira dixera que non, o alcalde di que si, pero despois os 12 deputados do PSOE e do Bloque din que non. E agora vamos a... (voces de fondo) ... Hoxe pareciades máis deputados que vos preocupou máis o de fóra de Lugo que o de Lugo... E sabe vostede que non pode interromper,

sábeo vostede, non? O que pasa é que, eu aínda así, acéptolle a súa interrupción sen insultala.

Hoxe traemos unha iniciativa dun servizo que francamente é moi importante neste Concello, por suposto nos termos que lle preocupa neste Pleno en toda Galicia. Fai escasos minutos, a concelleira que interviña asociaba ao Partido Popular a un partido que se preocupa das grandes empresas, que parecía que traballabamos ao servizo delas. Se hai algunha administración onde esa frase non proceda, é precisamente no Concello de Lugo, onde un Goberno progresista e un Goberno coordinado polo Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, teñen adxudicado máis de 33 millóns de euros a empresas privadas xestionando servizos públicos, e un deles é do que vou falar agora.

O servizo de axuda no Fogar para nós é un servizo vital, persoalmente, para un Concello é clave, todos sabemos que temos unha poboación moi maior que, indubidablemente, ás veces recorren a outros servizos, pero, se facemos unha enquisa, a maior parte dos nosos maiores queren estar o máximo tempo posible no seu fogar e na súa vivenda, e un dos servizos que lles permite conquistar, ese obxectivo é precisamente o servizo de axuda no fogar.

Para contextualizar, a Lei de servizos sociais que se aprobou no ano 2008, aprobada precisamente polo bipartito na Xunta de Galicia, no seu artigo 11, define que son os servizos sociais comunitarios básicos, e no seu apartado f) concretamente explica a xestión do servizo de axuda no Fogar. Esa mesma lei que fai un reparto competencial moi claro, moi didáctico, ademais moitas veces no debate recomendaríalles que a levarán consigo para evitar cometer erros, no artigo 60 establece cales son as competencias dos concellos, e no apartado a) do punto un, concretamente define a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos; é dicir, o servizo de axuda no fogar pola propia lei aprobada polo bipartito no ano 2008, a ninguén lle queda ningunha dúbida que a xestión, a creación e o seu mantemento é exclusivamente competencia municipal.

Por iso, aínda que moitas veces o debate ao que nos levan é o financiamento, que é un debate tamén apaixonante, realmente a xestión do mesmo, ninguén dubida, nin a propia Fegamp, é competencia dos concellos. Dáse a casualidade que iso non teña máis lecturas que ao que vou dicir, pero é unha realidade, e teño que dicila, que a empresa que está xestionando este servizo casualmente é a mesma que xestiona ese servizo no Concello, onde houbo un terrible suceso cun resultado dun falecemento que hoxe eu tamén quería recordar aquí, e xunto ao seu recordo desta muller, tamén o de todas as que por algunha circunstancia non se senten protexidas especialmente polas empresas cando desenvolven o seu traballo. Por iso os concellos, especialmente os concellos como Lugo, que Lugo é capital de provincia, un concello con máis de 120 millóns de euros de orzamento, con ambición, debe tela ademais, e liderado, debe ir por diante. E entendemos que, se o consideran unha prioridade, iso solo se demostra facendo cousas. E que pedimos nesta iniciativa? Primeiro, que se aprobe un protocolo, un protocolo que protexa a prevención e que aseguren unha atención axeitada tanto as persoas usuarias como tamén as traballadoras, pero pedimos máis, que se empece a traballar na elaboración dun convenio laboral propio. Non é a primeira vez que o pedimos.

Recordaredes que, por certo, preguntaremos no Pleno seguinte como se avanzou nos traballos, que conseguimos un acordo de todas as forzas políticas para abordar un convenio propio en materia de limpeza. Agora pedímolo tamén para as traballadoras de axuda no Fogar e facelo, ademais, con miras a algo máis ambicioso, que é promover esa revisión do modelo de xestión para ir a unha prestación directa, a unha municipalización do servizo. Iso é o que pedimos, porque entendemos que é un servizo vital tanto polos seus usuarios como polas súas traballadoras. E pedímolo realmente no lugar onde o podemos pedir, na administración que ten competencia. Sabemos que a Fegamp está traballando en colaboración cos concellos, axudando aos concellos, na creación dun protocolo, ese paso parece que está iniciado, pero sempre entendo que a Fegamp pensará máis neses concellos máis pequenos, creo que as capitalidades de provincia deben ser ambiciosas, deben de liderar e ser exemplarizantes e, sobre todo, pensando nun Goberno que sexa progresista, que queira garantir os dereitos das traballadoras neste caso porque ademais é unha profesión feminizada, que o demostre con feitos e que o demostre realmente podendo facer. É competencia só ten que ter vontade. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora Candia, ten agora a palabra a compañeira Olga López Racamonde.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Moitas grazas, alcalde. Efectivamente, a Federación Galega de Municipios liderou o inicio dun protocolo de prevención para estas traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar, como non pode ser doutro xeito, e fixo o partícipe ao Goberno, aos concellos, a patronal e mesmo á Xunta de Galicia que teñen que facerse mirar a representación que tiveron e a pouca vontade de traballar neste protocolo. Iso son os feitos e iso, eu levo dicindo aquí máis dunha vez, que o que nos define son os feitos, iso é o que nos define. E a Xunta de Galicia nesta xuntanza practicamente declinou traballar, non fixo achegas, e isto téñeno que saber os traballadores e traballadoras. E quero tamén comentarlles que os traballadores e traballadoras e tamén os usuarios de axuda no Fogar deben saber que os concellos non podemos facer un cese do servizo porque o cese do servizo en caso de risco, de risco de acoso sexual, de feito, aquí no Concello de Lugo témolo, o cese por posibles condutas de maltrato teñen que vir dadas pola Inspección da Xunta de Galicia, que xa foron denegadas en varias ocasións, efectivamente poñendo en risco a posible situación de vulnerabilidade desas traballadoras que ademais son moi feminizadas. Non se pode, os concellos, insisto, non poden, por que? Porque se ben temos a xestión, efectivamente, que nunca este Concello negou, temos a xestión e o financiamento porque a Xunta non o financia, financiámolo nós. Entón, ben, pois tamén quero que quede moi claro que non se pode facer, e mesmo a Xunta anunciou fai nada, a ver se o fai, que ía saír o protocolo de prevención para que así se poida levar a cabo, entendo, dunha forma coordinada en toda a comunidade autónoma. Non o quixo facer coa Fegamp, paréceme que o van facer sós, a ver se é certo.

Eu quero dicir que para ter un servizo de calidade fai falta financiamento, é o primeiro polo que hai que apostar. Os servizos públicos non veñen do etéreo, fai falta financiamento e a Xunta de Galicia non financia o SAF, non financia o SAF, non o financia. É mais, eu mesma pedín unha reunión coa conselleira, non tiveron nin sequera resposta, para facer un financiamento acorde. Van en 24 euros, e nin sequera dificilmente aporta o 70%, e saen co discurso de que o Goberno central nos debe 2.000.000 millóns de euros. Señores, débenllos da época de Mariano Rajoy, cando Mariano Rajoy non chegaba nin sequera o 28% do SAF, a ver as cousas claras, non?

E logo tamén, a señora Elena Candia cando sempre di: con educación, con vontade, si, coa vontade de facer dano ás familias recordando que unha traballadora morreu, e que a empresa que está aquí é a mesma, si que é a mesma, parece que temos a culpa o Concello de Lugo xa. É dicir, a maneira en que vostede soslaia a verdade, de feito vostede fixo unha afirmación que, eu voulle recoller o guante, falou de cinismo político, efectivamente, vostede é abandeirada do cinismo político, que entende política dunha forma que involucra os sentimentos e a desconfianza. Vostede favorece precisamente ese pensamento de cinismo político, dando a entender incluso coas nosas accións de goberno, contemplan unha actitude cínica cando é vostede, vostede reiteradamente, de forma soslaiaada coa actuación que ten cos veciños, que entendo que algún día sairá máis da que hoxe eu podo facer pública, vostede dinamita as institucións que gobernan, porque se xoga ademais o seu futuro político e a vostedes impórtalles nada ou pouco os vulnerables, porque vostede mente dunha forma, mesmo na súa exposición, é a xestión, si é a xestión, pero a competencia tena a Xunta de Galicia. Vostede me vai a responder, eu estoulle respondendo e non eludo as responsabilidades, e xestionámolo. Mire, sabe o informe da inspectora da Xunta de Galicia que nos veu a dicir, que había que externalizar máis, externalizar máis, voulo a ler despois.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o seu tempo. Grazas. Segunda quenda para a señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Ben, supoño que a emotividade do Pleno de hoxe, sobre todo a todos nos costa empezar pensando que acabamos de perder a un compañeiro e iso acabará derivando e algún nerviosismo, por que é imposible, a verdade, que unha persoa de ben poida escribir e ler o que me acaba de dicir. Entón vouno achacar a este momento tan sensible e vou facer ademais como que non o escoitei.

Mire, o Concello de Lugo ten a competencia para crear, para xestionar e para manter o servizo de axuda no fogar, pode facelo, e nosoutros hoxe nesta iniciativa dicímoslle, pedímoslle que o faga, pedímoslle que lidere un protocolo. Miren, eu entendo que o debate, que están moi preocupados do meu futuro, do persoal e do político, pero é que iso, créanme, iso non é o que lle preocupa nin as usuarias nin as traballadoras. Ás usuarias e aos traballadores preocúpalles ter garantido o servizo, que, se non está o usuario e resulta que espera os 15 minutos e se non lle pagan esa hora, que lla paguen, porque, efectivamente, esa bolsa de horas, todo o

que vostede sabe, porque me consta ademais que persoalmente llo trasladaron e que queren estar máis protexidas, e son unhas traballadoras coas que empatizo, que teño moitas amigas que traballan nese servizo e que me gusta, indubidablemente, e onde estiven presteino directamente cando tiven responsabilidades de goberno. Empatizo cos usuarios, porque ás veces é a única persoa que ven durante todo o día. E os feitos son precisamente o que vostede vai votar cando remate este debate, ou que vai facer mañá, vai iniciar vostede o traballo para poder ter un protocolo o Concello de Lugo e liderar realmente unha protección das traballadoras e dos usuarios? ¿Vai empezar os traballos para ter un convenio laboral propio? Acórdense algo das traballadoras e traballadores deste Concello, dos traballadores, dos funcionarios e tamén das traballadoras das empresas que xestionan servizos públicos. Fágano, é a súa responsabilidade e, créame, ademais se o fai despois séntalle moi ben, facer ben senta moi ben, e dígollo porque o intento facer sempre, nin neste Pleno nin en nada do que fago, nunca busco facer mal a ninguén, e neste Pleno e neste Concello, menos. E revisen o modelo de xestión, revíseno. É bo prestar un servizo público de maneira directa, municipalicen. Están vostedes dependendo constantemente de empresas privadas, dean exemplo, practiquen o que poñen no seu ideario e nos seus principios como proxecto político. Fágano, demostren que non é ir un día na pancarta, senón firmar un decreto, o 26 remata este contrato. Fágame caso, créame, vaille sentar superbén.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:
Moitas grazas...

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Mire..., Si, efectivamente, levo exercendo unha profesión que se caracteriza por empatía, e teño a satisfacción de recibirá reciprocidade da quen atendín con empatía e entre elas persoas maiores, e de verdade que de empatía síntome bastante orgullosa de como a levo a cabo, e a empatía coas propias traballadoras, O que non vou facer é facer demagogia cunha morte non a vou facer demagogia co traballo dunhas mulleres que, ademais, día a día loitan por chegar a un salario xusto. Por que? Porque o convenio forma parte dunha negociación sindical que, ademais, quen si pode instalo son os servizos da Xunta de Galicia nas súas competencias. E non vou a entrar en demagogia con que estas mulleres teñen que estar seguras e que co Concello de Lugo pide incluso ceses de prestación de servizo, insisto, que a dependencia da Xunta de Galicia nos nega, porque no de libre concorrência o facemos. Entón, o que non vou facer e este Goberno non entra é en facer demagogia, o que hai que facer é realidade, o que hai que facer é un financiamento axeitado, que estamos a levalo a cabo aportando case o 50% o Concello, cando non ten ningunha obriga presupostaria. E non, non estou nerviosa, estou indignada, indignada deste xeito de facer política, porque hai que mirar polas persoas, certamente, e hai que miralo sen a demagogia, sen facer unha manipulación torticeira da realidade e dos servizos.

A Xunta de Galicia derivou 17 millóns de euros no mes de agosto do SAF ao bono-coidado. Se vostedes non queren financiar o SAF, dígano, digan que apostan por

outro modelo de dependencia, léveno no seu programa electoral. É lícito, cada un ten que levar o que lle parece, pero non o fagan dunha forma escura, dunha forma demagóxica. Quitáronlle 17 millóns de euros o SAF neste mes de agosto. Por favor. Ese é o que vostedes están a facer, e vostedes teñen que legislar, a Xunta de Galicia e á consellería. E eu quero sentarme coa conselleira de Política Social, este Concello, este Goberno, para falar das dificultades que ten e chegar a acordos, pero no me recibe. Eu estou agardando que me reciba, estou agardando poder falar e poder chegar a acordos propositivos.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas señora Racamonde, rematou o seu tempo. Última quenda para a señora Candia. Cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Primeiro, o debate de financiamento xa se levou nesta Corporación, e tampouco estaría demais, ao mellor, que recordara ese artigo 58 do Regulamento do do 12, onde lle obriga precisamente á comunidade autónoma a aportar o mesmo que a Administración Xeral do Estado, artigo 58.1 a). Pero xa lle dixen que non escapamos de ningún debate de financiamento. O que está escapando vostede é de asumir a súa responsabilidade e as súas competencias. Mais alá de ataques xa non vou dicir demagóxicos, eses son infundados, pero, xa lle digo, seguro que é polo momento.

Apostamos por un servizo de axuda no fogar de calidade, apostamos por crear como Concello un protocolo, apostamos porque se regule un convenio colectivo propio que protexa e mellore as condicións laborais das traballadoras, que iso é importantísimo, e apostamos porque estudie esa remunicipalización, que teñen todo privatizado e iso ademais os deixa concretamente en moi mal posicionamento, como Goberno progresista.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, rematou o seu tempo. Pasamos á votación.

18/136 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 273/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUNHA UNIDADE DE PREVENCIÓN E REACCIÓN (UPR) NA COMISARÍA DA POLICÍA NACIONAL DE LUGO (Exp. 2025/G004/000546).- Vista a citada proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“A seguridade cidadá é un dos piares fundamentais para garantir a convivencia, o benestar e a tranquilidade dos veciños e veciñas de Lugo. Neste sentido, resulta imprescindible que as forzas e corpos de seguridade dispoñan dos medios e recursos necesarios para dar resposta ás demandas actuais dunha cidade en constante crecemento.

A Unidade de Prevención e Reacción (UPR) é un servizo especializado composto por axentes con formación específica, preparado para realizar labores de prevención da delincuencia, mantemento da orde pública e resposta inmediata en situacións de risco. A súa implantación en Lugo suporía un reforzo esencial para mellorar a eficacia policial e incrementar a confianza da cidadanía.

Cómpre recordar que no ano 2021 o Congreso dos Deputados aprobou un acordo para impulsar a creación dunha UPR na Comisaría da Policía Nacional de Lugo. Foi aquel 12 de marzo cando, a través dunha proposición non de lei, se logrou incluso o apoio do propio Grupo Socialista, recoñecendo a necesidade de dotar a nosa cidade desta unidade. A pesar diso, transcorridos máis de catro anos, Lugo continúa sen contar coa mencionada unidade nin tampouco se teñen coñecido avances substanciais neste compromiso.

Do mesmo xeito, resulta urxente avanzar no proxecto do novo edificio da Comisaría da Policía Nacional no barrio da Abella. Dende a cesión dos terreos ao Estado en outubro de 2024 non se produciron avances, malia que Lugo precisa dunha infraestrutura moderna, adaptada ás necesidades actuais e capaz de prestar un servizo público á altura do que merece a nosa cidadanía.

Por todo o exposto, entendemos que é de interese xeral que a corporación municipal de Lugo traslade de novo esta demanda ao Goberno de España e reclame a posta en marcha da UPR en Lugo canto antes, así como o impulso da construción da nova comisaría, para o que solicitamos que acorde:

1. Instarlle ao Goberno de España a cumprir o acordo do Congreso dos Deputados do ano 2021 e proceder, sen máis demora, á creación da Unidade de Prevención e Reacción (UPR) na Comisaría da Policía Nacional de Lugo.
2. Reclamarlle ao Ministerio do Interior a dotación de medios humanos e materiais axeitados para garantir a eficacia na posta en marcha desta unidade.
3. Solicitarlle ao Goberno de España que axilice a execución do proxecto do novo edificio da Comisaría da Policía Nacional no barrio da Abella, asegurando unhas instalacións modernas e adaptadas ás necesidades actuais.
4. Darlles traslado deste acordo á Delegación do Goberno en Galicia, ao Ministerio do Interior e aos grupos parlamentarios con representación no Congreso e no Senado."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 do Grupos Municipal do Partido Popular.

- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de

Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade do Excmo. Sr. alcalde presidente, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITADA a proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a palabra o voceiro do Partido Popular. Cando queira.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Moitas grazas. En Lugo rexistráronse nos últimos meses episodios de inseguridade pouco habituais e pouco desexables nunha cidade como a nosa. É polo tanto, comprensible a preocupación que pode ter a veciñanza e é responsabilidade desta Corporación dar unha resposta sería, proporcionada e eficaz.

Propoñemos, polo tanto, dende esta moción, unha folla de ruta integral con dous piares que se reforzan entre si, por unha banda, a capacidade operativa e inmediata, é dicir a implantación da UPR da Policía Nacional con base en Lugo; en segundo lugar, unida á primeira, unha infraestrutura que sexa axeitada, é dicir, que sexa posible darlle un impulso á nova comisaría como unha sede moderna e funcional para os servizos policiais.

Coincidirán comigo, polo tanto, que a UPR é imprescindible tanto para a capital como para a cobertura provincial, porque se trata dunha unidade especializada en prevención, disuasión e reacción rápida preparada para intervir en grandes concentracións, como foi por exemplo este pasado Caudal Fest, como vai a ser previsiblemente o San Froilán, ou como pode ser tamén o Arde Lucus, ou mesmo en competicións deportivas, ou en calquera outro operativo que require ese reforzo, con base estable en Lugo. Evitaríanse os desprazamentos dende outras provincias que retardan a resposta e gañaríamos unha continuidade e coñecemento do propio territorio. Ademais vostedes saben ben que a UPR supón máis efectivos para a cidade, reforzando o dispositivo ordinario da seguridade cidadá e incrementando tamén a satisfacción e protección dos nosos veciños e veciñas. Polo tanto, temos base política, administrativa e xurídica para esixir isto. Xa de feito no ano 2021 o Congreso dos Deputados instou a creación da propia UPR en Lugo. En decembro de 2024, a Dirección Xeral de Policía anunciou a implantación destas unidades nun plan de extensión creo recordar que a cinco anos, e incluía a nosa provincia. Aínda así, a día de hoxe non constan prazos nin constan cadros de persoal para Lugo, por iso instamos mediante esta moción pois a activar a UPR de inmediato con dotación humana e suficiente.

Miren, por outra banda, e non menos importante, ese salto de capacidade debe acompañarse dunha sede que estea á altura que a nova comisaría comprometida no seu momento para Lugo. Non esquezamos que o Goberno recoñeceu

oficialmente que a comisaría de Lugo non estivo orzada no plan estatal, creo recordar, 2019-2025, e a súa incorporación depende dunha nova fase de infraestruturas que aínda debe aprobarse no propio Consello de Ministros. Isto é o mesmo que dicir que estamos sen prazos de financiamento pechados. Polo tanto, considera o noso grupo municipal que é necesario e imprescindible culminar a tramitación da cesión, ou, dito doutro xeito, formalizar definitivamente a cesión oficial dos terreos municipais ao Estado e a continuación fixar un calendario certo para a redacción do proxecto, a licitación e a execución da obra. Por iso debemos garantir unha superficie útil que require ademais o propio Ministerio de Interior, como vostedes saben, de modo que a comisaría sexa válida a longo prazo e poida albergar non soamente ao UPR, senón tamén a unidades especializadas, e, por outra banda, e non menos importante, unha boa atención á cidadanía en instalacións que sexan modernas e accesibles.

Permítanme, xa para rematar esta primeira quenda de intervencións, unha última reflexión: No ano 2020, algúns acusaron o noso grupo de deixar sen comisaría á nosa cidade por priorizar un centro de maiores. Hoxe ese centro funciona con 120 prazas públicas, a realidade é que a comisaría non tiña orzamento, e hoxe podemos constatar que aquela decisión foi útil, foi responsable e foi valente. Pero agora toca pechar a cesión dos terreos, aprobar o novo plan de infraestruturas e, por fin, arrincar a obra. Dicía a concelleira, a señora Abelleira, e eu coincido plenamente, imos sempre apoiar aquilo que sexa positivo para Lugo. Fagamos unha demostración efectiva de que isto pode ser así, traballando de forma conxunta, de forma coherente e sacar esta moción adiante. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señor Vázquez. Ten agora a palabra, cinco minutos, o señor Rubén Arroxo. Cando queira.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas. Ben, aquí esta proposición ten principalmente dúas cuestións: unha que vai referida a cuestións organizativas, materiais, humanas e persoais da propia Policía Nacional e outra respecto da súa comisaría. Con respecto á primeira parte, ben, nós entendemos que, en todo caso, isto terá que ser algo que terá que analizar o propio ministerio, a propia Dirección da Policía para ver cales son os medios que necesitan, a organización que necesitan e o persoal que necesitan, non creo que sexa o Concello de Lugo quen teña que dicirlles como teñen que ser para levar adiante o seu funcionamento; nós non estamos de acordo en que lles teñamos que dicirlos nós, porque, mira, eu non sei vostede, pero eu, por exemplo, como humilde concelleiro, non me sinto capacitado para dicirle que medios teñen que ter nin como se teñen que organizar. Eu creo que para iso terá que facelo precisamente a súa Dirección e o ministerio, que serán que saiban como levalo a cabo.

E, por outra banda, tamén cómpre falar do tema da comisaría, porque antes falabamos da hipocrisía do Partido Popular a respecto das infraestruturas, e aquí volvemos ao mesmo, porque durante moitos anos escoitamos a cargos do Partido Popular que viñan a desfilar a Lugo, deputados senadores con cargos políticos da

cidade, podemos empezar a mirar prensa, imos ver fotos e fotos e fotos, que viñan a dicir que xa estaba todo feito para instalar a comisaría de Policía no barrio da Residencia, e que xa estaba todo o que xa estaba, xa estaba orzado, estaba todo, estaba todo, ía empezar o día seguinte case, non víamos as máquinas porque viñan de camiño. A realidade é que todo iso foi unha mentira. Durante anos foi unha mentira. E, home, que despois de estar contando mentiras que agora se veña con presa cando creo que agora si que están os procesos avanzados, soa novamente a esa hipocrísia do Partido Popular. Eu creo que hai que ser un pouco máis serios con isto. A min parécenme moi ben que cando se está na oposición, que se propoña, que se critiquen as cousas que van con atraso, as cousas que se fan mal, porque ese é o traballo da oposición, un traballo, por certo, importantísimo en todos os gobernos. Pero, home, cun pouco de sentido común, que isto é que realmente chamame a atención. Por tanto, eu creo que esta proposición só ten dúas partes, as dúas son moi curiosas, e creo que non nos corresponde precisamente a nós nin dicirlles como se teñen que organizar nin que medios teñen que ter, e despois iso, que o Partido Popular sexa quen reclame isto pois é bastante curioso. Digo o de flexibilizar os trámites da comisaría.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Quenda agora para o Grupo Socialista, señor Bustos. Cando queira.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas señor alcalde. Gustoume unha parte da proposición do señor Vázquez onde recoñecía a construción da residencia da terceira idade, onde xa ao alcalde socialista no 2015, é unha petición dos veciños, que ao final a Xunta cando deulles a espalda en relación ao que dicía o señor Arroxo, cando ia ser inminente a construción da comisaría no barrio da Residencia, de repente hai unha residencia de maiores.

E, ben, vou empezar primeiro pola UPR, onde no 2013 foi a Dirección Xeral de Policía quen crea ese estamento para dotar ao Corpo Nacional de Policía de medios e humanos e materiais. Curiosamente, entre 2011 e 2018, co Goberno Popular de Mariano Rajoy, seguramente nunha promesa electoral, só creou a UPR e de Ourense, no 2016. Coincide tamén coas eleccións autonómicas. Que pasa? Que o Sindicato Unificado de Policía denunciou que, claro, esta UPR é unha boa iniciativa, pero que ten falta de medios humanos, porque ao final a dotaron só de 11 efectivos. É por que dicían isto? Porque no mandato de Mariano Rajoy a plantilla de policías nacionais, Lugo concretamente pasou dunha serie histórica de 344 a 322 efectivos. En contrapartida, si que é verdade que no 2021, fora unha proposición de lei do Partido Popular que o Grupo Socialista apoiou a creación de un UPR, o cal foi aprobado polo Ministerio de Interior en decembro de 2024, polo cal tamén me chama a atención porque no titular da vosa proposición di "proposición para a creación dunha unidade de prevención e reacción da Comisaría Nacional de Lugo", pero se xa se creou, xa está creada en 2024, habería que cambiar o titular, ou polo menos lelos antes de poñelo na iniciativa para este Pleno. E, ben, falando de medios materiais, porque si que é verdade que no 2024 se aprobou a creación desta UPR, o primeiro para poder dispoñer desta unidade, fai falta persoal, e sabe

por que? Porque no 2017 se recortaron de 344 a 322 efectivos. Pois ben, a día de hoxe no 2025, despois de sete anos, co Goberno socialista, pasamos de 322 a 359, 37 efectivos máis que cando o Partido Popular deixou o Goberno nacional. Que significa isto? Que temos un aumento dun 11% máis na plantilla provincial en Lugo, non só con isto, senón que tamén contamos cun 7,5% de máis persoal en Galicia, sendo 700 policía máis. E non só con iso, tamén, evidentemente, dotarémolos de medios humanos e materiais cando sexa; primeiro van os medios humanos e logo os medios materiais.

E imos falar da comisaría, a comisaría é un caso curioso, porque se empezou no 2015 cunhas cantas promesas electorais para o barrio da Residencia, eu acórdome, daquelas xa soaba e tiña conciencia deste tipo de iniciativas. Si que é verdade que houbo un desembarco de gobernos e dirixentes do Partido Popular onde prometían e facían inminente a construción da comisaría nos terreos da residencia, no antigo Hospital, o cal chamoume a atención porque no 2017 reafirmando que vai ser unha realidade que xa está o orzamento, que estaban pendentes dun concurso e despois, unha vez que se sacara o proxecto de execución, poder licitar a obra. Resulta curioso que nesa mesa onde estaba a señora Candia, entón tería información, seguramente ela, e non se falara, ou ocultarase a información de que eses terreos era necesaria unha retrocesión, que significa, que tiña que facer a Xunta e pedir á Seguridade Social que lle cedera os terreos para cambiar o uso, porque ese uso era sanitario, esa formación ocultouse, e curiosamente foi no 2020 cando despois de cinco anos era unha mentira, que se ía facer alí unha residencia, porque non había ningún tipo de documento, nin información, nin ningún tipo de petición a Seguridade social para a retrocesión dos terreos, e dando un volantazo importante, porque resulta que alí foi unha residencia da terceira idade. É que que fixo este Goberno municipal? Pois reunirse, principalmente no 2023 empezamos a buscar uns terreos para poder cedelos ao Ministerio para que teñan unha zona para poder facer unha infraestrutura de calidade adaptada ao século XXI; despois, en decembro 2023, cando se fixeron reunións coa xefa da División Económica, o xefe superior da Policía Nacional, o comisario provincial e a subdelegación do Goberno, visitáronse as parcelas propostas e estas si que xa eran de acordo e estaban a nivel técnico perfectamente xestionadas para que puidera acometerse a nova comisaría nacional. E nós, como ao final o que quere este Goberno municipal son feitos, non promesas, xa están transferidas ao Ministerio e, por tanto, xa é unha realidade que a Comisaría Nacional va ir alí. Entón non sei pasamos de que vai ser nova residencia, que non tiñamos ningún tipo de documento de cesión para facelo.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Turno de réplica, tres minutos, para o señor Vázquez.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Moitas grazas señor alcalde. Mire, señor Arroxo, vostede sabe igual ca min, que en seguridade os minutos mandan, e Lugo non pode seguir dependendo de equipos que chegan cando xa pasou o máis delicado. Por iso nós o que propoñemos son decisións reais e por iso estamos a solicitar o

seu voto favorable, porque saben, igual que sabemos nós, que isto é positivo para Lugo, e vostedes saben que é positivo para Lugo activar una unidade da UPR, un equipo estable que poida tomar decisións dende aquí, dende Lugo, capaz de anticipar os problemas e que sexa útil no día a día e nas nosas grandes citas sen esperar por desprazamentos alleos. Non estamos a pedir nada novo, Sr. Bustos, vostedes saben que o Congreso instou a facelo xa no ano 2021 e Interior, e vostede sábeo tamén, así o ratificou no ano 2024. Polo tanto, señores do Goberno, non pedimos outra cousa máis que se executen con efectivos e medios suficientes aquilo que xa foi comprometido. E vostedes saben tamén que é necesario dar forma xurídica e calendario a nova comisaría. Isto significa formalizar, como xa dixeran, definitivamente a cesión dos terreos ao Estado, aprobar en Consello de Ministros e, por último, ter un orzamento e prazos. E prazos porque son moi importantes. E arrincar de inmediato a redacción, a licitación e a execución dunha obra acorde ao que Interior exige para que a comisaría funcione a longo prazo, como xa dixemos, para albergar a UPR e que mellore a atención á cidadanía, instalacións e xestión.

Polo tanto, señores do Goberno, dende o noso grupo municipal nós non estamos a pedir titulares, non estamos a falar de titulares; falamos de pasar de feitos a un compromiso que xa está adoptado. Polo tanto, votar hoxe a favor e votar a favor de gañar minutos cando os minutos importan e de dar certezas a medio e longo prazo, porque Lugo, e non nos esquezamos, é unha capital de provincia e merecemos medios á altura e un calendario que sexa verificable. Eu estou convencido ademais que entre todos podemos facer o posible se sacamos adiante esta moción e para que sexa real. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Quenda agora o señor Rubén Arroxó.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas. Nós creo que fomos bastante claros. Nós non vemos que teña que ser o Concello de Lugo quen teña que decidir se para estes tipos de eventos, como os que se acaban de mencionar, eventos deportivos, que algúns son considerados incluso de alto risco, etcétera, sexa necesario que haxa aquí unha UPR ou non. Non somos nós quen ten que decidir e valorar iso. Creemos que terá que ser o Ministerio, a Dirección de Policía, que son os que levan adiante este tipo de actuacións e son as persoas que realmente teñen a formación para saber como se debe actuar.

Eu, dende logo, non considero que deba ser nin eu, nin ningún membro do noso grupo, nin sequera considero que deba ser ningún membro desta Corporación municipal. Entón, ben, foi o que comentabamos ao principio, eu creo que é algo bastante claro.

En segundo lugar, totalmente de acordo coa intervención que fixo o meu compañeiro Jorge Bustos a respecto de todo o proceso que tivo lugar o da comisaría, porque ademais, efectivamente, eu recórdolle debates que se deran neste Pleno no 2015, nos que, daquela, se defendía que para ese espazo fose unha residencia da terceira idade, non era o Partido Popular quen o defendía, o

Partido Popular defendía unha comisaría para ir aí, á parte de que se chegaron a debater se collían as dúas cousas, etcétera. Ao final dicíase que non collían as dúas cousas no espazo que hai, non nos imos meter niso. Pero realmente, quen estivo paseando e prometendo diariamente que se ía facer inminentemente a comisaría de policía foron os cargos do Partido Popular, única e exclusivamente, en solitario. Foron os que insistiron en que xa ía comezar de forma inmediata, e foi unha mentira absoluta. Entón, ben, eu creo que ante iso temos que ser serios. Entón paréceme moi ben que se insista dende a oposición, como dixeran antes, pero o home, a ver, eu creo que hai que tivese un mínimo de rigor cando se fan este tipo de afirmacións.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moí ben, moitas grazas. Ten a novamente palabra o señor Bustos. Cando queira.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas señor alcalde. O que máis me gusta é que o PP goberna mellor dende a oposición, que cando ten as competencias, é unha cousa que me chama moito a atención. Vostede falaba de que os minutos mandan, efectivamente, por iso nós, o Goberno, xa ten aprobada a cesión gratuíta, transferidos os terreos ao Ministerio do Interior, porque ten os informes técnicos favorables da Dirección da Policía Nacional. Entón, pídenos que fagamos en dous anos o que non fixeron en seis. Ben de momento, que se saiba, non podemos aprobar no Pleno unha proposición na que se está traballando xa nela e xa está creada a unidade da UPR, que terá que dotarse de medios. A Comisaría da Policía Nacional é unha realidade, cando temos aquí, en abril de 2025, o propio delegado do Goberno xa anunciou o proxecto de execución para poder facer e sacar a licitación da obra de construción da comisaría. Entón, claro, ao final nós estamos traballando con feitos e un dos feitos é que en dous anos a Comisaría da Policía Nacional xa ten unha ubicación. Nós estivemos moitísimo tempo pensando que a Comisaría de Policía Nacional, que era unha prioridade para todos os dirixentes do Partido Popular, ía ser na Residencia, o cal non foi así. Entón consideramos que non podemos apoiar unha proposición que xa estamos traballando nela e, ademais, cando xa hai feitos e hai unha serie de traballo que xa saíu en prensa e xa está anunciado. Entón entendemos que os trámites se están levando a velocidade que lle corresponde. Entón, sen máis, dicir que non se vai apoiar esta proposición.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moí ben, pois última quenda para o señor Vázquez, Cando queira.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Moí ben, pois moitas grazas. Sempre a mesma canción, señor Bustos. Miren, Lugo precisa solucións que sexan operativas e que sexan rápidas. Precisamos unha UPR con base en Lugo para previr e reaccionar, non soamente na capital senón tamén na provincia, e unha nova comisaría que sexa unha sede moderna e estable. É dicir, formalizar simplemente, como xa dixeran,

a cesión dos terreos ao Estado, aprobar o novo plan e iniciar o proxecto cunha licitación e posteriormente a obra. Así se constrúe con seguridade e confianza. Con máis efectivos e con dependencias dignas. Hoxe é o que pedimos. Pedir e cumprir o compromiso e poñer prazos reais.

Non sei por que se negan a iso e, dende logo, tampouco podo entender que, dunha forma reiterada, vostedes votan non a algo que segundo vostedes xa están facendo pero que de forma repetida nos atopamos que despois os prazos que non son concorrentes. Pídlolles, polo tanto, esa reflexión, que cheguemos a acordos e votar ...

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Pasamos a votación.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

MOBILIDADE URBANA E SANCIÓNS

19/137 DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AUTOTAXIS.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da sección de Mobilidade Urbana e Sancións, asinada pola xefa de Sección e polo concelleiro delegado de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas o 29 de agosto de 2025, do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES DE FEITO

1- Con data 30 de abril de 2024 o Excmo. Concello Pleno adoptou o acordo de aprobación inicial da Ordenanza reguladora do servizo municipal de autotaxi do Concello de Lugo.

2- Con data 4 de xuño de 2025 publícase o acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP 126) para que en trámite de información pública e audiencia aos interesados polo período de trinta días hábiles, se presenten suxestións e reclamacións polos interesados.

3- Con data 24 de xullo de 2025 a xefa de Negociado de Rexistro Xeral emite informe no que sinala que consultados os datos do Rexistro Xeral, do rexistro Telemático de entrada de documentos e da Oficina de Intercambio, non constan rexistradas alegacións ó expediente de referencia.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA: A potestade regulamentaria das entidades locais atópase recollida no art. 4 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

SEGUNDA: O trámite procedemental para a aprobación e modificación das ordenanzas municipais correspóndelle ao Pleno conforme ao establecido no art. 49 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 123.1.d e 127.1.a destes do mesmo texto legal no que se refire ás competencias da Xunta de Goberno Local.

En base ó anterior, PROPÓNSE, que polo Excmo. Concello Pleno se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Dar conta da aprobación definitiva da Ordenanza xeral municipal reguladora do servizo de taxi no Concello de Lugo, cuxo texto é do seguinte teor literal seguinte:

ÍNDICE

PREÁMBULO.....	4
TÍTULO PRIMEIRO. OBXECTO E INTERVENCIÓN MUNICIPAL.....	5
Artigo 1. Obxecto.....	5
Artigo 2. Competencia municipal.....	5
TÍTULO SEGUNDO. TÍTULOS HABILITANTES PARA PRESTAR SERVIZOS DE TAXI.....	6
Artigo 3. Os títulos habilitantes.....	6
Artigo 4. Requisitos para ser titular da licenza.....	6
Artigo 5. Limitación na titularidade de licenzas.....	6
Artigo 6. Creación de novas licenzas de taxi.....	6
Artigo 7. Transmisión das licenzas de taxi.....	7
Artigo 8. Extinción das licenzas.....	7
Artigo 9. Rexistro municipal de licenzas.....	8
TÍTULO TERCEIRO. OS VEHÍCULOS DE TAXI.....	9
Artigo 10. Normas xerais.....	9
Artigo 11. Requisitos.....	9
Artigo 12. Taxímetro.....	10
Artigo 13. Número de prazas.....	10
Artigo 14. Substitución.....	10
Artigo 15. Vehículos adaptados.....	10
Artigo 16. Pintura, distintos e adhesivos.....	11
Artigo 17. Publicidade.....	11
TÍTULO CUARTO. AS PERSOAS CONDUTORAS DO VEHÍCULO DE TAXI.....	12
Artigo 18. Normas xerais.....	12
Artigo 19. Condutor asalariado.....	12
Artigo 20. Tarxeta de identificación de condutor de taxi.....	12
Artigo 21. Requisitos para a expedición.....	12
TÍTULO QUINTO. AS CONDICIÓNS XERAIS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TAXI.....	14
Artigo 22. Normas xerais.....	14
Artigo 23. Iniciación da actividade.....	14

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac8051291608288781828.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-9-2025

Artigo 24. Actividade mínima semanal.....	14
Artigo 25. Potestades do Concello.....	14
Artigo 26. Desenvolvemento do servizo.....	14
Artigo 27. Contratación do servizo de taxi.....	15
Artigo 28. Documentación obrigatoria.....	16
Artigo 29. Dereitos das persoas usuarias.....	16
Artigo 30. Deberes das persoas usuarias.....	17
Artigo 31. Obrigas dos condutores.....	17
Artigo 32. Cambio de moeda.....	18
Artigo 33. Tarifas.....	18
TÍTULO SEXTO. MODALIDADE DE SERVIZO “TRANSPORTE Á DEMANDA”	¡Error! Marcador no definido.
Artigo 34. Transporte a demanda.....	¡Error! Marcador no definido.
Artigo 35. Réxime de prestación do servizo do transporte a demanda.....	¡Error! Marcador no definido.
TÍTULO SÉTIMO. INFRACCIÓNS E SANCIÓN. PROCEDEMENTO SANCIONADOR.....	¡Error! Marcador no definido.
Artigo 36. Inspección.....	¡Error! Marcador no definido.
Artigo 37. Regras sobre a responsabilidade.....	¡Error! Marcador no definido.
Artigo 38. Infraccións.....	¡Error! Marcador no definido.
Artigo 39. Infraccións moi graves.....	¡Error! Marcador no definido.
Artigo 40. Infraccións graves.....	¡Error! Marcador no definido.
Artigo 41. Infraccións leves.....	¡Error! Marcador no definido.
Artigo 42. Sancións.....	¡Error! Marcador no definido.
Artigo 43. Procedemento sancionador.....	¡Error! Marcador no definido.
Artigo 44. Prescrición das infraccións e sancións.....	¡Error! Marcador no definido.
DISPOSICIÓNS.....	19
Disposicións adicionais.....	19
Disposición adicional primeira - Protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.....	19
Disposición adicional segunda. Relacións electrónicas.....	19
Disposición adicional terceira. Modificacións normativas.....	19
Disposición transitoria.....	19
Disposición derogatoria.....	20
Disposición final.....	20
ANEXO: Deseño e rotulación dos vehículos afectos ás licenzas de taxi.....	20

PREÁMBULO

O Concello de Lugo, na sesión plenaria do 7 de outubro de 2002, aprobou definitivamente a Ordenanza reguladora do servizo de autotaxis, que foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A aprobación da *Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia*, e posteriormente do seu regulamento de desenvolvemento, aprobado mediante *Decreto 103/2018, do 13 de setembro*, supuxo importantes novidades que afectan á regulación deste ámbito. De tal xeito, resulta necesaria a aprobación dunha nova norma reguladora do réxime xurídico aplicábel ao servizo de taxi dentro do termo municipal de Lugo, que se atope adaptada ao marco normativo vixente. A propia *Lei 4/2013*, na súa disposición final terceira contemplou a obriga dos concellos de adaptar as súas ordenanzas reguladoras do servizo de taxi ao previsto nese texto lexislativo.

Unha das novidades máis relevantes que se incorporan nesta nova ordenanza é a habilitación especial do cobro individual por praza para cubrir servizos de transporte público na zona rural. Trátase de transporte discrecional a demanda en vehículos de turismo, consonte á habilitación contida no artigo 39.3 do *Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia*.

TÍTULO PRIMEIRO. OBXECTO E INTERVENCIÓN MUNICIPAL

Artigo 1. Obxecto

Esta ordenanza ten por obxecto a regulación do réxime xurídico aplicable ao servizo de taxi dentro do termo municipal de Lugo.

Enténdese por servizo de taxi o transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo que contan con signos distintivos de taxi e se realiza por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa e dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.

Artigo 2. Competencia municipal

O Concello intervirá no servizo de taxis a través dos seguintes medios:

- a. Sometemento a licenza municipal previa.
- a. Fiscalización da prestación do servizo.
- b. Estabelecemento das tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi.
- c. Ordenanza fiscal reguladora das taxas.
- d. Expedientes sancionadores respecto da prestación dos servizos urbanos de taxi.
- e. Autorización para prestar servizos de taxi a varias persoas usuarias con cobramento individual por praza en zonas rurais.
- f. Disposicións complementarias para a prestación do servizo.
- g. Calquera outra atribución na materia establecida nas normas legais ou regulamentarias.

TÍTULO SEGUNDO. TÍTULOS HABILITANTES PARA PRESTAR SERVICIOS DE TAXI

Artigo 3. Os títulos habilitantes

A prestación dos servizos de taxi está suxeita á obtención previa da correspondente licenza municipal de taxi, que habilita para a prestación dos servizos urbanos de taxi.

Constitúen títulos habilitantes para a prestación do servizo de taxi os seguintes:

—Licenzas de taxi: habilitan para a prestación dos servizos urbanos de taxi e son outorgadas polo Concello.

—Autorizacións interurbanas de taxi: permiten a prestación dos servizos interurbanos de taxi e son outorgadas polo órgano competente da consellería que teña atribuídas as competencias en materia de transportes.

As licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi estarán vinculadas. Outorgaranse sen prazo de duración prefixado, se ben a súa validez quedará condicionada ao seu visado periódico por parte do órgano competente en cada caso de acordo coa lexislación vixente.

Para a prestación do servizo de taxi requírese a obtención da licenza de taxi e autorización interurbana de taxi.

Correspóndelle ao Concello de Lugo o outorgamento da licenza de taxi e ao órgano competente da Xunta de Galicia en materia de transporte a concesión da autorización interurbana, de forma coordinada e de conformidade co disposto no artigo 16 da *Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia*.

Artigo 4. Requisitos para ser titular da licenza

Só poderán ser titulares de licenzas de taxis as persoas físicas que acrediten o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 5 da *Lei 4/2013*, e na normativa de desenvolvemento, así como estar en posesión do permiso municipal para conducir un taxi, establecido por esta ordenanza.

O titular dunha licenza municipal de taxi deberá ter plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi, coa excepción prevista na disposición transitoria terceira da *Lei 4/2013*.

Artigo 5. Limitación na titularidade de licenzas

Unicamente se poderá ser titular dun máximo de dúas licenzas municipais de taxi.

Non se poderá ser titular de licenzas de taxis en distintos concellos.

Cada licenza de taxi non poderá ter adscritos a esta máis de dúas persoas condutoras, incluída a persoa titular.

Artigo 6. Creación de novas licenzas de taxi

Unicamente poderán outorgarse novas licenzas de taxi en caso de dispoñer do continxente necesario para isto, de conformidade co establecido no artigo 6 da *Lei 4/2013*, e na súa normativa de desenvolvemento.

O outorgamento de novas licenzas de taxi correspóndelle ao Concello de Lugo, tras o informe vinculante do órgano autonómico competente en materia de transportes, e realizárase mediante concurso público, de conformidade co establecido na normativa vixente.

Artigo 7. Transmisión das licenzas de taxi

1. As licenzas de taxi serán transmisíbeis a calquera persoa física que o solicite e que acredite que reúne os requisitos establecidos na *Lei 4/2013*, tras o informe do órgano autonómico competente en materia de transportes da Xunta de Galicia respecto á procedencia de transmisión da autorización autonómica e autorización do Concello de Lugo.

2. A transmisión de licenzas, *inter vivos* ou *inter mortis causa*, realizárase seguindo o procedemento previsto nos artigos 11 a 13 do *Decreto 103/2018*.

3. Non obstante, non poderá autorizarse a transmisión da licenza de taxi nas seguintes circunstancias:

- a. Se non transcorreron, polo menos, dous anos dende a adquisición pola persoa transmisora da condición de titular da licenza de taxi. A limitación temporal indicada non será de aplicación en caso de xubilación, falecemento ou declaración de incapacidade para prestar o servizo de taxi.
- a. Se a persoa transmisora e a adquirente non estivesen ao corrente das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e as relacionadas coa actividade propia do servizo de taxi.
- b. Se non estivesen satisfeitas as sancións pecuniarias que puidesen ser impostas, por resolución administrativa firme, a persoa transmisora ou a adquirente, derivadas do exercicio da actividade como taxista.
- c. Se a persoa adquirente, como consecuencia da transmisión, superase o límite máximo de concentración de licenzas de taxi nun mesmo titular ou se é a persoa titular dunha ou máis licenzas de taxi noutro concello.
- d. En caso de que o informe previsto do órgano competente en materia de transportes da Xunta de Galicia tivese carácter desfavorable ou transcorrese o prazo fixado neste informe para materializar a transmisión da licenza de taxi.
- e. E cando non se acredite que se reúnen os requisitos fixados pola normativa vixente en materia de taxis para a transmisión da licenza de taxi.

Artigo 8. Extinción das licenzas

As licenzas de taxi extinguiranse por algunha das seguintes causas:

- a. Renuncia da persoa titular ou falecemento desta sen persoas herdeiras.
- a. Caducidade. Procederá declarar caducadas as licenzas de taxi nos casos de:
 - Incumprimento pola persoa titular das condicións que xustificaron o seu outorgamento.

- A non reanudación do servizo de taxi no prazo dun mes dende a finalización da suspensión.
 - Pola falta de dedicación á actividade da persoa titular cando esta fose esixible.
 - Pola obtención, xestión ou explotación da licenza de taxi por calquera forma non prevista na normativa de aplicación.
- b. Revogación. As licenzas de taxi poderán revogarse por motivos de oportunidade de interese público que aconsellen ao Concello reducir o número de licenzas. Neste suposto, a persoa titular da licenza terá dereito á correspondente indemnización económica, que se calculará de conformidade con aqueles parámetros obxectivos que determinen o seu valor real de mercado.

Artigo 9. Rexistro municipal de licenzas

O Concello de Lugo disporá dun Rexistro municipal de licenzas de taxi, no cal se anotarán de xeito individualizado:

- As persoas titulares das licenzas e os seus datos identificadores, incluído o domicilio para efectos de notificacións administrativas
- As persoas condutoras dos vehículos afectos ás licenzas e os seus datos identificadores.
- As persoas titulares de permisos municipais para conducir un taxi e os seus datos identificadores.
- Os vehículos afectos ás licenzas.
- As infraccións cometidas e as sancións impostas ás persoas titulares das licenzas ou ás persoas asalariadas, cando adquiran firmeza.
- Calquera outra incidencia que afecte á licenza municipal.

As persoas titulares das licenzas de taxi están obrigadas a comunicar os cambios de domicilio e demais datos e circunstancias que deban figurar no rexistro no prazo dun mes.

O coñecemento dos datos que figuren no rexistro será público, se ben para a consulta destes polos particulares se esixirá a acreditación dun interese lexítimo de acordo co disposto no artigo 13.d da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas*.

TÍTULO TERCEIRO. OS VEHÍCULOS DE TAXI

Artigo 10. Normas xerais

Cada licenza de taxi terá afecto un vehículo clasificado como turismo de acordo coas disposicións deste título e normativa de aplicación.

A persoa titular da licenza ten que ser titular do vehículo que se propoña para prestar o servizo en calquera réxime de utilización xuridicamente válido. Nos supostos de transmisión de licenza o vehículo adscrito a licenza poderá ser o mesmo, cando o novo titular adquirise a disposición dese vehículo.

Deberá concertar de maneira obrigatoria a correspondente póliza de seguros que cubrirá danos a viaxeiros e a terceiros segundo o disposto na normativa vixente.

Artigo 11. Requisitos

Os vehículos destinados a prestar servizos de taxi deberán estar clasificados na súa tarxeta de inspección técnica no grupo axeitado para tal fin e reunirán as características mínimas esixidas pola normativa que resulte de aplicación.

Contarán coas seguintes características:

- Os vehículos contarán cun espazo dedicado a maletreiro totalmente independente e diferenciado do habitáculo destinado á pasaxe, suficiente para transportar a equipaxe deste.
- Carrozaría pechada con portas de doado acceso e funcionamento que facilite a manobra con suavidade.
- As dimensións mínimas e as características do habitáculo interior do vehículo e dos asentos serán as precisas para proporcionar ao usuario e ao condutor/a seguridade e comodidade propias deste tipo de servizo.
- A tapizaría será de cores e deseño discreto, uniforme en todos os asentos, sen coloracións vivas nin motivos engadidos, e deberá ser dun material de doada limpeza.
- O piso irá recuberto dun material antiesvaradío e doado de limpar.
- Estarán provistos de repousacabezas en todas as prazas.
- Xanelas provistas de lúas transparentes e irrestrelables en todas as portas e na parte posterior do vehículo, de modo que se consiga a maior visibilidade, luminosidade e ventilación posibles. As situadas nas portas deben resultar accionables por vontade do usuario.
- Iluminación eléctrica interior que permita en horas nocturnas a perfecta visibilidade do cadro de mandos, do taxímetro e de todos os elementos de control do vehículo, e que proporcione iluminación abonda do habitáculo para facilitar o cambio de moeda.
- Dotación de extintor de incendios.
- Dotación de catro portas como mínimo para o acceso de ocupantes que deben resultar accionables por vontade do usuario, a excepción da do condutor.
- Modulo luminoso exterior que sinala claramente a dispoñibilidade do vehículo.

- O taxi circulará, cando preste a modalidade de servizo de “transporte a demanda”, cos indicadores de luces adaptados a lexislación vixente e un cartel ou módulo luminoso no que se visualice a lenda “transporte a demanda”.
- Aqueles que se establezan regulamentariamente.

Artigo 12. Taxímetro

Os vehículos afectos ao servizo de taxi deben estar equipados cun aparato taxímetro con impresora de factura debidamente precintado, homologado e verificado de acordo coas normas establecidas polo órgano competente en materia de metroloxía, co fin de determinar o prezo de cada servizo.

O taxímetro haberá de estar situado no terzo central da parte dianteira da carrozaría tendo que estar iluminado cando estivese en funcionamento, de forma que en todo momento resulte clara, visible e cómoda para os viaxeiros a lectura dos valores que teñen que ser exhibidos.

Artigo 13. Número de prazas

Con carácter xeral, os vehículos afectos ás licenzas de taxi dispoñerán dunha capacidade mínima de cinco e máxima de sete prazas incluída a persoa condutora. Non obstante, de conformidade co sinalado no artigo 25.2 da *Lei 4/2013, do 30 de maio*, poderán autorizarse vehículos de ata nove prazas.

Artigo 14. Substitución

Requírese a autorización do Concello de Lugo para substituír o vehículo afecto á licenza por outro. En todo caso, o novo vehículo deberá ser máis novo que o substituído, e deberá cumprir os requisitos previstos nesta ordenanza.

Os vehículos afectos ao servizo de taxi non poderán permanecer en servizo por un tempo superior a 10 anos contados dende a data da primeira matriculación.

En caso de que o vehículo alcance a dita antigüidade sen ser substituído por outro, declararase a caducidade dos correspondentes títulos habilitantes.

Artigo 15. Vehículos adaptados

Os vehículos cualificados como accesibles ou adaptados cumprarán as condicións e requisitos establecidos no *Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade*, ou norma que o substitúa.

Estes taxis prestaranlles servizo de forma prioritaria ás persoas con mobilidade reducida, pero, en caso de estar libres destes servizos, estarán en igualdade cos demais taxis non adaptados para dar servizo a calquera cidadán sen discapacidade.

Artigo 16. Pintura, distintos e adhesivos

Os vehículos destinados ao servizo de taxi serán de cor branca. Levarán o escudo oficial, cunha altura de 20 cm, que se une en anexo a esta ordenanza, que se colocará no centro das portas dianteiras do vehículo.

No exterior do vehículo deberán figurar o número da licenza municipal. Os números, de 5 cm de alto por 2 cm de ancho, en cor branca, deberán ir colocados nos cristais dianteiro e traseiro, na parte dereita en ambos os casos.

No teito do taxi, na parte dianteira dereita do vehículo, irá colocado un indicador luminoso ou módulo.

No interior do vehículo, en sitio visible para os viaxeiros, colocaranse os adhesivos coas tarifas vixentes, así como unha placa co número da licenza municipal, o número de prazas e a matrícula do vehículo.

Artigo 17. Publicidade

O Concello de Lugo poderá autorizarlles aos titulares das licenzas de taxi a contratación e colocación de anuncios publicitarios comerciais no exterior dos vehículos, sempre que conserven a súa estética e non impidan a súa visibilidade.

As autorizacións ás que se refire este artigo, outorgaranse con suxeición á lexislación vixente en materia de tráfico e seguridade viaria, e á normativa xeral de publicidade.

En todo caso prohibese toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas.

TÍTULO CUARTO. AS PERSOAS CONDUTORAS DO VEHÍCULO DE TAXI

Artigo 18. Normas xerais

Para exercer a actividade de condutor de vehículos de taxi requirirase ser titular do permiso municipal de condutor de taxi que será expedido polo Concello de Lugo. Cada licenza de taxi non poderá ter adscritas máis de dúas persoas condutoras, incluída a persoa titular.

As persoas titulares de licenzas de taxi haberán de prestar o servizo persoalmente con plena e exclusiva dedicación á devandita actividade, dando sempre prioridade aos servizos do municipio de Lugo.

Artigo 19. Condutor asalariado

Os titulares das licenzas poderán contratar persoas condutoras asalariadas para unha mellor explotación daquelas cunha relación entre eles de carácter laboral. A contratación de condutores asalariados queda sometida ás condicións seguintes:

- a) O condutor deberá posuír o correspondente título de condución e dispoñer da correspondente capacitación profesional.
- b) O contrato será a xornada completa e con dedicación exclusiva.
- c) Cantos outros, se é o caso, se dispoñan regulamentariamente.

Artigo 20. Tarxeta de identificación de condutor de taxi

Para a axeitada identificación do condutor de taxi, o Concello de Lugo expedirá a tarxeta de identificación de condutor que conterá unha fotografía do condutor, así como, entre outros datos, o nome e apelidos; número e data de autorización do permiso municipal de condutor de taxi e número da licenza á que se ache adscrito.

Artigo 21. Requisitos para a expedición

Corresponde ao titular da licenza de taxi a solicitude da tarxeta de identificación de condutor de taxi propia e/ou a dos seus condutores asalariados, logo de pagamento da taxa correspondente.

Para a expedición da tarxeta de identificación de condutor de taxi do propio titular da licenza, deberá acreditarse documentalmente que o titular cumpre os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión do permiso municipal de condutor de taxi en vigor.
- b) Declaración de non estar a desenvolver simultaneamente outros traballos que afecten á súa capacidade física para a condución ou que repercutan negativamente sobre a seguridade viaria.
- c) Estar dado de alta no réxime que corresponda da Seguridade Social.

Para a expedición da tarxeta de identificación dos condutores asalariados deberá acreditarse documentalmente que os condutores cumpren os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión do permiso municipal de condutor de taxi en vigor.
- b) Declaración de non estar a desenvolver simultaneamente outros traballos.
- c) Estar inscrito como condutores e en situación de alta no réxime da Seguridade Social de acordo coa lexislación laboral vixente.

d) Posuír contrato de traballo de acordo coa normativa laboral vixente.

O titular da licenza de taxi deberá solicitar a substitución destas tarxetas de identificación cando se produza a variación de calquera dos datos consignados nestas.

TÍTULO QUINTO. AS CONDICIÓNS XERAIS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TAXI

Artigo 22. Normas xerais

Os vehículos adscritos ao servizo de taxi deberán dedicarse á prestación do servizo exclusivamente regulado nesta ordenanza.

Artigo 23. Iniciación da actividade

As persoas que adquiren a titularidade dunha licenza de taxi deberán iniciar a prestación do servizo no prazo máximo dun mes, contados dende a data de notificación da autorización.

Artigo 24. Actividade mínima semanal

Salvo nos períodos de descanso, interrupcións da prestación do servizo e vacacións dos titulares das licenzas e condutores, a actividade mínima do taxi será de corenta (40) horas semanais.

Artigo 25. Potestades do Concello

O Concello ten a potestade de ordenar o servizo co fin de garantir en todo momento a súa prestación coas debidas condicións de calidade e extensión, e a satisfacción das necesidades dos usuarios e da mobilidade urbana en xeral.

En exercicio de tal potestade poderá:

- Logo de audiencia as asociacións do sector e Consello Galego do Transporte, poderá establecer o réxime de horarios, calendario, descansos, interrupcións da prestación do servizo e vacacións dos titulares das licenzas e condutores.
- Establecer as disposicións que, de acordo coa lexislación vixente, considere oportunas para que se garanta a existencia de vehículos adaptados para transportar as persoas usuarias con mobilidade reducida e en cadeira de rodas.
- Sinalar os lugares de parada nos que os taxis poidan estacionar á espera de pasaxeiros e pasaxeiras, facilitando na súa localización o acceso a persoas con mobilidade reducida.

Para a localización, modificación ou supresión de paradas de taxi darase audiencia ás asociacións profesionais representativas do sector e ás asociacións representativas de persoas consumidoras e usuarias.

Artigo 26. Desenvolvemento do servizo

O servizo considerarase iniciado no momento e lugar de recollida do usuario. Deberá entrar o aparato taxímetro en funcionamento no momento en que o vehículo inicie a marcha, despois de que o usuario indique o punto de destino.

Cando se trate dun servizo contratado por chamada na vía pública, por reserva previa ou por calquera outro medio telemático, o servizo considerarase iniciado no lugar de partida do vehículo. O cadro tarifario considerará unha contía máxima pola utilización deste modo de contratación.

O aparato taxímetro iniciará o servizo coa tarifa de “inicio da viaxe” que corresponda, interrompéndose a continuidade do contador cando chegue á contía máxima establecida.

No momento no que o viaxeiro e a súa equipaxe se encontren debidamente instalados e se indicase o punto de destino ou, se é o caso, cando o vehículo chegue á hora e punto de recollida convidados, o taxímetro deberá continuar o cómputo no punto onde o tivese interrompido.

A continuidade do contador interromperase definitivamente ao finalizar o percorrido, ou provisionalmente, ademais do suposto considerado no apartado anterior, durante as paradas provocadas por accidente, avaría, cambio de moeda ou outros motivos non imputables ao usuario. Nestes casos, unha vez resolto o incidente, o taxímetro deberá continuar o cómputo no punto onde o tivese interrompido.

A toma de carburante ou recarga só poderá realizarse estando libre o vehículo, salvo autorización expresa do viaxeiro, en cuxo caso se interromperá a continuidade do contador.

Artigo 27. Contratación do servizo de taxi

A concertación do servizo de taxi efectuarase a petición da persoa usuaria.

- a) Nas paradas establecidas.
- b) Mediante a súa chamada na vía pública.
- c) Por medios telemáticos.
- d) Mediante a súa reserva previa.
- e) Por outros modos que puidesen ser establecidos pola normativa de desenvolvemento da *Lei 4/2013, do 30 de maio*.

A persoa condutora pode denegar a prestación do servizo de taxi cando fose solicitado para finalidades que se presuman racionalmente como ilícitas ou cando concorresen circunstancias especiais de risco para a seguridade ou integridade física das persoas ou do vehículo e concretamente:

- Ser requirido por individuos perseguidos pola Policía.
- Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ao das prazas autorizadas para o vehículo.
- Cando calquera dos viaxeiros se ache en estado de manifesta embriaguez ou intoxicación por estupefacientes, agás nos casos de perigo grave ou inminente para a súa vida ou integridade física.
- Cando o atavío dos viaxeiros, ou a natureza e carácter dos vultos, equipaxes ou animais de que sexan portadores, poidan deteriorar ou causar danos no interior do vehículo.

- Cando sexa requirido para prestar o servizo por vías intransitables que ofrezan perigo para a seguridade e integridade tanto dos ocupantes e do condutor coma do vehículo.

A recollida e a baixada de pasaxeiros poderá efectuarse en calquera punto da vía pública onde o usuario o requira sempre que non se vulneren as disposicións sobre tráfico e seguridade viaria ou afecten gravemente á fluidez do tráfico.

Nos momentos nos que na cidade de Lugo se estea desenvolvendo algunha celebración relevante para a cidade, a título de exemplo o San Froilán, o Arde Lucus o Caudal Fest ou calquera outro evento de afluencia de visitantes, poderase estacionar nas paradas o número de vehículos necesario para atender a demanda de servizos, sempre e cando exista dispoñibilidade de espazo para realizar o estacionamento ou a parada sen perturbar a circulación.

Artigo 28. Documentación obrigatoria

Os vehículos afectos ao servizo de taxi deberán estar provistos da seguinte documentación:

- Licenza municipal de taxi.
- Permiso de condución.
- Permiso municipal de condutor.
- Permiso de circulación do vehículo.
- Tarxeta de inspección técnica do vehículo en vigor.
- Póliza e recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil.
- Un exemplar desta ordenanza e o cadro de tarifas aplicable ao servizo.
- Boletín de identificación e control metrolóxico do aparato taxímetro.
- Follas de reclamacións, axustadas á normativa vixente.
- Calquera outro documento esixible de conformidade coa normativa vixente.

Artigo 29. Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo de taxi teñen os seguintes dereitos:

- a) A acceder ao servizo en condicións de igualdade. Os condutores e condutoras que prestan o servizo deberán proporcionar a súa axuda ás persoas con mobilidade reducida, así como a aquelas que vaian acompañadas de nenos e nenas, ou ás mulleres xestantes, e deberán cargar e descargar a súa equipaxe.
- b) A identificar a persoa condutora e recibir unha atención correcta de quen presta o servizo.
- c) Á prestación do servizo con vehículos que dispoñan das condicións óptimas, no interior e exterior, en canto a hixiene, limpeza, comodidade e estado de conservación.
- d) A subir e baixar do vehículo en lugares onde quede suficientemente garantida a seguridade das persoas.
- e) A seleccionar o percorrido que consideren máis axeitado para a prestación do servizo. No suposto de que non exercitasen o referido dereito, sempre debe realizarse seguindo o itinerario previsiblemente máis curto, tendo en conta tanto a distancia para percorrer coma o tempo considerado de duración do servizo, segundo as condicións de saturación da circulación.

- f) A obter información sobre o número de licenza de taxi ou autorización interurbana de taxi e as tarifas aplicables aos servizos.
- g) A poder ir acompañada dun can guía no caso das persoas cegas ou con discapacidade visual.
- h) A transportar equipaxes de conformidade coas condicións que regulamentariamente se establezan.
- i) A que se facilite á persoa usuaria o cambio de moeda ata a cantidade que regulamentariamente se estableza.
- j) A recibir un documento xustificativo da prestación do servizo no que conste o prezo, orixe e destino do servizo, o número de licenza de taxi do vehículo que atendeu o servizo, a identificación da persoa titular dos títulos habilitantes e da persoa condutora e, a petición da persoa usuaria, o itinerario percorrido.
- k) A formular as reclamacións que consideraran oportunas en relación coa prestación do servizo, e deberá facilitar o condutor ou condutora, a petición da persoa usuaria, follas de reclamacións.
- l) Cantos outros se establezan legalmente ou regulamentariamente.

Artigo 30. Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo de taxi haberán de cumprir as normas de utilización que se establezan regulamentariamente, tendo, en todo caso, os seguintes deberes:

- a) Adoptar un comportamento respectuoso durante a prestación do servizo, sen interferir na condución do vehículo e sen que poida implicar perigo para as persoas e os bens.
- b) Pagar o prezo da prestación do servizo de acordo co réxime de tarifas establecido.
- c) Non manipular, destruír ou deteriorar ningún elemento do vehículo durante o servizo.
- d) Absterse de fumar, beber alcohol, inxerir alimentos ou consumir calquera tipo de substancia estupefaciente no interior do vehículo.
- e) Respetar as instrucións da persoa condutora en relación coa prestación do servizo en condicións de seguridade.
- f) Cumprimento de normas de utilización que se establezan regulamentariamente.

Artigo 31. Obrigas dos condutores

Os condutores dos vehículos de taxi están obrigados a:

1. Axudar a subir e baixar do vehículo aos viaxeiros que o necesiten por razóns de idade, minusvalías ou estado de saúde.
2. Recoller a equipaxe do viaxeiro, colocalo no maleteiro e entregarllo á finalización do servizo, en todo caso a pé do vehículo.
3. Coidar o seu aspecto persoal e vestir axeitadamente durante a prestación do servizo. Quedará prohibida a utilización de pezas e calzado de baño, así como os pantalóns curtos e as camisetas sen mangas.
4. Subir ou baixar o volume da radio e doutros aparatos de imaxe e son que puidesen estar instalados no vehículo, ou apagar estes se o viaxeiro o solicita.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8051291608288781828.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-9-2025

5. Permitir a apertura ou peche das ventás dianteiras ou traseiras.
6. Respetar a elección do usuario sobre o uso do aire acondicionado ou climatización, sempre que a temperatura solicitada non sexa inferior a 18º nin superior a 25º, salvo que condutor e usuario estean de acordo noutra inferior ou superior.
7. Observar un comportamento correcto con cantas persoas soliciten o seu servizo.
8. Respetar as normas de contratación do servizo de taxi.
9. Facilitarlles aos pasaxeiros que o soliciten unha folia de reclamacións.
10. Revisar o interior do vehículo ao finalizar cada servizo para comprobar se o usuario esqueceu algunha das súas pertenzas neste. Neste caso, e se non poden devolvelas no acto, deberán depositalas na oficina da Policía Local.

Artigo 32. Cambio de moeda

Os condutores dos vehículos ao servizo de taxi están obrigados a facilitarlle ao usuario cambio de moeda ata a cantidade de 50 euros.

En caso de que o condutor teña que abandonar o vehículo para obter moeda fraccionaria en contía inferior ao devandito importe, ou ao que no seu caso se fixe, deberá interromper provisionalmente o taxímetro.

No suposto de que o usuario vaia pagar o servizo cunha cantidade que supoña devolver un cambio superior a 50 euros, deberá advertirlllo ao condutor antes de iniciar o servizo. En caso de non o facer, será obriga do devandito usuario facerse co cambio e durante o tempo investido manterase funcionando o taxímetro.

Artigo 33. Tarifas

A prestación do servizo de taxi está suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias, que haberán de garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitirán unha axeitada amortización e un razoable beneficio industrial.

As tarifas poderán ser revisadas periodicamente ou, de xeito excepcional, cando se producise unha variación nos custos que altere significativamente o equilibrio económico da actividade.

O Concello de Lugo aprobará, tras audiencia ao Consello Galego de Transportes, e de acordo coa lexislación vixente, as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi.

DISPOSICIÓNS

Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira - Protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais

Todas as modalidades de servizo definidas nesta ordenanza poden requirir o manexo e tratamento de datos persoais tanto de persoas operadoras como usuarias.

O tratamento destes datos realizarase con observancia do disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación.

As persoas operadoras, xunto con aquelas centrais de reserva, plataformas de xestión, ou semellantes, que manexen ou traten datos persoais poderán facelo con cumprimento do marco legal, con habilitación dos protocolos, criterios e garantías que se recollen na normativa, como os criterios de proporcionalidade e seguranza e garantía dos dereitos de protección, entre outros.

As persoas operadoras, centrais e plataformas terán dereito de acceso a rexistros públicos sempre e cando sexan necesarios para a operativa do servizo e, en especial, a aqueles que poidan condicionar medidas de fomento do servizo, para a bonificación ou subvención ás persoas usuarias, para compensación do servizo etc. O Concello facilitara a xestión dos devanditos accesos, sempre de xeito ordenado e coas garantías que estipula a normativa aplicable.

O Concello como responsable e titular da competencia terá dereito de acceso aos rexistros dos operadores para os labores propios de supervisión, control e seguimento e na medida en que o acceso sexa imprescindible para o correcto exercicio das devanditas tarefas, así como para a xustificación e control.

Disposición adicional segunda. Relacións electrónicas

As persoas titulares das licenzas municipais de taxis, profesionais e calquera outra persoa que inicie relacións co Concello de Lugo relativas ao sector do taxi están obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración municipal.

Disposición adicional terceira. Modificacións normativas

As referencias contidas nesta ordenanza a preceptos doutras normas legais ou regulamentarias entenderanse feitas de xeito automático a aqueles preceptos que os substitúan ou modifiquen.

Disposición transitoria

No non previsto nesta ordenanza, será de aplicación o disposto na *Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia* e o *Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 4/2013* e supletoriamente a lexislación estatal.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Ordenanza municipal reguladora do servizo de autotaxis do Concello de Lugo, aprobada polo Pleno da corporación na sesión do 7 de outubro de 2002.

Disposición final

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo establecido no artigo 65.2 da *Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases de réxime local*.



ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac8051291608288781828.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-9-2025

ANEXO: Deseño e rotulación dos vehículos afectos ás licenzas de taxi



De todo o cal a Excm. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos:

ACTAS E GOBERNO

20/138 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNs QUE OBRAN NA SECRETARIA XERAL (VICESECRETARÍA) DENDE O DÍA 19 DE XULLO DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNs

(EXP.2025/G004/000525).- En conformidade co informe do vicesecretario municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran na Secretaría Xeral (Vicesecretaría), dende o día 19 de xullo de 2025, coa numeración 7212/2025 a 8568/2025, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2025.

De todo o cal a Excma. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

TESOURERÍA

21/139 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2025.- Ao abeiro do artigo 4.4 da Lei 15/2010, de 05 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, **DÁSELLE CONTA** Pleno da Corporación do Informe de morosidade correspondente ao segundo trimestre de 2025 emitido pola Tesoureira Municipal en data 22 de xullo de 2025 e que literalmente di:

«ASUNTO: INFORME DE MOROSIDADE DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2025.

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

- Guía do Ministerio de Economía e Facenda de 23/03/2011 para a elaboración dos Informes trimestrais que as entidades locais deben remitir ó citado Ministerio, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

- Real Decreto-Lei 4/2013, de 22 de febreiro de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo de crecemento e da creación de emprego

- Real-Decreto Lei 8/2013, de 28 de xuño de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.

- *Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do sector público (LCAP).*
- *Lei 11/2013, de 26 de julio, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.*
- *Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da debida comercial no sector público.*
- *Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas para a aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local (LRSAL).*
- *Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de 15/01/2014 relativa á aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local (LRSAL).*
- *Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, modificado polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.*
- *Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a cumplimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das EELL, Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.*

INFORME.

PRIMEIRO. A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira -LOEOESF-, na súa redacción dada pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, despois de dispor que as actuacións das Administracións Públicas están suxeitas ao principio de sustentabilidade financeira (art. 4 LOEOESF na súa redacción dada pola LO 6/2015), define ésta como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido na Lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea. Enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade. Para o cumprimento do principio de sustentabilidade financeira as operacións financeiras someteranse ao principio de prudencia financeira.

O período medio de pago definido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, mide o retraso no pago da debida comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Durante o tempo de vixencia do Real Decreto 634/2014 xurdiron dúbidas sobre a súa compatibilidade coa Directiva 2011/7/UE, de 16 de febreiro de 2011, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como coa Lei 3/2004, de 29 de decembro.

Neste senso, a modificación efectuada polo Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, aclara a diferenza entre o concepto do período medio de pago a provedores ao que se refire a LO 2/2012, e o prazo máximo de pago a provedores ao que se refire a normativa en materia de morosidade. O primeiro é o intervalo temporal no que cada administración debedora debe facer fronte ás débedas cos seus provedores computado como prazo medio, cuxo incumprimento da lugar á adopción das medidas previstas na LO 2/2012 para o aseguramente de parte do pago. Polo contrario, o segundo constitúe un intervalo de tempo suxeito a precisas regras de cálculo cuxo incumprimento provoca o deveño automático de xuros da débeda impagada.

Coa entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, prodúcese unha modificación na metodoloxía do cálculo do Período Medio de Pago, xa que o cómputo realízase desde a aprobación dos documentos de conformidade das facturas incluídas no mesmo. Elo implica que o PMP xa non pode ser negativo e que non poida ser obxecto de comparación en termos homoxéneos cos calculados ata o mes de abril de 2018, o que sí pode seguir a facerse coas cifras de morosidade, se ben, o límite máximo segue situado en 30 días.

Para o cálculo do período medio de pago a provedores téñense en conta as facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para a Financiación dos Pagos a Proveedores. Asimesmo, quedan excluídas as propostas de pago que sexan obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados polos órganos xudiciais ou administrativos.

SEGUNDO. *O artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, respecto da Administración Local, dispón que*

«3. Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes».

TERCEIRO. Os datos, obtidos do aplicativo da contabilidade municipal a 30 de xuño de 2025, e rendidos na Oficina Virtual de Coordinación coas Entidades Locais do Ministerio de Hacienda y Función Pública son os seguintes:

1. Obrigas pagadas en prazo.

No segundo trimestre do ano 2025 realizouse o pagamento de 1.177 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 15.667.241,99 euros. De ditas facturas, 517 foron pagadas dentro do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas en prazo ascendeu a 11.074.931,62 euros.

O número de facturas pagadas en prazo supón o 43,93% do total de facturas, e o importe pagado en prazo supón o 70,69% do total pagado.

2. Obrigas pagadas fora prazo.

No segundo trimestre do ano 2025 realizouse o pagamento de 1.177 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 15.667.241,99 euros. De ditas facturas, 660 foron pagadas fóra do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas fóra de prazo ascendeu a 4.592.310,37 euros.

O número de facturas pagadas fóra de prazo supón o 56,07% do total de facturas, e o importe pagado fóra prazo supón o 29,31% do total pagado.

3. Período medio de pago.

*O período medio de pago (PMPE) é de **53,83 días**.*

4. Facturas pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Do total de facturas quedaron pendentes de pagamento a 30 de xuño de 2025 3.354, que representan un importe global total de 11.670.454,43 euros.

Das anteditas facturas, 702, 7.871.718,05 euros estarían pendentes de pagamento pero aínda dentro do prazo legalmente previsto para poder efectualo. As 2.652 restantes, 3.798.736,38 euros, incumprirían o prazo legal de pagamento.

5. Período medio de pago pendente.

*O período medio de pago pendente (PMPP) é de **78,00 días**.*

6. Xuros de demora.

Durante o segundo trimestre de 2025 aboáronse xuros de demora por importe total de 0,00 euros.

7. Períodos medios de pago mensuais:

Os períodos de PMP consolidados incluídos son os seguintes:

Periodos de PMP incluídos	PMP (días)
<i>Abril 2025</i>	<i>11,19</i>
<i>Maio 2025</i>	<i>10,05</i>
<i>Xuño 2025</i>	<i>4,33</i>

CUARTO. Respecto aos datos de Evislusa, o período medio de pago (PMPE) é de **10,02 días**, e o período medio de pago pendente (PMPP) é de **21,43 días**.

QUINTO. De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 4º da Lei 15/2010, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o presente informe remitiuse aos órganos competentes do Ministerio de Hacienda.

SEXTO. Os datos do segundo trimestre 2025 reflicten unha mantemento dos datos do trimestre anterior na tramitación e pago das facturas, mántendose o PMPE por debaixo dos 60 días (53,83, inferior ao 1º trimestre), aínda que diminúe a porcentaxe de facturas pagadas dentro do prazo legal e do importe pagado dentro deste; igualmente as porcentaxes de facturas e importes pagados fóra de prazo reflicten un mantemento da situación, e o mesmo coas facturas pendentes.

Débese procurar manter esta regularidade e a mellora no procedemento de tramitación das facturas **dentro dos prazos legais**.

O PMPP increméntase lixeiramente. Resultaría preciso manter durante todo o exercicio a **axilidade na tramitación das facturas que se atopan en circuito de sinatura**.

O importe de facturas das compañías eléctricas historicamente **supón a maior parte do importe de facturas pendentes de pago**, tendo cando se lles presta conformidade nalgúns casos máis de 365 días de espera, e que de ser conformadas, deben aprobarse no Pleno Municipal mediante un recoñecemento extraxudicial de crédito **o que alonga todavía máis os seus prazos de pagamento**. Este importe tan alto destas facturas e por ese longo prazo de espera, está alterando a media do cálculo do período de pago da normativa de morosidade. En calquera caso, incluso as que non teñen un período tan longo de espera, téñeno da suficiente entidade como para altera-los datos de pago do resto das facturas municipais que conforman os distintos Servizos e que se están a tramitar con normalidade e dentro dos prazos legais salvo excepcións. Igualmente, existen facturas de subministración de electricidade de exercicios anteriores que figuran pendentes de pago e **das que resulta preciso levar a cabo unha labor de depuración** das mesmas en colaboración co servizo correspondente.

E non se pode esquecer que existen tamén outras facturas pendentes de pago de exercicios anteriores que tamén foi preciso levar a un recoñecemento extraxudicial de créditos a aprobar polo Pleno, polo que **resulta preciso que por parte das Áreas Xestoras se extreme a dilixencia debida na prestación de conformidade ás mesmas e na xestión dos gastos de forma que non queden pendentes facturas por falta de crédito axeitado e suficiente tanto de exercicios anteriores como no presente**.

Tal e como se ven informando de forma reiterada desde o exercicio 2016, dos datos que constan na Contabilidade Municipal pódese apreciar que desde que as facturas son aprobadas polo órgano municipal competente e se realiza a toma de razón na contabilidade municipal (fase «P» contable) ata que a Tesourería realiza o seu pagamento **transcorren escasos días**. De feito, desde o cambio no cálculo do PMP pola entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, que pasa a medir os días que transcorren desde a conformidade das facturas ata o seu pago efectivo, **o PMP do Concello de Lugo atópase por debaixo dos 30 días legalmente establecidos**. Igualmente, os reducidos

períodos medios de pago do Concello coadxuvar á mellora dos datos de morosidade, xa que apenas suman días aos de tramitación das facturas.

Así pois, os incumprimentos que se teñen producido en materia da normativa de morosidade seguen a reflectir unha deficiente e lenta xestión interna na tramitación administrativa das facturas que debe continuar mellorando.

SÉTIMO. Tal e como xa se dixo en informes anteriores, o calendario fiscal fixado por esta Tesourería Municipal desde o ano 2012 reparte ao longo do exercicio económico tódolos padróns fiscais máis importantes en cuantía para garantir que durante todo o ano se produzan ingresos e evitar desequilibrios de liquidez na tesourería, ademáis de repartir no tempo a carga tributaria para o contribuínte.

Este reparto que permite unha estabilidade na liquidez da Tesourería non resultou xa suficiente en determinados períodos do exercicio en exercicios anteriores, o que poñía de manifesto a insuficiencia dos ingresos do Concello con carácter xeral e estrutural, tal e como se viu nos resultados da liquidación de 2023 e se indicou nos informes da Intervención Municipal á mesma. Aínda así, nos trimestres transcorridos do exercicio 2025, que son os máis sensibles a estas variacións na liquidez, notouse unha mellora derivada, entroutros factores, da sensible mellora experimentada con medidas de contención do gasto, pero tamén dos elevados importes ingresados correspondentes a proxectos financiados con recursos alleos cuxas obrigas foron imputadas a exercicios anteriores, o que conlevou as dificultades no exercicio 2024 ao anticipar recursos e a mellora no 2025, tal e como reflicte o informe da Intervención Municipal á liquidación do exercicio 2024.

Finalmente, o Calendario e Orzamento de Tesourería realizado para a subministración de datos na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais no segundo trimestre de 2025 segue estimando que se garantiza a cobertura financeira e de liquidez das obrigas que se puideran aprobar e que se atopan pendentes, pero este atópase cada vez máis axustado.

Reitérase por tanto a necesidade de tramitar nos prazos establecidos na normativa de morosidade as facturas que están pendentes así como as que entren por rexistro de entrada (prestación de conformidade á mesma ou rexeitamento) para evitar incumprimentos e, sobre todo, o abono de xuros de demora aos contratistas, o que xera un prexuízo económico a esta entidade».

De todo o cal quedou informada a Excma. Corporación Municipal.

22/140 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2025.- En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac8051291608288781828.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-9-2025

Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante os meses de XULLO e AGOSTO de 2025, coa numeración 70/2025 a 90/2025.

Do 01 de XULLO ao 31 de AGOSTO de 2025 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Fecha Firma
2025/T030/000071	Resolución Tesourería - Recurso reposición dilixencia embargo CESAR VÁZQUEZ CARRACEDO (Expte 2023Exp47000448)	2025/70	01/07/2025
2025/T030/000072	Resolución Tesourería recurso reposición contra resolución 52/2025 ANTARES MEDIACION CORREDURIA DE SEGUROS SL	2025/71	01/07/2025
2025/T030/000073	Resolución Tesourería recurso reposición Antares Mediación Correduría de Seguros SL contra providencia de constrinximento	2025/72	03/07/2025
2025/T030/000074	Resolucións Tesourería.- Contestacións as alegacións presentadas por Candela González Anllo en representación de JOSE ÁNGEL CADAVEIRA RODRÍGUEZ (Expte 47010000055827).	2025/73	03/07/2025
2025/T030/000075	Resolucións Tesourería.- Recurso reposición dilixencia embargo de contas ALBERTO REDONDO VALIN	2025/74	04/07/2025
2025/T030/000076	Resolucións Tesourería.- Revisión expediente sucesión 47010000055827 (presentada por Candela González Anllo) de MARÍA LUZ CADAVEIRA RODRIGUEZ.	2025/75	07/07/2025
2025/T030/000077	Resolución Tesourería execución resolución reclamación económico administrativa TEAM Juan Daniel Diéguez Guerrero	2025/76	08/07/2025
2025/T030/000079	Resolucións Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de constrinximento e dilixencia de embargo HAFID MEZIANE Multa 2015-M-00002590	2025/77	08/07/2025
2025/T030/000078	Resolucións Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de constrinximento MARCOS TRIGO GOMEZ da multa 2023-P-00009916	2025/78	08/07/2025
2025/T030/000080	Resolucións Tesourería.- Contestación a solicitude de devolución do importe cobrado a María Amable Pardo Portela declarada en concurso de acreedores con concesión da exoneración do pasivo insatisfecho	2025/79	10/07/2025
2025/T030/000081	Resolucións Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo RAQUEL NOYA BLANCO (Expte 2015-O-0000368)	2025/80	11/07/2025
2025/T030/000082	Resolucións Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo DOMOTEC LUGO CB	2025/81	17/07/2025
2025/T030/000083	Resolucións Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo OIA NORTE SERVICIOS DE PUBLICIDAD en relación unha IU 40/08 nº liquidación 4704326 e multa bando nº 8434274	2025/82	18/07/2025
2025/T030/000084	Resolucións Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de constrinximento e dilixencia de embargo CECHALVA SL polos recibos IVTM 2021-2024 (10567856,11082495,11617619,12145493,10567857,11082496,11617620,12145494,10567858,11082497,11617621,12145495)	2025/83	24/07/2025

2025/T030/000085	Resolucións Tesourería.- Recurso reposición contra a providencia apremio IGNACIO MENDEZ SOTO da liquidación nº 1186926 en concepto taxa de aproveitamento especial da vía pública con mesas 2023 en rúa Doutor Gasalla, 29 Pbx.	2025/84	31/07/2025
2025/T030/000086	Resolucións Tesourería.- Retracción do procedemento de constrinximento JAIME QUIROGA VALLE da liquidación nº 12060521 en concepto IIVTNU	2025/85	01/08/2025
2025/T030/000087	Resolucións Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de constrinximento LUIS PIÑEIRO FERNÁNDEZ (Recibos IVTM 12155577 e 12155576)	2025/86	01/08/2025
2025/T030/000088	Resolucións Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de constrinximento e dilixencia de embargo ANGELES PEREIRA LÓPEZ dos recibos 10605171, 11120138 e 11655260 en concepto do IVTM exercicios 2021-2023	2025/87	26/08/2025
2025/T030/000089	Resolucións Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de constrinximento e dilixencia de embargo JOSÉ ANTONIO CASIMIRO GIL do recibo 12143912 IVTM/24	2025/88	26/08/2025
2025/T030/000090	Resolucións Tesourería.- Recurso reposición contra providencia de constrinximento RUBEN MOUZO GARCÍA (Multa 2022-P-000001763)	2025/89	26/08/2025
2025/T030/000091	Resolucións Tesourería.- Recurso reposición providencia de constrinximento DANIEL AYAN LÓPEZ (Multa 2023P00003067)	2025/90	26/08/2025

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

INTERVENCIÓN

23/141 DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE AS RESOLUCIÓN S DITADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA CONTRARIAS AOS REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL. ANUALIDADE 2024.- Formulado pola Intervención Xeral Municipal o Informe Ref: 2025/356 de data 17.03.2025, relativo ás resolucións contrarias ós reparos formulados pola Intervención Xeral municipal da anualidade 2024, e dando cumprimento ao contido do artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, así como o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, nos apartados 6 e seguintes do seu artigo 15, DÁSELLE CONTA ao Excmo. Concello Pleno do referido informe, cuxo teor literal é o seguinte:

“INFORME ANUAL SOBRE AS RESOLUCIÓN S ADOPTADAS POLA PRESIDENTA/ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO CONTRARIAS AOS REPAROS EFECTUADOS OU, NO SEU CASO, Á OPINIÓ N DO ÓRGANO COMPETENTE DA ADMINISTRACIÓN QUE OSTENTA A TUTELA, AS PRINCIPAIS ANOMALÍAS EN MATERIA DE INGRESOS, OS INFORMES DE OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA E OS RESULTADOS DO CONTROL DAS CONTAS A XUSTIFICAR E DOS ANTICIPOS DE CAIXA FIXA DO EXERCICIO 2024

O presente informe emítese dando cumprimento ao contido do artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que na súa redacción dada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sinala o seguinte:

“Artigo 218 Informes sobre resolución de discrepancias

1. O órgano interventor elevará informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Este informe atenderá unicamente a aspectos e labores propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións que fiscalice.

O contido neste apartado constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.

O Presidente da Corporación poderá presentar no Pleno informe xustificativo da súa actuación.

2. Sen prexuízo do anterior, cando existan discrepancias, o Presidente da Entidade Local poderá elevar a súa resolución ao órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira.

3. O órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Á citada documentación deberá acompañar, no seu caso, os informes xustificativos presentados pola Corporación local.”

Por outra banda o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, nos apartados 6 e seguintes do seu artigo 15, respecto das discrepancias formuladas pola Intervención sinala o seguinte:

“6. Con ocasión da dación de conta da liquidación do Orzamento, o órgano interventor elevará ao Pleno o informe anual de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados, ou, no seu caso, á opinión do órgano competente da Administración que ostente a tutela ao que se solicitou informe, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Este informe atenderá unicamente a aspectos e labores propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións que fiscalice. O Presidente da Corporación poderá presentar no Pleno informe xustificativo da súa actuación.

7. Unha vez informado o Pleno da Entidade Local, con ocasión da conta xeral, o órgano interventor remitirá anualmente, ao Tribunal de Contas e, no seu caso, ao órgano de control externo autonómico correspondente, todas as resolucións e

acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, no seu caso, á opinión do órgano competente da Administración que ostente a tutela ao que se solicitou informe de conformidade co apartado 4º deste artigo, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos, debendo acompañarse á citada documentación, no seu caso, os informes xustificativos presentados pola Corporación Local con independencia da participación doutros órganos de control en virtude do apartado 4 deste artigo.

8. Os informes anuais referidos nos apartados anteriores deberán diferenciar de forma clara e concisa, o carácter suspensivo ou non dos reparos efectuados polos órganos interventores."

Así mesmo, o artigo 28 do citado Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, ven a establecer que:

"1. Nos supostos nos que, conforme o disposto neste Regulamento, a función interventora fóra preceptiva e omitiuse, non se poderá recoñecer a obriga, nin tramitar o pago, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva esta omisión nos termos previstos no presente artigo.

2. Se o órgano interventor ao coñecer dun expediente observase omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciase aquel e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto de a proposta, a fin de que, unindo este informe ás actuacións, poida o Presidente da Entidade Local decidir se continua o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso, procedan.

Nos casos de que a omisión da fiscalización previa refírase as obrigas ou gastos cuxa competencia sexa de Pleno, o Presidente da Entidade Local deberá someter a decisión do Pleno se continua o procedemento e as demais actuacións que, no seu caso, procedan.

Este informe, que non terá natureza de fiscalización, incluírase na relación referida nos apartados 6 e 7 do artigo 15 deste Regulamento (...)"

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Constitución Española: artigo 136*
- *Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003 e pola Lei 27/2013.*
- *Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, de réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais*
- *Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control*

interno nas entidades do Sector Público Local

- *LO 2/1982, do Tribunal de Contas*
- *Lei 6/1985 de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia*
- *Orde HAP/1781/2013 de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local.*
- *Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento Orzamentario*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia*
- *Reglamento de Control Interno del Sector Público del Concello de Lugo.*

INFORME DE INTERVENCIÓN

A finalidade deste informe é dar traslado das resolucións adoptadas pola Alcaldía-Presidencia contrarias aos reparos efectuados ou, no seu caso, á opinión do órgano competente da Administración que ostenta a tutela, das principais anomalías en materia de ingresos, dos informes de omisión da función interventora e dos resultados do control das contas para xustificar e dos anticipos de caixa fixa, co obxectivo de dar cumprimento aos artigos 15, 27.2 e 28.2 do RCIL e 218.1 do TRLRFL.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas, señor alcalde. Ben, terásese en consideración, pero tamén queremos informar de que a rede de abastecemento chegará no momento en que estean completadas as parroquias colindantes porque, como vostede sabe, aquí se repetiu varias veces, é mellor que sigan na oposición porque si todas as promesas, entre saneamento, estradas, vías, abastecemento, saneamento que vostede está prometendo no rural se levaran a cabo necesitaríamos 30 anos do orzamento 100% do Concello de Lugo para levalos a cabo pero o abastecemento está en marcha, está en marcha nas parroquias de Pías, Cima de Vila, como tamén vostede sabe, unha ampliación en Conturiz e a rede de abastecemento non é onde está o enganche, senón que hai que canalizar para que pase a auga, señora Rubinos, polo tanto tomarase en consideración, pero todo iso conleva unhas actuacións previas que non é soamente a cercanía dos enganches, senón que hai que dotar de infraestruturas, como dicíamos en tamén noutras proposicións, para que chegue a auga a esa ubicación, que por certo e onde vive vostede.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Moi ben, seguinte rogo.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 275/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE LUGO CONTE CUNHA RÚA OU PRAZA

DEDICADA Á "CRUZ ROJA" EN RECOÑECIMENTO AO SEU LABOR HUMANITARIO NA CIDADE.- Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

A Cruz Roja constitúe unha das organizacións humanitarias máis importantes e recoñecidas a nivel mundial, que ao longo de máis de século e medio vén desenvolvendo un labor esencial de axuda, acompañamento e solidariedade coas persoas máis vulnerables.

En Lugo, a súa presenza e traballo foron fundamentais en múltiples ámbitos sociais, asistenciais e de emerxencia, polo que resulta de xustiza recoñecer publicamente a súa contribución á nosa cidade.

Neste sentido, a Cruz Roja en Lugo, a través do seu presidente, dirixiuse ao Concello solicitando que se adique unha rúa ou praza co seu nome nalgún lugar céntrico ou de especial relevancia social. O noso grupo xa trasladou por escrito o apoio a esta proposta, que consideramos plenamente xustificada e necesaria.

Por todo esto, o Grupo municipal do Partido Popular rógalle ao goberno municipal que inicie os trámites oportunos para que Lugo conte cunha rúa ou praza adicada á Cruz Roja, como mostra de gratitude e recoñecemento ao seu labor humanitario.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas. Pois ten a palabra para tratar o rogo o señor Gustavo Díaz. Tres minutos, cando queira.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Muchas gracias señor alcalde.

Hoy traemos a este Pleno un ruego sencillo pero cargado de significado: que Lugo dedique un espacio público a la Cruz Roja. La Cruz Roja es una entidad profundamente arraigada en nuestra sociedad, su labor ha sido y sigue siendo esencial para miles de ciudadanos. En nuestra ciudad lleva décadas desarrollando un trabajo callado, constante, eficaz y profundamente humano. Su presencia es constante y su intervención discreta pero imprescindible, llega a numerosas familias y colectivos que encuentran en esta institución una mano tendida en los momentos más difíciles. Son cientos de voluntarios y voluntarias los que han entregado su tiempo, su esfuerzo y su cariño para acompañar a quienes más lo necesitan, y lo han hecho en ámbitos muy diversos: programas de inserción laboral, apoyo a familias, formación de jóvenes, intervención en emergencias o en la ayuda a inmigrantes y refugiados. Durante la pandemia la Cruz Roja fue un pilar fundamental de apoyo social. Mientras muchos estábamos confinados en nuestras casas, las personas de la Cruz Roja estaban en la calle, repartiendo alimentos, llevando medicinas, atendiendo a personas mayores solas o apoyando emocionalmente a quienes lo necesitaban. Esa es la esencia de la Cruz Roja, estar siempre presente con discreción, con profesionalidad e con una entrega absoluta. Señoras y señores concejales, el propio presidente de la Cruz Roja en Lugo se dirigió a este Concello solicitando que nuestra ciudad reconozca publicamente esa labor dedicando a la institución una calle o una plaza. Desde nuestro grupo

municipal hemos expresado por escrito nuestro apoyo a esta solicitud y hoy lo reiteramos aquí, convencidos de que se trata de un gesto justo, merecido y necesario. Este ruego busca homenajear a una organización ejemplar y al mismo tiempo visibilizar los valores que representa. Dedicando un espacio a la Cruz Roja reforzamos el voluntariado y dejamos a las futuras generaciones un testimonio de gratitud hacia quienes entregan su tiempo y su vida al servicio de los demás. Lugo, como ciudad solidaria y comprometida, no puede permanecer ajena a este merecido homenaje. Diversas ciudades gallegas, como A Coruña, Vigo, Ourense o Ferrol, ya han reconocido públicamente su labor dedicándole una calle o una plaza. Por eso pedimos al Gobierno municipal que se inicien los trámites oportunos para que Lugo cuente con un espacio público dedicado a la Cruz Roja, un lugar céntrico, y relevante de nuestra ciudad, elegido en diálogo con la propia entidad, que refleje de manera visible y permanente el reconocimiento a su labor humanitaria. Quiero pedirle además que se posicionen con claridad y que nos digan si están de acuerdo o no, con que la Cruz Roja merezca un espacio público con su nombre, la ciudadanía merece una respuesta clara. No es una cuestión polémica, es una cuestión de justicia, de reconocimiento y también de gratitud. Muchas gracias.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señor Díaz. Resposta a señora López Racamonde.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Bo día de novo, moitas grazas! Por suposto que a Cruz Vermella é digna dun recoñecemento, así o entendemos dende o Goberno e, de feito, tomamos en consideración este rogo porque pensamos que a institución coas labores que desenvolve así o merece e, de feito, dende o Concello de Lugo recoñecemos esa valía e esa maneira de facer, financiando moitos proxectos da Cruz Vermella. Vostede acaba de destacar as actividades que facía a Cruz Vermella no momento da pandemia, donde levaba medicamentos, comida, atendía maiores, proxecto financiado exclusivamente polo Concello de Lugo que aposta por esa entidade, e iso é apostar tamén polas entidades non? dándolles recursos para que poidan desenvolver esas actividades que van no seu ADN, así que con feitos o facemos, atendemos e tomamos en consideración este rogo, volvo insistir, á Cruz Vermella de Lugo, vale? Grazas, alcalde.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Pois, debatido este tema, pasamos ao seguinte rogo.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 276/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO EMPREGUE OS MECANISMOS AO SEU ALCANCE PARA GARANTIR A LIMPEZA E XESTIÓN DA BIOMASA NAS PISTAS FORESTAIS E FRANXAS SECUNDARIAS.- Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

A limpeza das pistas e das franxas secundarias son fundamentais porque actúan como barreiras para evitar que as lapas se acheguen ás vivendas e aos núcleos poboados. A xestión adecuada da biomasa e a eliminación da vexetación

seca ou inflamable diminúen significativamente o risco e a intensidade dos incendios forestais, tal e como establece a Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia, que obriga a manter 50 metros limpos arredor das casas e núcleos. A limpeza das pistas forestais fai que sirvan de elementos cortalumes moi relevantes na extinción de incendios. A Xunta de Galicia, a través de convenios con varios concellos, promove ferramentas e apoio para esta xestión da biomasa coa intención de minimizar os riscos de incendios.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta un rogo a Pleno para que o Concello de Lugo empregue todos os mecanismos ao seu alcance para garantir a limpeza e xestión da biomasa nas pistas forestais e franxas secundarias arredor dos núcleos urbanos e das vivendas illadas.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a palabra a señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: É preciso recordar algúns dos datos que se usaron no debate anterior, especialmente que a mediados de agosto estaban desbrozadas 15 das 54 parroquias, ou que unha razón económica para evitar ter que asignar máis recursos, a pesar de recoñecer que as circunstancias deste ano eran distintas, evitou que o noso rural, as franxas secundarias, a xestión de biomasa das pistas forestais, pois non estivera como nosoutros entendemos que ten que estar. E tamén porque ao final ao debate competencial paréceme que é necesario en cada un, non sei se é porque ás veces non se sabe moi ben que é responsabilidade de cada Administración ou se simplemente intentando no debate político confundir ao cidadán e entenda que é cousa doutros e ao final se quede coa percepción de que uns por outros a casa sen barrer. Pero expliqueino moi detalladamente no servizo de axuda no fogar e quero explicalo tamén detalladamente na responsabilidade, que a tiña, este rogo de limpeza e xestión de biomasa das pistas forestais e das franxas secundarias, e para iso os invito á lectura do artigo 25.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, que establece as competencias en materia de protección do medio ambiente, incluído a prevención de incendios, e tamén o artigo 50.1 da Lei 3/2007, de prevención e defensa dos incendios forestais de Galicia. Ambas establecen que a competencia que teñen os concellos para garantir ese cumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal nas franxas secundarias e a protección en terreos urbanos de núcleo rural ou urbanizables, adoptando as medidas precisas para garantir esa limpeza e mantemento dos terreos tamén de titularidade municipal, que aquí evidentemente poderíamos traer moitas fotos que demostrarían con imaxes para que fose máis difícil rebater da necesidade que hai de facelo de maneira eficaz, e incluso pois ese requirimento ás fincas privadas, reforzando as tarefas de inspección e vixilancia e executando os traballos de forma subsidiaria. Estas son as competencias, deben ser tamén as incumbencias e creo que ademais é a responsabilidade especialmente despois de escoitalos na primeira moción e hoxe o Grupo Municipal do Partido Popular

presenta este rogo a Pleno para que o Concello empregue todos os mecanismos que ten ao seu alcance, que o marque coma unha prioridade e que garantice a limpeza e a xestión da biomasa nas pistas forestais e nas franxas secundarias arredor dos núcleos urbanos e das vivendas illadas -esta última parte tamén moi importante-. Sen dúbida, se o Concello de Lugo asume e executa a súa competencia, estaremos moito mellor preparados en caso de que, oxalá non sexa así!, houbera un incendio, e non facelo tamén nos convertirá, indudablemente, en responsables.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:
Moi ben, pois contesta a señora González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas!

Señora Candia, vou empezar a sospeitar que sempre se ten que esquecer de algo para botarlle a culpa ao Concello. Como lle dicía tamén na primeira intervención, o 2 de outubro de 2024, a Xunta de Goberno do Concello de Lugo aprobou o Plan de emerxencias municipal. O 6 de febreiro de 2025 remitiuse o acordo á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior para que o seu trámite de homologación pola Comisión Galega de Protección Civil e en data 9 de maio de 2005 recíbese no Rexistro do Concello de Lugo o informe da Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil sobre documentos presentados para a valoración do PEMU. É dicir, levamos desde febreiro de 2005, remitindo este documento, que é imprescindible, porque o que lle dicía vostede esqueceise de dicir que para que o Plan de emerxencias, iso das faixas secundarias que o deberon descubrir agora, porque a Xunta de Galicia xa tiña competencia sobre iso a través dos organismos que lle estou citando, pero o das franxas secundarias teñen como función prioritaria a protección dos núcleos de poboación, infraestruturas, equipamentos sociais e zonas edificadas fronte aos incendios forestais, para o que é requisito cos plans municipais de emerxencia dos concellos de Lugo estean avalados pola Xunta de Galicia. Entón eu rógole tamén que utilice este rogo, que nós estamos en intención de cumprilo, que o envíe ós departamentos que lle digo, se non recórdollo, á Dirección Xeral de Defensa de Montes, a Protección Civil e que non, non me acordo agora de máis de memoria, porque as relacións de cooperación entre as administracións públicas para a aplicación coordinada e simultánea da normativa reguladora en materia de emerxencias e da normativa reguladora de prevención e defensa contra incendios forestais, ambas normas do Parlamento de Galicia, para axilizar as tramitacións dos plans de emerxencia citados cumpren, é obrigatorio que teñamos aprobados eses plans nestes departamentos que lles digo, da Xunta de Galicia, así que rogo sobre rogo, tamén lle rogo que non se esqueza de contar a historia completa.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:
Moi ben, moitas grazas! Pasamos ao seguinte rogo.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 277/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE LEVE A CABO UNHA ANÁLISE DA MOBILIDADE PREVISTA XERADA POLA ENTRADA EN FUNCIONAMENTO DA FUTURA ESTACIÓN INTERMODAL DE LUGO.- Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

O avanzado estado das obras que corresponden á futura estación intermodal de Lugo xeran a dúbida de que a vía e a praza que se sitúan na súa fronte puidesen non ser de suficiente entidade como para asumir o tráfico previsto, que pode verse notoriamente incrementado coa súa entrada en funcionamento.



Por tal motivo, o Grupo Municipal do Partido Popular formula, perante a corporación municipal, en reunión ordinaria de Pleno municipal, o seguinte ROGO:

Unha análise da mobilidade prevista para a nova situación xerada pola entrada en funcionamento da estación intermodal de Lugo e a proporción de información acerca das medidas adoptadas froito desa análise para asegurar que tanto a vía coma a praza que se sitúan na súa fronte son de suficiente entidade como para asumir o tráfico previsto.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben!, pois formula o rogo o señor Cabarcos. Cando queira.

DON RAMÓN CABARCOS RODRÍGUEZ: Bo día!

A xustificación deste rogo que traemos ao Pleno de hoxe é a da incerteza que perciben os veciños e os usuarios, os axentes que operan na contorna da Praza de Conde de Fontao. A entrada en funcionamento da intermodal vai supoñer unha nova importante en canto á densidade de tráfico, ás circulacións, aos percorridos e ás necesidades tanto da estación intermodal como dos veciños que viven na contorna ou dos axentes que traballan nesa contorna. Entón esta incerteza vénse trasladando por estes axentes e veciños para que nós solicitemos un estudo e unha

seguridade, unha información previa para todos eles que os tranquilice en canto ás futuras demandas e o correcto funcionamento da zona.

Está xustificado que isto se traia ao Pleno como un rogo? Pois posiblemente si, porque hai que entender que a área de Mobilidade do Goberno local vén levando a cabo accións dende hai moito tempo, pero que moitas delas acaban en resultados que non son, digamos, completamente satisfactorios, e hai moitos exemplos desta situación. Un deles é o da praza que da comezo á avenida de Ramón Ferreiro, que hoxe en día aínda non ten unha solución, solicitada dende hai máis dun ano, acerca das preferencias e do funcionamento que ninguén chegue a entender moi ben e que producen conflitos case a diario. Pero é que outras zonas da cidade que nunca tiveron problemas de mobilidade hoxe si a teñen. Outro exemplo pode ser a Rolda do Carme, que foi proxectada e construída a finais dos anos 70 coa idea de proporcionar unha mobilidade fluída entre o norte e o sur da cidade, e hoxe é unha vía que incriblemente ten retencións, e non só ese punto, as retencións en García Abad temos uns percorridos moi longos arredor da contorna da Muralla e situacións que non beneficiaron e prexudicaron moitísimo a mobilidade rodada. Entonces vendo o que está a ocorrer noutros sitios, pois é entendible que exista esa preocupación. Polo tanto nós traemos este rogo aquí con tempo suficiente para que garantan e informen aos veciños e aos operadores da zona de que non vai haber problemas unha vez que a intermodal entre en funcionamento.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas, señor Cabarcos! Contesta o señor Rubén Arroxó.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas. Si, hai que dar máis rodeo na rolda da Muralla. Para o Partido Popular un problema porque quereda que seguisen pasando os coches pola Mosqueira. Afortunadamente a maioría da poboación de Lugo non quere. Tamén o Partido Popular criticaba que se fixesen pasos de peóns elevados, algo que pide todo o mundo porque ía ralentizar o tráfico. Son diferentes formas de entender a mobilidade. En todo caso, con respecto a este rogo en concreto, evidentemente a estación intermodal vai cambiar cuestións referentes á mobilidade nesa zona, para empezar porque van pasar vehículos grandes, como son os propios autobuses por eses barrios e, polo tanto, hai cousas que vai haber que modificar. Estanse tendo en conta, estanse tendo en conta para todos os futuros cambios que hai que facer na cidade e, polo tanto, pois segundo vaia avanzando o proxecto se irán vendo.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señor Arroxó.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 278/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA SINATURA DA

ESCRITURA PÚBLICA DE PARCELAMENTO E DECLARACIÓN DE OBRA NOVA DAS 15 VIVENDAS UNIFAMILIARES DO BARRIO DA CROA.- Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

No ano 1992, durante o goberno do Partido Popular no Concello de Lugo, púxose en marcha un proxecto destinado a erradicar o chabolismo, que deu lugar á construción de 15 vivendas unifamiliares na contorna do barrio da Croa. En 1995 concedéuselles a correspondente licenza urbanística, permitindo así a execución das devanditas vivendas.

Porén, 29 anos despois, as persoas propietarias destas vivendas continúan sen dispoñer das escrituras que lles outorgan a súa titularidade legal. Esta situación mantén aos veciños e veciñas nun estado de incerteza e inseguridade xurídica que require unha solución urxente e definitiva.

Cómpre lembrar que un dos pasos previos imprescindibles para a legalización e transmisión definitiva das vivendas é a inscrición das parcelas resultantes das actuacións urbanísticas no Rexistro da Propiedade. Só tras este trámite, as parcelas pasan a ser propiedade formal do Concello e poden ser legalmente transmitidas ás persoas destinatarias das vivendas.

Tendo en conta que, segundo a información trasladada nunha xunta universal de EVISLUSA, as escrituras de parcelamento e a declaración de obra nova están perfectamente redactadas e rematadas desde finais do ano 2024, e que se atopan unicamente pendentes de seren asinadas polo responsable do Concello na notaría asignada para este traballo,

O Grupo Municipal do Partido Popular formula as seguintes preguntas:

1. Teñen xa fixada unha data para a sinatura da escritura pública de parcelamento e da declaración de obra nova das 15 vivendas unifamiliares do barrio da Croa?

2. Cando ten previsto o goberno municipal realizarlles a entrega definitiva das escrituras de propiedade aos veciños das devanditas vivendas?

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois dous minutos para formular a pregunta, señora Mar Carballas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Gracias, alcalde. Buenos días a todos y a todas, especialmente a los vecinos de la Croa que hoy nos acompañan por la paciencia que están teniendo en todo este proceso. Y no lo digo sólo por los años que llevan esperando, sino porque hoy tuvieron que escuchar como los concejales de la bancada de enfrente hablaban de empatía, de que hai que mirar

por los vecinos sin hacer demagogia, donde el señor alcalde se le llenó la boca diciendo que están al lado de los vecinos. Y, yo me imagino que ellos, al igual que yo, nos preguntamos ¿pero de todos los vecinos o sólo de unos pocos? Y con los vecinos de la Croa, qué? ¿quién tiene empatía con ellos? Porque son muchas las veces que preguntamos por la fecha para la firma de la escritura pública de parcelación y de la declaración de obra nueva de las viviendas unifamiliares del barrio da Croa. La respuesta pues o largas o balones fuera. Sólo en este mandato, preguntamos en julio del año 2023, enero, mayo y octubre del año 2024, y en mayo de este año 2025, en el que la última respuesta del señor Bustos, nos contestaba que “non é un procedemento sinxelo”. “Home!, vale que non sexa un procedemento sinxelo”, pero es que llevan gobernando 26 años y no fueron capaces de solucionarlo. Yo les pido que apliquen todo eso de lo que estuvieron presumiendo hoy aquí, porque es verdad que estamos aquí para ayudar a los vecinos, para tratar de solucionar sus problemas, no para crearles incertidumbre, que es lo que ustedes llevan años haciendo. Porque aquí hay que ponerse serios. Estos vecinos no se merecen esperar más, los tienen hoy aquí de nuevo, en el Pleno. ¿Van a hacer que se vuelvan a marchar sin una fecha concreta?

Las escrituras, lo saben tanto ustedes como yo, que están perfectamente redactadas y finalizadas desde hace ya casi un año. ¿Ya las despachó el señor alcalde para que pudiesen pasar por Departamento Jurídico y Patrimonial, o aún ni tan siquiera lo hicieron? Yo les pido por los vecinos, no por el Grupo Municipal del Partido Popular, que nos contesten y que sean claros, que se lo tomen en serio. ¿Tienen ya fijada la fecha para la firma de la escritura pública o los vecinos se van a volver a marchar con promesas vacías? ¿Cuándo tiene previsto el Gobierno municipal entregar definitivamente las escrituras de propiedad a los vecinos? Gracias.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:
Gracias señora Carballas.

Aínda que sexa por alusións ten a palabra o señor Jorge Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, señor alcalde.

Primeiro saudar ós veciños do barrio da Croa e tamén informarlles de que non é só firmar unha escritura notarial onde as propiedades pasan a ser propiedade do Concello, senón tamén fai falta un informe preceptivo de Servizos Sociais, fai falta un informe preceptivo da Asesoría Xurídica e tamén de Intervención como o que se fixo no 2006. Estamos en condicións de dicir que antes de finais de ano empezaremos as reunións cos veciños para facer dito informe e así dar pé a que o expediente estea correctamente feito, para que nun mesmo mes, se poida tanto firmar a escritura como a cesión de...ben traballar na que os veciños teñan as súas escrituras. Estamos niso, pero non é tan sinxelo como coller ir ao notario firmar, hai unha serie de informes que hai que cumprir, como o que hai aquí do 2006 con todos os veciños.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 279/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA APERTURA DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA E O ESTADO DE CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.- Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

A Escola Municipal de Música leva máis dun ano sen actividade. O regulamento esixe un equipo directivo; a modificación da RPT para recoñecer funcións docentes está en tramitación e seguen pendentes vacantes e especialidade, con máis de 300 familias afectadas.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte pregunta a Pleno:

En que situación exacta se atopa hoxe a apertura da Escola Municipal de Música, a data concreta de inicio da actividade docente, e o estado de constitución do equipo directivo esixido polo regulamento?

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moí ben, pois dous minutos para o voceiros do Grupo Municipal do Partido Popular.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Moitas grazas, señor alcalde. O outro día lía con grande pracer que no programa do próximo San Froilán o día 12, Domingo das Mozas, ás 12 e media lía “Concerto da banda de música”, pero oh, iluso de min, que efectivamente non era a banda de música de Lugo, era a banda de música da Estrada. E digo isto porque xa enlace co seguinte, non temos Banda de Música e tampouco temos Escola de Música. Levamos concretamente un ano sen ela. De feito, o mesmo visitei, fai un ano esa Escola de Música e aparecía alí un cartel que dicía anunciaba que abriría no mes de outubro, e non mentiron tampouco porque poñía no mes de outubro o que non poñía, era o ano concretamente. O caso é que no regulamento publicado no BOP existe un regulamento moi claro que esixe un equipo directivo, que ten que estar formado por director, vicedirector, secretario e xefe de estudos, loxicamente iso a día de hoxe poi segue sen ser así. O Goberno xa no ano 2020 comprometeuse a reclasificar o persoal na RPT, iso tampouco ocorreu, estaban traballando nilo, como case sempre, e votan en contra despois das nosas mocións. E ademais no Pleno do día 28 do 9 do 2023 anunciaron unha modificación destes postos, tampouco aconteceu. A día de hoxe todos sabemos que non hai unha modificación da RPT aprobada, non hai unha memoria económica coñecida, nin hai datas supostas para a apertura desta Escola de Música. A realidade é que o balance é este: Non temos data, non temos RPT. E de aquí vén a pregunta que se formula: En que situación exacta se atopa hoxe a apertura da Escola Municipal de Música?; A data concreta de inicio da actividade docente?; O estado de constitución do equipo directivo esixido polo regulamento?. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, e contesta a señora Maite Ferreiro. Cando queira.

DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Gracias alcalde. Ben, alégrome que o Partido Popular, que abandonou a Comisión de Festas, polo menos se atrevera a mirar o programa de festas, agardo que lles guste.

A ver, en canto ao tema da Banda, si que temos Banda. Están ensaiando e, efectivamente, eu non lle vou dicir aquí nada, pero igual algún día vai ter que comerse e tragarse o que acaba de dicir, pero, ben, en fin.

En canto á Escola Municipal de Música, saben que é unha cuestión, saben que..., non sei se alguén falou, dixo algo?...en canto á Escola de Música, xa saben que é unha cuestión laboral que se leva moito tempo para traballar, é un conflito laboral e que eu estou segura que desde a área de Persoal que estea trazada unha folla de ruta para arranxar este problema. Creo que nas próximas semanas vai a dar algún avance. Unha vez que teñamos iso solventado, iniciaremos desde a área de Cultura o procedemento para elixir ese equipo directivo, imprescindible para o funcionamento da Escola de Música.

Auséntase o Excmo. Sr. alcalde e pasa a presidir a sesión o Primeiro tenente de alcalde.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 280/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COS TRÁMITES DESTINADOS A QUE LUGO ACADÉ A DECLARACIÓN DE SEDE DA AXENCIA ESTATAL DE SAÚDE PÚBLICA.- Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

A Axencia Estatal de Saúde Pública é un ente estratéxico para a coordinación e vixilancia sanitaria a nivel estatal. O Pleno do Concello do pasado mes de xullo acadou por unanimidade o apoio á candidatura de Lugo como sede desta axencia. Diferentes organizacións sociais e empresariais manifestaron o seu apoio a esta iniciativa do Partido Popular de Lugo.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte pregunta no Pleno municipal:

Que trámites levou a cabo o goberno municipal destinados a que Lugo acade a declaración de Sede da Axencia Estatal de Saúde Pública?

DELIBERACIÓN

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Ben, pois dous minutos.

DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO: ¡Buenos días!.

En el Pleno del pasado mes de julio se consiguió por unanimidad el apoyo de la candidatura de Lugo como sede de la Agencia Estatal de Salud Pública. Diferentes organizaciones sociales y empresariales manifestaron su apoyo a esta iniciativa del Grupo Municipal del Partido Popular. Si esta agencia se instala en Lugo, se elevará de forma notable el nivel científico e investigador de la ciudad, sumándose a la que ya se lleva a cabo en el Campus Terra, dependiente de la Universidade de Santiago

de Compostela, al igual que la de otras empresas tecnológicas e investigadoras ubicadas en nuestra ciudad y en nuestra provincia.

Debido a las funciones de la Agencia Estatal de Salud Pública, se prestarán servicios a microempresas, pequeñas empresas y medianas empresas, a las que se les aplicará una reducción de las tasas aplicables según el Reglamento número 528/2012 del Parlamento Europeo y del Consejo Europeo de 22 de maio de 2012. También se crearán otras microempresas, pequeñas y medianas empresas en Lugo para abastecer a las ya mencionadas. Es decir, una importante creación de puestos de trabajo indirectos. Se podrán desarrollar congresos, simposios, jornadas científicas, dándose un impulso gigante a los hoteles, cafeterías, restaurantes, floristerías, tiendas de decoración, que girarían en torno a la actividad congresual que acogería Lugo. Por ello, desde el Grupo Municipal del Partido Popular les preguntamos: ¿Qué trámites llevó a cabo el Gobierno municipal destinados a que Lugo consiga la declaración de sede de la Agencia Estatal de Salud Pública.?

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas.

Responde agora a concelleira López Racamonde.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Moitas grazas.

Bueno, como ben sabe o Pleno deste Concello, no mes de xullo, mediante a Lei 7/2025, aprobouse a creación da Axencia Estatal de Saúde pública; o que non se aprobou foi...entendemos que será por decreto, as características de concorrencia á sede de dita axencia, de maneira que o que fixemos dende o Goberno de Lugo, [como se descoñece cando se iniciará o proceso e as características para o mesmo] o alcalde da cidade solicitou unha reunión coa ministra de Sanidade a fin de solicitar información sobre este procedemento, a fin tamén de facer pública, non só na nosa cidade, senón facer público a nivel estatal, a nivel da nación, de que Lugo ten un interese primordial en ser a sede desta axencia, e que é un interese respaldado no só polo Goberno de Lugo, senón por diferentes ámbitos empresariais, económicos e científicos e tamén políticos. Entón unha das vantaxes, que se lle trasladou á ministra para que a coñecese é a traxectoria no ámbito investigador, sanitario da nosa cidade cas diferentes entidades que desenvolven este labor, o Laboratorio central de Saúde pública, a Facultade de Veterinaria, e máis investigacións que teñen lugar en materia de seguridade alimentaria e investigacións en desenvolvemento. Por iso queremos dar a coñecer a este Pleno en resposta da súa pregunta, e tamén aos veciños e veciñas, que estamos agardando que o ilustrísimo alcalde do Concello de Lugo se reúna coa ministra en resposta á súa solicitude para dar consabida información tanto da nosa dispoñibilidade como das características que se esixirán para poder seguir traballando neste eido. Moitísimas grazas!

Incorpórase á sesión o Excmo. Sr. Alcalde.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora Racamonde. Pasamos á seguinte pregunta.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 281/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA SITUACIÓN DA INICIATIVA DA CONVOCATORIA DUN CONCURSO DE IDEAS PARA "AVANZAR NA REXENERACIÓN" DO BARRIO DO CARME.- Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

Durante a celebración do derradeiro Pleno do pasado ano 2024, a entón alcaldesa de Lugo, dona Paula Alvarellos, fixo un anuncio dunha próxima convocatoria dun concurso de ideas para *"avanzar na rexeneración"* do barrio do Carme, coa intención de que *"de aquí ao fin do mandato, en 2027, se acade a rexeneración completa"*, dando crédito a esta fórmula do concurso de ideas como *"unha oportunidade fantástica para promover a participación en torno a un proxecto que leva por obxectivo recuperar un dos puntos máis emblemáticos e senlleiros da capital"*.

Non tendo novas dende entón, e sendo un asunto de moi importante interese para os propietarios, veciños e lucenses vinculados con esta contorna, o Grupo Municipal do Partido Popular formula, perante a corporación municipal, en reunión ordinaria de Pleno municipal, a seguinte PREGUNTA:

Cal é a situación actual desta iniciativa? Segue a estar na axenda de traballo do goberno municipal? Tense previsto algún prazo de promoción e resolución desta?

DELIBERACIÓN

DON RAMÓN CABARCOS RODRÍGUEZ: Ben, vou tratar de ler para non dicir exactamente nada que non se tivera dito. No Pleno municipal de setembro de 2023, hai hoxe dous anos, o Goberno municipal dixo nesta sala que "O Goberno iniciará a modificación parcial do PXOM respecto a bolsa do barrio do Carme unha vez que que entre en vigor o 5% do PXOM neste Concello". Esta entrada en vigor produciuse o 11 de novembro de 2023, e nada se soubo daquela promesa. Pero é que despois, un ano despois no Pleno municipal de novembro de 2024, hai case un ano, dixo "O Goberno convocará proximamente un concurso de ideas para avanzar na rexeneración do barrio do Carme, coa intención de que de aquí ao final de mandato en 2027 se acade a rexeneración completa". Os veciños do barrio do Carme non saben qué se sortea neste concurso, non saben, a eles gustaríalle que lles tocasse a posibilidade de poder rehabilitar as súas vivendas, porque por se non o saben, e posiblemente non o saiban, non poden nin sequera cambiar una ventá da súa casa, non poden modificar a entrada á súa casa, non poden facer ningunha intervención, non poden ter ningunha intervención. Entón, loxicamente, eu teño que

dicirlles hoxe novamente aos asociados da Asociación que eu aínda teño a honra de presidir, qué van poder facer e cando o van poder facer. Non quero deixar de dicir hoxe que xa neste Pleno demos unha solución que se trataba de segregar a zona con edificación consolidada do resto do Plan Especial e poder facer unha ordenanza que lles permitise rehabilitar as súas vivendas, e esa sería a mellor sorte que terían do que lles puidese tocar neste concurso que dixeron ían convocar e non se sabe nada del. Entón qué ocorre co barrio do Carme en realidade, non co concurso, qué ocorre co barrio do Carme.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas, ten a palabra o señor Bustos.

DON JAIME BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, señor alcalde.

En relación aos problemas que poden ter os veciños e veciñas e en función de qué se teñen problemas con licenzas para poder cambiar as carpinterías, como acabo de escoitar e máis, non hai ningún problema en que os atenderemos en Urbanismo e buscaremos a solución máis axeitada. E, de momento, en canto a ese concurso de ideas, si que estamos a traballar nel, pero non teño ningún prazo aínda para a promoción e a resolución da mesma, Non podo dicirlle que vai ser tal día, porque de momento non existe ese prazo. Entón cando cheguemos a poder sacalo, xa lle informarei correspondentemente.

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas, as preguntas. Traemos agora para rematar dúas declaracións institucionais.

DONA ANA MARÍA RIVAS GARCÍA: Quedan dúas declaracións institucionais. A primeira delas é a declaración institucional contra a trata, ano 2025, e a segunda delas refírese ás condolencias que expresa esta Corporación en relación ao falecemento de don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

D) DECLARACIÓN INSTITUCIONAIS

- **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CONTRA A TRATA 2025.**- Dende o Concello de Lugo, sumámonos, un ano máis, á conmemoración do Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres, Nenas e Nenos e queremos manifestar o noso máis firme compromiso contra unha das vulneracións máis graves dos dereitos humanos e a dignidade das persoas. A trata de persoas é unha realidade actual inaceptable, que atenta contra a liberdade, a seguridade e a igualdade das persoas, e que maiormente sofren as mulleres. É unha forma máis de violencia contra as mulleres que está a ocorrer na nosa sociedade e que non podemos obviar.

Durante o ano 2024 contabilizáronse en España 632 vítimas de trata, das cales, 376 foron sometidas a explotación sexual. Entre elas atopábanse 15 nenas, 1 neno e o 98% eran mulleres.

Ademais, situacións de extrema gravidade que podan xurdir a nivel nacional ou internacional, como os conflitos armados e políticos de Ucraína e Palestina, o apartheid de xénero en Afganistán, as crises económicas ou catástrofes climáticas, que producen vagas migratorias, poñen de manifesto a necesidade de contar con ferramentas que axuden ás administracións públicas a ter unha resposta rápida, eficaz e coordinada para protexer ás persoas especialmente vulnerables e que poderían chegar a caer nas redes de trata de seres humanos e da explotación sexual.

O compromiso político é esencial para conseguir unha sociedade máis xusta, segura e igualitaria, impulsando políticas públicas que promovan a igualdade e o cumprimento dos dereitos humanos, xerando espazos seguros para todas as persoas. Dende as entidades locais debemos promocionar a igualdade, concienciar sobre as diferentes formas de violencia que existen e fomentar a prevención desta escravitude moderna que utiliza ás persoas máis vulnerables como simple mercancía, violando de forma flagrante os dereitos humanos.

A normativa internacional obriga aos poderes públicos a combater estes actos delictivos dende un enfoque integral e multidisciplinar mediante actuacións preventivas, sancionadoras, asistenciais e reparadoras que garantan a atención, asistencia, protección e recuperación das vítimas dende unha perspectiva que involucre á sociedade no seu conxunto.

Os poderes públicos deben actuar con determinación e firmeza, xa que ningunha forma de explotación pode ter cabida nunha sociedade libre e democrática. O compromiso coa dignidade humana esixe dismantelar os factores que perpetúan a mercantilización do corpo, especialmente de mulleres, nenas e nenos.

A trata non é un fenómeno illado: aliméntase da demanda, a pobreza, a falta de oportunidades e de situacións de especial vulnerabilidade social como a que sofren mulleres migrantes, racializadas, con discapacidade, LGTBI ou en risco de exclusión.

Desde o Concello de Lugo, reafirmamos o noso compromiso co impulso de políticas públicas efectivas, cunha perspectiva integral de dereitos humanos, centrada nas vítimas e que priorice a erradicación destas formas de violencia.

Consideramos necesario promover marcos normativos que dificulten que locais, plataformas dixitais ou actividades económicas poidan facilitar ou beneficiarse de situacións de explotación sexual, reforzando a vixilancia e o cumprimento da legalidade. **Por todo iso, instamos a:**

- Traballar con visión de futuro e promover unha educación baseada en valores de igualdade, dignidade e respecto, impulsando programas nos centros escolares que fomenten a concienciación temperá fronte a calquera forma de explotación, e que contribúan á transformación social necesaria para erradicar a trata. A educación é esencial para concienciar á cidadanía.
- Fomentar unha conciencia crítica que rexeite o consumo de prostitución e combata as mensaxes que normalizan ou minimizan esta realidade.
- Consolidar redes locais de apoio que garantan o acceso a recursos habitacionais, sanitarios, xurídicos e laborais, fomentando espazos de formación e de emprego digno.
- Favorecer a participación activa de mulleres que superasen situacións de trata no deseño e avaliación de políticas públicas.
- Reforzar a cooperación internacional e o traballo en rede con municipios e entidades de países de orixe, orientando os esforzos á prevención da trata de raíz, ao intercambio de boas prácticas e ao desenvolvemento de proxectos que aborden as causas profundas da situación de vulnerabilidade e risco.

- **PÉSAME POLO FALECEMENTO DE DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA.**- A Excelentísima Corporación Municipal do Concello de Lugo quere facer patente o seu profundo pesar polo pasamento do seu Concelleiro **DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA** e quere transmitirle, á súa familia e aos seus seres queridos máis achegados, o seu sentimento de dor neste momento tan difícil.

Todos os concelleiros que forman esta Corporación manifestan o seu enorme agradecemento ao labor que desenvolveu o compañeiro Pablo Permuy como representante do pobo lucense, que, por riba de calquera diferenza ideolóxica, foi un home de ben, un gran político e, sobre todo, unha excelente persoa.

Hoxe os lucenses sufrimos unha gran perda.

PABLO: SEMPRE ESTARÁS NO NOSO RECORDO.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a o Excmo. Sr. alcalde dá por rematada a sesión, ás catorce horas e vinte e un minutos do expresado día vinte e nove de setembro de dous mil vinte e cinco, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez

aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ao Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno, dou fe.